




# Estratégia dos transportes do Eixo Atlântico Vertebrando a Euro-Região Galiza-Norte de Portugal

Coordenador: Luís Dominguez Castro







Biblioteca dos Estudos Estratégicos

---

# **ESTRATÉXIA DOS TRANSPORTES DO EIXO ATLÁNTICO VERTEBRANDO A EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**



---

2010

Colección / Colecção: **Biblioteca dos Estudos Estratégicos**

Editor

*Xoán F. Vázquez Mao*

Director do Servizo de Estudos e Publicacións / Director do Serviço de Estudos e Publicações

*Enrique José Varela Álvarez*

Comunicación e Publicacións / Comunicação e Publicações

*Chus Torres*

---

## COORDINADOR

Luis Domínguez Castro

(Membro do Equipo redactor e do Servizo de Estudos do Eixo Atlántico)

## AUTORES

Luis Domínguez Castro

Martín Fernández Prado

Pedro Silva

Xulio Pardellas

Cláudia Simões

Carmen Padín

Pedro Figueroa Dorrego

Jorge González Gurriarán

João Marrana

Paulo Pires

Joaquim Borges Gouveia

Américo Pires da Costa

Joaquim Macedo

Miguel Rodríguez Bugarín

Fernando González Laxe

Abel Losada

Javier de Francisco

## EDICIÓN / EDIÇÃO

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

© 2010 Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular © Os autores

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Lugar de edición: Vigo

ISBN: 978-84-692-9983-8

Depósito legal: C 809-2010



## COMISIÓN EXECUTIVA / COMMISSÃO

ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Presidente / Alcalde de Vigo

RUI RIO

Vocal / Pdte. da Câmara Municipal de Porto

JOSÉ MARÍA CUNHA COSTA

Vocal / Pdte. da Câmara Municipal de Viana do Castelo

LUIS FILIPE MENEZES

Vocal / Pdte. da Câmara Municipal de Vila Nova de Gaia

XOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO

Vocal / Alcalde de Santiago de Compostela

SEVERINO RODRÍGUEZ DÍAZ

Vocal / Alcalde de Monforte de Lemos

XOSÉ CRESPO IGLESIAS

Vocal / Alcalde de Lalín

FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

Vocal / Alcalde de Ourense

BERALDINO JOSÉ VILARINHO PINTO

Vocal / Pdte. da Câmara Municipal de Macedo de Cavaleiros

MIGUEL COSTA GOMES

Vocal / Pdte. da Câmara Municipal de Barcelos

JOSÉ LÓPEZ OROZCO

VicePdte. da Mesa da Assembleia Xeral / Alcalde de Lugo

ANTONIO JORGE NUNES

Pdte. da Mesa da Assembleia Xeral / Pdte. da Câmara Municipal de Bragança

## SERVIZOS TÉCNICOS / SERVIÇOS TÉCNICOS

XOÁN VÁZQUEZ MAO

Secretario Xeral / Secretario Geral

AMAYA GARCÍA

Coordinadora – Galicia (España)

CLAUDIA ANTUNES

Coordinadora – Região Norte (Portugal)

---

Rúa Bolívia, 4

36203 VIGO

Tel. 0034 986 480 616

Fax. 0034 986 482 022

---

Av. Inferior á Ponte D. Luís 1, 55

5050 – 074 PORTO

Tel. 00351 222 019 937/8

Fax. 00351 222 019 939

---

ESTRATÉGIA DOS TRANSPORTES DO EIXO ATLÂNTICO  
VERTEBRANDO A EURO-REGIÃO GALIZA-NORTE DE PORTUGAL



<b>Unha estratexia para vertebrar unha eurorexión</b>	
<i>Luis Domínguez Castro</i> .....	7
<b>Território e mobilidade na Galiza e na Região do Norte</b>	
<i>Martín Fernández Prado e Pedro Silva</i> .....	19
<b>Territorio e mobilidade: espazos turísticos</b>	
<i>Xulio Pardellas, Cláudia Simões e Carmen Padín</i> .....	53
<b>A cadea empresarial de loxística e transporte de mercadorías e as plataformas loxísticas na eurorexión Galicia-Norte de Portugal</b>	
<i>Pedro Figueroa Dorrego, Jorge González Gurriarán e Miguel González Loureiro</i> .....	83
<b>Energía e estratexia de transportes</b>	
<i>Joaquim Borges Gouveia</i> .....	131
<b>Sistema de transportes e estradas</b>	
<i>Américo Pires da Costa e Joaquim Macedo</i> .....	151
<b>Sistema de transportes y ferrocarril</b>	
<i>Miguel Rodríguez Bugarín</i> .....	189
<b>Acciones estratégicas sobre el transporte marítimo y las infraestructuras portuarias en el marco del Eixo Atlántico</b>	
<i>Fernando González Laxe</i> .....	209
<b>O sistema aeroportuario da eurorexión Galicia-Norte de Portugal</b>	
<i>Abel Losada e Javier de Francisco</i> .....	241
<b>Os transportes urbanos na estratexia de transportes</b>	
<i>João Marrana e Paulo Pires</i> .....	263







# UNHA ESTRATEXIA PARA VERTEBRAR UNHA EURORREXIÓN

UNHA ESTRATEXIA PARA VERTEBRAR UNHA EURORREXIÓN

*Luis Domínguez Castro*

Universidade de Vigo

Coordinador

O transporte é unha das tres políticas comúns, xunto coa comercial e a agrícola, que aparecen no Tratado de Roma (art. 74 a 84 do TCEE) pero houbo que agardar ata finais da década dos oitenta do século pasado, previa sentenza por inacción do Tribunal de Luxemburgo (1985), para que esta irmá pobre das políticas comúns comezara a despegar. Xusto é recoñecer que desde entón tense percorrido moito camiño. No ano 2001, o Libro Blanco do Transporte, elaborado pola Comisión Europea, situaba en 30 anos o prazo para acadar en Europa un sistema de transportes sostible baseado en tres principios básicos: intermodalidade, reequilibrio ente os distintos modos de transporte e contribución á redución da contaminación e do impacto ambiental. Así mesmo, recollía 60 medidas de ámbito comunitario para comezar a andar e facía un chamamento aos Estados para que, en aplicación do principio de subsidiariedade, se aplicaran na parte que lles tocaba para poder conseguir os obxectivos propostos. A revisión intermedia, realizada en 2006, fixo fincapé nos seguintes extremos: incrementar a competitividade do ferrocarril, introducir unha política portuaria, desenvolver sistemas de transporte que empreguen tecnoloxías avanzadas, cobrar polo uso das infraestruturas, producir máis biocombustibles e estudar como desconxestionar as cidades.

Seguindo as recomendacións e as orientacións deste Libro Blanco o Eixo Atlántico ven elaborando, nos últimos anos, destacados traballos que abordaban o punto de situación das infraestruturas de transporte da Eurorrexión nas súas diversas variantes: ferroviaria, estradas, portos e aeroportos. Estes estudos tiveron sempre un horizonte de intermodalidade, ofrecendo alternativas ao futuro das redes de transporte. O novo reto intelectual que se quere plantear agora é desprazar un tanto o foco de atención desde as infraestruturas de soporte, que seguen sendo fundamentais, cara as persoas e as mercadorías transportadas. Isto significa unha aproximación na que primen os conceptos de **mobilidade, conectividade**

**e sostibilidade.** É dicir, queremos un estudo que anticipe fluxos mediante unha planificación integral do territorio; que teña presentes as externalidades; que plantee alternativas de conectividade, especialmente nas áreas urbanas e periurbanas e nas zonas de baixa densidade do interior mediante diferentes sistemas de transporte combinados coa vista posto en acadar unha cadea de transporte que sexa globalmente máis eficaz, económica e sostible; que introduza a variable da eficiencia enerxética e a loita por ralentizar o cambio climático; que aposte pola accesibilidade e a mobilidade para toda a cidadanía pensando, moi especialmente, nas persoas con algunha discapacidade; nunha palabra, que mellore a calidade de vida dos cidadáns da Eurorrexión.

A rede de cidades que conforman o Eixo Atlántico está chamada a xogar un papel central na estratexia de transportes. En efecto, os núcleos urbanos determinan os fluxos de transporte, tanto de persoas como de mercadorías e, por outra banda, non poucas das medidas que cómpre implementar na mobilidade urbana son competencia total ou parcialmente municipal. Pero, ademais, o Eixo e unha rede de cidades transfronteirizas. Esa é a súa singularidade e as súas propostas teñen sempre unha dimensión eurorrexional que as coloca no horizonte da cohesión territorial e da creación de eurocidadanía. Esta vai ser, pois, unha estratexia vertebradora desde as cidades para o conxunto da eurorrexión que nos permita unha inserción competitiva en Europa e no mundo.

Guiados deste espírito, as análises que fagamos terán referentes externos porque a preocupación que nos anima e unha preocupación compartida. Diríamos máis, é nestes momentos un dos ámbitos de reflexión privilexiados dos foros comunitarios e internacionais, pero isto non quere dicir que as nosas respostas teñan que ser miméticas. Todo o contrario, teñen que ser respostas propias para ser eficaces. En xuño de 2009, a Comisión aprobou a comunicación “Un futuro sostible para o transporte: cara un sistema integrado, guiado pola tecnoloxía e fácil de usar” pensado para abrir o debate do transporte na UE da próxima década. Neste documento colócanse como obxectivos lograr un transporte seguro, cómodo, integrado, sostible, eficaz, asequible para os petos dos cidadáns, tecnoloxicamente avanzado e cunha calidade contrastada tanto para o usuario como para os traballadores que o serven. Para acadar estes obxectivos suxírense medidas que pasan polo fomento da intermodalidade, por sistemas tarifarios que supoñan incentivos para os distintos perfís de usuarios, por mellorar a accesibilidade grazas a unha planificación baseada no territorio e na toma de decisións locais, polo fomento dunha nova gobernanza que estimule a participación de todos os axentes implicados con vistas a diminuír as posibilidades de conflito e mellorar a eficiencia. O recurso ás análises comparadas, fecundo sempre, ten,



no noso caso, outra virtude. Hai moi poucos datos publicados, na nosa Eurorexión, que permitan caracterizar a mobilidade de persoas e de mercadorías en calquera que sexa o medio de transporte. Este é un desafío para o futuro pero non nos pode impedir facer camiño.

## TERRITORIO E MOBILIDADE DE PERSOAS E MERCADORÍAS

O sistema de transportes ten que concibirse ao servizo dos cidadáns e do desenvolvemento sostible da Eurorrexión. A planificación do territorio ten que preceder á planificación das infraestruturas e das redes de transporte integrada. Mellor dito, infraestruturas e redes son unha parte esencial da planificación territorial. Na axenda estratéxica do Eixo Atlántico apostábase por establecer unhas directrices de ordenación do territorio eurorrexional coa redacción dunhas normas técnicas de planificación comúns. Este segue sendo un obxectivo nuclear e imprescindible, especialmente na zona de fronteira, e temos algúns exemplos claros que demandan unha certa urxencia como a Eurocidade Chaves-Verín, os espazos naturais protexidos e as discontinuidades de catalogación de usos de solo, de infraestruturas e liñas regulares existentes na fronteira por motivos político-administrativos.

Calquera planificación ten que partir dun axioma: superar as políticas de mobilidade centradas no uso abafante do vehículo privado porque son incompatibles co desenvolvemento sostible. Galicia e a Região Norte son espazos policéntricos, sen cidades reitoras hexemónicas, reproducen, a pequena escala e dimensión, o modelo europeo de cidades medias. É este un valor cultural e ecolóxico que cómpre preservar a través da conectividade entre os principais centros de actividade económica e das cidades entre si.

A Eurorrexión ten dúas características singulares no eido da ocupación do territorio: a cidade difusa e a importancia do espazo rural. No primeiro caso, non se debe planificar levando conexións aos núcleos de poboación se non concentrar á poboación en torno aos grandes eixos de comunicación concentrando alí as maiores densidades de edificación e evitando a urbanización difusa ao tempo que cómpre impedir que novos equipamentos colapsen viais xa moi saturados. Quizais chegou a hora de crear unha nova mobilidade baseada na comodidade que mesmo permita estruturar as zonas máis dinámicas do territorio mediante novos nodos de centralidade que se organizarían en torno as estacións intermodais que, ao igual que nas áreas metropolitanas, deben contar con aparcamentos disuasorios que permitan integrar transporte privado e público ao tempo que diminuír a presenza de tráfico nos núcleos urbanos. Tamén se

fai necesario un esforzo por mellorar a cualificación dos espazos públicos nesas centralidades emerxentes.

Polo que respecta ao espazo rural ocorre que este leva ademais aparelado un forte envellecemento da poboación que non pode usar o vehículo propio e ten serias limitacións para a súa mobilidade, unido a forte proceso de desruralización ao que non é alleo a falta de servizos de transporte públicos; cómpre reestruturar as liñas existentes, crear servizos de pouca capacidade, optimizar outros servizos públicos (correos, escolar, sociais, asistenciais, municipais...) e mesmo empregar taxis colectivos ou transporte público a pedido grazas ao emprego de tecnoloxías da comunicación e sistemas intelixentes de transporte.

Esta perspectiva eurorrexional non se debe circunscribir só á planificación estratéxica, tamén debe abranguer á gobernanza do sistema. Nestes momentos hai unha insuficiente cooperación entre todos os xestores das diferentes infraestruturas de transporte en cada rexión e na eurorrexión. Unha das ideas forza que aportamos é a da autoridade de xestión integral do sistema. A figura do consorcio de transportes parece axeitada tanto a nivel metropolitano, como provincial e, sendo moi ambiciosos, mesmo eurorrexional. Esa sería unha fórmula posible para establecer un sistema de transporte integrado desde tres puntos de vista: administrativo, tarifario e modal. Deixando claro que estas autoridades serían responsables da funcionalidade e do deseño da oferta de transporte público e estarían claramente diferenciadas das empresas operadoras encargadas de producir ofertas ao menor custo posible. Terían que contar cun importante grao de independencia, sen escapar do control público, para garantir unha xestión empresarial eficiente que evitase o gran perigo da burocratización. Por outra parte, o recoñecemento político e legal do transporte público transfronteirizo asoma nas contribucións do Stakeholder Consultation Report, publicado pola Comisión Europea en decembro de 2008 (páx. 19). En marzo de 2009 deuse a coñecer o SMOT, Esquema Estratéxico de Mobilidade Transfronteiriza entre o Estado de Luxemburgo e a rexión francesa de Lorena. É verdade que os fluxos de traballadores transfronteirizos (70.000 agora e 135.000 previstos para 2030) supera con moito os nosos pero isto non significa que non poidamos aprender deste exemplo de coordinación de políticas de xestión de infraestruturas e de sistemas de transporte entre autoridades de países diferentes.

Ao igual que os fluxos de traballadores transfronteirizos teñen que ser abordados os fluxos derivados do turismo. Tanto para evitar problemas de concorrencia de tráfico que incide nunha importante saturación nas tempadas altas, especialmente no litoral (Porto, Rías Baixas e Arco Ártabro), mediante alternativas



que non pasen só por máis infraestruturas se non por un uso modal co emprego de transportes colectivos por estrada e ferrocarril e mesmo marítimo; como para fomentar unha redistribución de fluxos turísticos tamén cara o interior como factor de reequilibrio territorial do desenvolvemento económico: Serras orientais e Ribeira Sacra, Eurocidade, parques naturais fronteirizos e Val do Douro.

Finalmente, non se trata de analizar só a mobilidade das persoas senon tamén das mercadorías e, xa que logo, precisamos unha proposta sólida de plataformas loxísticas e parques empresariais que respondan a este modelo de desenvolvemento sostible e territorialmente equilibrado e este é un traballo inescusable dos poderes públicos, como tamén o é proporcionar un marco normativo e regulador o máis eficiente e desburocratizado posible. A loxística empresarial é un factor de competitividade esencial na economía global. O sector privado ten, neste campo, un papel central. A diagnose actual preséntanos unha importante atomización empresarial, unha escasa cualificación profesional do persoal e, especialmente, das cúpulas directivas. Unha insuficiente visión de loxística integrada e unha escasa orientación á subcontratación de actividades loxísticas. No lado positivo hai favorables repercusións dos plans de desenvolvemento de novos parques empresariais e plataformas loxísticas e unha aposta pública por políticas de I+D+i susceptibles de ser utilizadas na cadea loxística e de transporte de mercadorías.

Con estes elementos de partida resulta necesario fomentar unha cultura empresarial de cooperación que culmine na constitución dun clúster de loxística e transporte eurorrexional de carácter horizontal. Incrementar a profesionalidade dos niveis de dirección e xestión das empresas da cadea, especialmente das de menor dimensión. Participar en programas de formación continua e ter unha óptima colaboración cos centros tecnológicos e universitarios que permita aproveitar moito máis as posibilidades abertas polos programas marco de investigación comunitarios, moi sensibles a esta problemática.

## INFRAESTRUTURAS E SISTEMA DE TRANSPORTES INTEGRADO

As bases de calquera estratexia deben asentar nunha acertada diagnose. Un sistema de transportes vertebrador e sostible ten que pousar nunha sólida rede de infraestruturas pero debe ir máis alá dun mero inventario de existencias. Interésanos valorar o balance de externalidades de cada opción; formular propostas concretas de conectividade que fagan real a comodidade desexada ao tempo que eviten colos de botella; procurar sistemas de servizos regulares viables, especialmente no rural; propor instrumentos para crear e xestionar servizos de trans-

porte eurorrexional; apuntar modelos de mobilidade nas áreas metropolitanas; abundar nas potencialidades de sistemas de tarificación compartidos.

As estradas son e deben seguir sendo a infraestrutura central dun sistema de transportes para o século XXI. Non hai dúbidas ao respecto pola súa flexibilidade e accesibilidade. Tanto Galicia como a Região Norte teñen documentos estratéxicos sólidos: Plan Director de Estradas de Galicia 2008-2020 (PDEG) e Plano Rodoviário Nacional (PRN2000); contan cun índice de cobertura espacial e poboacional de autoestradas e autovías que as colocan a cabeza das rexións comunitarias. Isto non quere dicir que non existan aínda carencias, nomeadamente a conclusión dos IC26 (Amarante-Régua) e os IC5 (Vila Pouca de Aguiar-Miranda do Douro), pero os retos non están aí. Están na accesibilidade. O PDEG, e máis recentemente o Plan MOVE, aspira a que toda a cidadanía galega poida estar a 30 minutos dunha vía de alta capacidade. O PRN2000 deixa só a un 2% da poboación fora dese obxectivo. Pero temos moito que facer aínda da accesibilidade de persoas e mercadorías ao “último quilómetro” dos núcleos urbanos para o que se precisan circunvalacións eficientes e redeseño de fluxos de tráfico urbano. Están na seguridade vial que reduza moi significativamente a siniestralidade. Unha lacra, a maior das externalidades negativas, que cómpre conter con melloras nos trazados e con políticas de prevención e de sanción. Como orientacións de futuro, no campo das estradas, sería moi conveniente incluír os conceptos de vulnerabilidade e redundancia para evitar disfuncións nos corredores de mobilidade e mellorar a súa eficiencia. En segundo lugar, cómpre crear unha rede de estradas funcionalmente xerarquizadas nos niveles nacionais, rexionais e locais.

Tal é como se indica no Libro Branco de Transporte, o ferrocarril ten unha oportunidade de revitalización e incorporación a un sistema integral de transporte. Na nosa Eurorrexión a situación é preocupante: a rede ferroviaria actual une os principais núcleos de poboación en Galicia pero non en Portugal onde hai cidades do interior sen conexión (Bragança e Chaves), ademais hai un forte desequilibrio litoral-interior que se pode agravar coa perda de accesibilidade que supón a alta velocidade. Para o caso galego o 80% dos pasaxeiros viaxa sobre a Dorsal Atlántica. A intermodalidade do ferrocarril con outros medios de transporte é moi escasa. Hai conexión cos portos pero non cos aeroportos (agás Porto en 2015), non hai apenas relación entre ferrocarril e empresas de transporte de pasaxeiros ou mercadorías por estrada, non hai estacións intermodais en ningunha cidade importante. Non hai servizos de cercanías (agás Ferrol). Cómpre facer especial fincapé na relevancia estratéxica do impulso da intermodalidade portos-ferrocarril na eurorrexión; neste campo queda moito camiño por andar,



aínda que se estean a dar pasos na boa dirección e, por fin, os portos exteriores de Ferrol e A Coruña contan con partidas orzamentarias para por en marcha os estudos de conexión co ferrocarril.

A alta velocidade supón un reto de futuro que vai tirar da dinamización económica e mesmo vai contribuir a racionalizar, quizais, a ocupación do espazo coa aparición de “puntos fortes” coincidentes coas súas paradas. Non obstante, pode agravar o desequilibrio territorial e mesmo marginalizar áreas do corredor litoral que perdan accesibilidade. Cómpre apostar por dúas respostas posibles: o uso especializado (cercanías e mercadorías) que se faga das infraestruturas existentes agora resulta crucial, pero sen recorrer a subvencións públicas que agochan o problema pero non o solucionan; a comadallidade entre alta velocidade e transporte público de pasaxeiros por estrada resulta clave para superar os efectos negativos da perda de accesibilidade.

Para os territorios de baixa densidade do interior a alta velocidade non vai solucionar gran cousa. Teñen liñas ferroviarias de débil tráfico incapaces de xustificar grandes e gravosos investimentos en infraestruturas. É preciso optimizar o existente mediante un modelo de integración autobús-ferrocarril (coordinando servizos e horarios, sistema tarifario único, mellora do sistema de paradas e de información ao público).

Como retos de futuro poden apuntarse os seguintes: crear un sistema de cercanías en Galicia, con modelo diferente ao de Porto, pero con dúas características comúns: alta frecuencia e tarifas baixas e escalonadas. Aproveitar os trazados existentes con finalidade turística nun contexto ben programado de desenvolvemento endógeno e finalmente, pero non po riso menos importante, planificar coidadosamente os cambios de ancho de vía que supón a alta velocidade para que non comprometan o acceso ferroviario común aos centros xeradores de tráfico de mercadorías.

Nunha estratexia de transportes sostible os portos deben ter como obxectivo e como meta transformar as cidades en espazos capaces de posicionar aos territorios na globalización. Estamos asistindo a intensos procesos de concentración e centralización. E hai moi poucos exemplos de cambios repentinos de posición dos portos porque existen estratexias urbanas e portuarias de longo alcance e longos procesos de adopción de novas pautas de decisión e investimentos. Con todo, hai distintas e desiguais dinámicas de adaptación: longo prazo para as cidades portuarias; medio para as especializacións portuarias e curto para as redes marítimas.



Por outra parte, os nosos portos figuran entre o grupo medio ou medio baixo dos da península e ata o momento tiveron unha función subalterna. O seu futuro pasa pola conexión cos tráficos xerados polos portos cabeceira e rexionais. Neste sentido, as autoestradas do mar previstas desde o Libro Branco de Transportes e convertidas en feliz realidade para o caso do porto de Vigo abren posibilidades que é preciso explotar en beneficio do conxunto do territorio. O proceso de globalización está a xerar un proceso de re-territorialización e as cidades portuarias, amén de inscribirmos nel, deben nuclear un proceso similar no seu entorno rexional.

Posiblemente o futuro pase por una fragmentación de tráficos de mercadorías diversas e pola creación de plataformas e zonas de distribución (ZAL ou Distriparks), asociadas a grandes portos e cunha elevada centralidade e nodalidade para poder converterse en áreas de influencia. Para poder xogar nese futuro cómpre ter unha boa posición xeográfica nos grandes eixos de transporte Este-Oeste e Norte-Sur, cousa que nos pode favorecer; apostar por un forte investimento en I+D+i e capital humano con alta cualificación profesional; lograr, nas cidades portuarias, un sistema de gobernanza, de democracia territorial, capaz de integrar as especificidades locais cos intereses das empresas multinacionais ubicadas no entorno, dando xogo aos actores implicados: empresas e autoridades.

Finalmente, faise necesaria tamén unha reflexión sobre o noso sistema aeroportuario. Un sistema caracterizado pola proximidade o que implica unha forte competencia que favorece ao aeroporto máis grande, Porto, mellor dimensionado. Pero que tamén implica a oportunidade de establecer un sistema integrado e baseado na combinación dos tráficos. A intermodalidade é un obxectivo imprescindible non resolto, agás en Porto conectado co metro e pronto co tren de alta velocidade. Os aeroportos galegos só contan con escasos autobuses como único medio de transporte colectivo. O horizonte é pouco próspero para os aeroportos galegos, lastrados por unha excesiva dependencia dos destinos a Madrid e Barcelona (60%) e sometidos a un debate sobre a súa viabilidade. É claro que cómpre manter a aposta pola súa permanencia, tanto con argumentos demográficos das súas áreas de influencia como de desenvolvemento económico.

Os desafíos pasan por mellorar notablemente a súa accesibilidade intermodal, a súa comodidade de mobilidade e a súa especialización complementaria. Cooperar e non competir para que as carencias individuais de cada aeroporto queden superadas co funcionamento en rede. Así, seremos capaces de converter ao noso sistema aeroportuario nun dos grandes pivotes do futuro plan de mobilidade transfronteirizo. A viabilidade do sistema radica, en boa medida, na





capacidade de internacionalización das empresas da eurorrexión (pensemos na conexión con París de Vigo), pero tamén na sociedade do coñecemento e no potencial de atracción dos centros de educación e investigación superior.

Cómpre non esquecer, por último, que todo este investimento en infraestruturas debe ir acompañado dunha previsión necesaria. Resulta imperativo prever o custo de mantemento de todas as infraestruturas e presupostalo convenientemente. Calquera omisión neste eido lesionaría gravemente as posibilidades de ter un sistema de transporte sostible na Eurorrexión.

## ENERXÍA, MEDIO AMBIENTE E MOBILIDADE URBANA

Sería un erro non aproveitar o estudo para inserir nel un dos grandes desafíos de futuro a curto e medio prazo: a redución de emisión de gases de efecto invernadoiro, a redución da contaminación acústica, a contención do *queueing stress* mediante novas alternativas de mobilidade de persoas e mercadorías

A Comisión, en decembro de 2008, deu a coñecer o Stakeholder Consultation Report sobre o libro verde de mobilidade urbana. A maioría das contribucións recibidas insisten en tres puntos de preocupación: as iniciativas comunitarias non deben supor máis burocratización; non deben presentarse solucións ríxidas porque as realidades locais son moi diversas e, finalmente, a aproximación debe ser neutra, apostando pola integración dos diferentes modos de transporte sen privilexiar a ningún deles. Por suposto, camiñar cara cidades e vilas máis fluídas, máis limpas e máis saudables é o obxectivo último a conseguir. Algúns datos estatísticos, a nivel comunitario, resultan preocupantes: o 50% dos desprazamentos en automóbil privado non supera os 5 quilómetros e 30% non chega aos 3; o promedio de ocupantes por vehículo é de un; os turistas supoñen o 75% dos pasaxeiros por quilómetro. Por outro lado, o tráfico urbano representa o 40% das emisións de CO<sub>2</sub> xeradas por vehículos e o 10% das totais na UE. Isto é un claro factor de aceleración do cambio climático e repercute moi gravemente na saúde dos cidadáns, especialmente nas patoloxías cardiovasculares e respiratorias. Ademais, o ruído é tamén unha causa grave de enfermidades auditivas de problemas de conciliación do sono que provocan malestar, secuelas mentais e dificultades na aprendizaxe. Urxe, pois, reconciliar o desenvolvemento económico nas cidades coa calidade de vida dos cidadáns e a protección do medio ambiente. Temos que fomentar estilos de vida menos dependentes do automóbil.

Faise necesario que cada unha das nosas cidades elaboren un plan de acción de mobilidade e de sostibilidade enerxética, capacitando ao persoal téc-

nico, identificando oportunidades de crear emprego vinculado coas enerxías alternativas e fomentando a educación ambiental. Estes plans teñen que descansar sobre tres eixos: comodidade, cun papel destacado para os modos de transporte suave (camiñadas e bicicleta) o que implica a existencia dunha rede cada vez máis densa de ciclovías nas nosas cidades; seguridade viaria, no dobre sentido anglosaxón de prevención e protección; e participación cidadá, tanto na elaboración como na comisión de seguimento que debe axudar á autoridade de xestión a testar e adaptar o plan nun contexto dinámico.

Entre outros aspectos, eses plans deben interesarse por: zonas de estacionamento, intercambiadores, vías peonís e ciclovías, barreiras de acceso condicionado, incentivos para o uso de transportes colectivos, instalación de sistemas de información/sinalización que eviten conxestións nas horas punta, emprego de combustibles alternativos nos transportes públicos.

## FINANCIAMENTO

En todo caso, é conveniente educar á cidadanía na idea de que a calidade de vida ten un prezo que alguén ten que pagar. Poden ser os medios de transporte pagando máis polas infraestruturas e sistemas que utilizan; a cidadanía mediante un incremento dos impostos, a creación doutros novos ou o incremento das tarifas dos servizos de transporte público; ou poden ser ambos, mesmo empregando a táctica do pau e da cenoria segundo a cal paga máis quen contamina máis. Evidentemente todo isto só se xustifica si se consegue unha clara melloría da calidade dos servizos.

Non obstante, as autoridades de xestión e os actores privados deben estar atentos a calquera iniciativa de cofinanciación pública que poida existir. Por exemplo, a Unión Europea ten orzamentados, para o período 2007-2013, 37.000 millóns de euros dos fondos de cohesión e 8.000 dos fondos da Rede Transeuropea de Transporte (TRE-T) para infraestruturas (59% para estradas), amén do recurso aos fondos FEDER e do programa Marco Polo II. Tamén o FP7 ofrece alternativas para o I+D no eido da mobilidade urbana. Os programas CIVITAS, Enerxía Intelixente-Europa (EIE), e STEER tamén poden ser útiles. Por último, tamén, dentro do ámbito comunitario, cabe o recurso aos empréstimos do Banco Europeo de Investimentos.

## PROPOSTAS DE ACCIÓN NO CURTO PRAZO

Como colofón desta introdución e apertura dos capítulos temáticos que conforman esta estratexia de transportes, queremos suxerir ás autoridades pú-



blicas destinatarias da mesma nos diferentes niveles administrativos, desde o local ata o comunitario, a pertinencia de comezar a desenvolver as ideas aquí contidas e referendadas pola correspondente Comisión de Planificación e Transporte do Eixo, a través de cinco actuacións concretas con claro efecto multiplicador:

1. Elaboración de plans de mobilidade metropolitanos ou de grandes áreas urbanas que sigan as directrices comunitarias contidas no Libro Branco e nas últimas comunicacións sobre o futuro sostible dos transportes. En todo caso, estes plans deben contemplar o incremento da rede de ciclovías, a accesibilidade para as persoas con discapacidades, implantación de cercanías ferroviarias onde sexa conveniente e, moi especialmente, solucións prácticas as dificultades do “último quilometro” tanto con incentivos positivos: infraestruturas de circunvalacións, aparcamentos disuasorios e, en xeral, microloxística urbana como con incentivos negativos: “cargas de conxestión” onde se considere oportuno.
2. Elaboración, en paralelo, de plans de acción para a enerxía sustentable de carácter municipal que permitan a adhesión das nosas cidades ao Pacto dos Alcaldes de febreiro de 2009. Neste momentos, só Gaia e Porto forman parte deste lobby e sería moi conveniente agrandar a presenza do Eixo Atlántico nese foro a través das cidades máis poboadas.
3. Creación de consorcios de transporte coas características que foron apuntadas nesta introdución e na liña da nova gobernanza e da participación de todos os axentes que impulsa a última comunicación (17 de xuño de 2009) da Comisión Europea en materia de transportes. Para a consecución dun Consorcio eurorrexional existe un instrumento xurídico, a AECT, con grandes potencialidades que é necesario comezar a explorar.
4. Creación dun cluster eurorrexional de loxística e transporte de carácter horizontal que actúe como un dos motores da competitividade e do atractivo inversor do noso territorio.
5. Establecer unhas directrices de ordenación territorial compartidas para toda a Eurorrexión capaces de optimizar os recursos dispoñibles en materia de infraestruturas de transporte e de vertebrar o espazo común co horizonte de axudar ao reequilibrio litoral-interior, un dos grandes desafíos do futuro inmediato.





# TERRITÓRIO E MOBILIDADE NA GALIZA E NA REGIÃO DO NORTE

TERRITÓRIO E MOBILIDADE NA GALIZA E NA REGIÃO DO NORTE

*Martín Fernández Prado*  
Universidade de A Coruña

*Pedro Silva*  
Ideias Maiores Consultora

## SINOPSE

Este módulo da Estratégia de Transportes do Eixo Atlântico, dedicado ao Território e à Mobilidade na Galiza e na Região do Norte, efectua um retrato sintético das políticas nestes domínios para estas duas regiões, tendo como objectivo central valorizar as políticas que reforcem as relações e interdependências entre os dois territórios e que contribuam para a coesão e o desenvolvimento sustentável do Noroeste Peninsular.

Assim, o primeiro capítulo, apresenta uma caracterização sintética destes dois territórios e das dinâmicas instaladas, bem como retrata a génese das infraestruturas rodoviárias e ferroviárias regionais e apresenta quadro prospectivo das diversas componentes do sistema de transportes.

O segundo capítulo aborda os processos de planeamento territorial e de transportes, apresentado as práticas a nível regional, metropolitano e municipal.

O terceiro capítulo centra-se na formulação de recomendações e de propostas de medidas e acções com abrangência territorial diversificada. Desde as apostas de carácter regional às acções de nível municipal, destacando as medidas para a cidade difusa e para os espaços rurais, para a zona raiana e para o Eixo Atlântico.

Por último, apresentam-se as principais conclusões desta reflexão sobre o território e a mobilidade na Galiza e na Região do Norte.

## 1.TERRITÓRIO, MOBILIDADE E TRANSPORTES

A base natural dun espazo físico constitúe un punto de partida esencial para a comprensión das súas coordenadas territoriais; sendo tamén unha aportación decisiva no deseño das infraestruturas sobre dito territorio e sobre o xeito de moverse e asentarse nel. Aínda que os avances da tecnoloxía infra-estructural tenden a recortar as dependencias do espazo físico entendido nun senso tradicional, o seu entendemento nos procesos de asentamentos e na construción de infraestrutura de transporte e mobilidade e unha garantía de éxito.

### 1.1. UM RETRATO DA GALIZA

#### 1.1.1. O territorio galego como base das infraestructuras

Galicia representa case o 6% do territorio nacional español, podéndose considerar coma un territorio de tamaño medio-baixo no conxunto das comunidades autónomas españolas. A súa dimensión de 29.574 quilómetros cadrados permítelle a Galicia a posibilidade por unha banda, de actuar como un conxunto con distancias máximas de dúas horas de tempo entre os extremos, pero ao mesmo tempo, presentar singularidades e polaridades con particularidades propias.

O territorio galego presenta unha apreciable homoxeneidade interna; non obstante, presenta substanciais diferencias xeográficas e climáticas que estrutúranse basicamente en tres bandas con referencias de altimetría de 200 e 600 metros.

Estas tres bandas xeográficas coinciden tamén dun xeito bastante parexo ca climatoloxía e ca distribución da poboación. Por unha banda temos unha franxa litoral, con altimetría por debaixo dos 200 metros, caracterizada principalmente polas coñecidas rías galegas de temperaturas mais suaves e menos contrastadas onde se asenta a maior parte da poboación galega ben en forma das principais cidades e as súas áreas de influencia, ben como un conxunto de crecemento continuo difuso en baixa densidade. En segundo lugar as serras montañosas do centro-sur e do este, con cotas por riba dos 600 metros, son zonas de maiores contrastes de temperaturas e moi deshabitadas e en terceiro lugar, os espazos medios interiores de Galicia, con cotas entre os 200 e os 600 metros e con precipitacións e contrastes térmicos intermedios, de economía agro-gandeira e de densidade de ocupación media a base de vilas de tamaño medio e múltiples e pequenos núcleos de poboación de carácter rural.



O aspecto orográfico que presenta Galicia no seu interior e de montañas baixas e romas, con multitude de ríos, destacando o Río Miño e o Sil no interior, e nas cuncas atlántica e cantábrica, ríos mais curtos sobre todo os que van ao mar Cantábrico. As pendentes suaves as veces combínanse con ladeiras escabrosas, ou con vales, as veces amplos aínda que normalmente pequenos e suaves. Estes ríos que desembocan no Mar Cantábrico e no Océano Atlántico xeran uns vales de directriz perpendicular a costa, potenciados na desembocadura cas rías de igual directriz. As infraestructuras descorren principalmente no sentido contrario a estes vales representando estes un serio atranco no seu desenvolvemento.

As principais redes infraestructurais creáronse para a comunicación de Galicia ca meseta e co Norte de Portugal, polo que discorren perpendicularmente a estes vales e teñen que atravesar nalgún caso importantes sistemas montañosos, o que dificultou enormemente a súa construción e retrasounas moitos anos respecto a outras áreas españolas. So recentemente se están a construír vías de alta capacidade lonxitudinais a estes vales, conxestionando a Autoestrada do Atlántico cas diferentes rías galegas.

### 1.1.2. Tendencias da poboación e a súa mobilidade


Galicia conta con 2.783.100 habitantes censados, sendo a quinta comunidade autónoma de España en número de habitantes e a súa densidade de poboación, de 93,6 hab./qm<sup>2</sup>, e lixeiramente superior á media española.

A organización tradicional da poboación e substancialmente diferente da do resto de España. Así, o territorio de cada concello estruturase en parroquias e estas a súa vez en aldeas ou lugares. Á alta taxa de dispersión demográfica, unida a un elevado número de poboacións, débese que un 50% dos entes de poboación de España están en Galicia, ocupando solo o 5,8% da superficie total.

Os asentamentos principais de poboación están bastante ben distribuídos pola Comunidade Autónoma, tanto na súa localización cubrindo a totalidade do territorio como no escalonamento polo seu tamaño e funcionalidade.

Desgraciadamente Galicia foi perdendo peso demográfico con respecto ao resto de España, a difícil situación económica durante moitos anos fixeron de Galicia unha terra de emigración cara ao resto de España, Europa central e Iberoamérica. A taxa de natalidade é moi baixa en Galicia, aínda que recentemente e co retorno dos emigrantes galegos e a chegada de inmigrantes doutros países, moderouse lixeiramente esta perda de poboación.

Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Dto. Aprobación Inicial. p.27.  
Xunta de Galicia. 2008



Entre os cambios socioeconómicos e de ocupación do territorio que ven experimentando Galicia nos últimos anos con influencias claras no transporte e na mobilidade de persoas son de destacar a enorme litoralización e urbanización cun transvase importante das zonas interiores ao litoral e das zonas rurais as cidades e capitais comarcais. Existe tamén unha tendencia clara de acrecentamento de actividades e poboación no entorno da autoestrada AP-9 que comunica 5 das grandes cidades galegas con Portugal e que estrutura un territorio rico con case que o 60% da poboación e o 90% da actividade industrial.

As cidades tamén transformáronse de contidas a extensas, con una gran ocupación de solo, formando o que se coñece como cidade difusa e sobrepasando en moitos casos o límite municipal. Por último, produciuse un gran incremento da mobilidade interna a todos os niveis. Por unha parte entre cidades ou áreas urbanas, favorecido pola mellora nas vías de comunicación, por outra, nas rexións urbanas ou áreas funcionais metropolitanas que en moitos casos xa pódense considerar como unha unidade, e internamente dentro das cidades ou áreas urbanas onde a mobilidade é absoluta pero desgraciadamente dependese unicamente do transporte privado.





Evidentemente, estes cambios territoriais e sociais desencadean unha nova forma de vivir, usar, disfrutar e moverse no territorio que ten unhas importantes connotacións no transporte e na mobilidade, tanto de persoas como de mercadorías, xerando unha enorme e crecente mobilidade tanto de “commuting” diario entre cidades como internamente polo modo de vida da “cidade difusa” ou as novas tendencias do lecer que fan que Galicia presente un porcentaxe de segunda residencia moito maior do que o que o nivel económico faría supoñer. Esta segunda residencia no se produxo sómente nos ámbitos turístico-costeiros, senón que estivo tamén moi vencellada ao mundo rural de orixe da nova sociedade urbana que a través desta segunda residencia mantén os lazos cos seus ancestros e a súa cultura e lle permite unha forma de vida en contacto ca natureza.

### 1.1.3. Evolución dos distintos sistemas de transporte

Galicia dispón dunha rede de estradas que estendese ao longo de 17.550 quilómetros e cuxa xestión repartese o Estado (13,5%), a Xunta de Galicia (30,1%) e as Deputacións Provinciais (56,4%). Que si lle sumamos os 62.000 quilómetros que xestionan os municipios case que duplica a media nacional de quilómetros por habitante en por superficie.

Externamente sempre foi referente a conexión con Madrid a través da meseta, pero son tamén importantes as conexións co Cantábrico e con Portugal. Internamente, a clara desproporción de actividades entre a fachada atlántica e a Galicia interior tamén marcou a distinta velocidade de execución e importancia do cosido interno infraestructural. Os distintos planes de infraestructuras e transportes, dos que se da conta en outros capítulos deste libro, reflexan ultimamente unha vontade de estruturar con maior riqueza e flexibilidade a Galicia interior.

Na relación de Galicia co Norte de Portugal, a pesar da mellora ca construción de novas pontes sobre o río Miño e de novos accesos por autoestrada entre os dous países, sigue existindo unha descompensación clara entre a zona litoral mellor articulada e a zona interior onde a escarpada topografía e un maior despoboamento fan mais difícil dita conexión.

Actualmente as comunicacións ferroviarias de Galicia co exterior realízase a través de tres puntos co resto de España: Lubián e Covas na rede ADIF de ancho Ibérico e a conexión do Cantábrico da rede FEVE. Existe tamén unha conexión internacional coa rede portuguesa a través da ponte internacional do río Miño en Tui. O sistema completase cunha rede interior obsoleta e pouco operativa, con tempos moi longos de conexión entre cidades e con unha in-

fraestructura mixta para persoas e mercadorías, actualmente todas as cidades están conectadas entre sí. Estase a construír os primeiros tramos de AVE entre Santiago e Ourense e atopase bastante avanzada a liña de velocidade alta Vigo-Coruña. Non existe transporte de cercanías ou metropolitano ferroviario e o transporte marítimo e practicamente anecdótico.



Galicia conta tamén cunha ampla oferta de infraestructuras aeroportuarias e portuarias, posiblemente maior do ca súa actividade económica necesitaría, pero en resposta a una estrutura de polos de actividade que as demandan. Os cinco portos de intres xeral do Estado e as mais de 120 instalacións portuarias



de competencia autonómica; así como os tres aeroportos, representan un importante valor infraestructural da comunidade. A súa estruturación, organización, planeamento e xestión conxunta; hoxe practicamente inexistente, parece imprescindible nun futuro próximo.

Outra das grandes ausencias no sistema infraestructural galego e a intermodalidade e a relación entre os distintos elementos do sistema. O desenvolvemento desta intermodalidade e a xeración de espazos loxísticos vinculados as infraestructuras será dos feitos máis relevantes no desenvolvemento futuro de Galicia e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O servizo de transporte ferroviario de Galicia segue a ser xestionado na súa totalidade por o Ministerio de Fomento na súas infraestructuras a través do xestor ADIF e na xestión a través de RENFE. A posibilidade de crear un xestor galego para o transporte de cercanías e os tráficos internos da comunidade estase sómente a empezar a discutir, neste sentido unha recente proposta de creación dun consorcio galego de transportes ferroviarios do parlamento Galego foi aprobada por unanimidade polos tres grupos políticos, pero o Goberno Central no parece que avanzara neste senso ata o momento. No tema ferroviaria a única participación autonómica no pasa do Convenio co Goberno Central para a xestión de transporte de cercanías en Galicia.

O transporte de autobuses de liña atopase xestionado por innumerables empresas que teñen as concesións dende fai moitos anos, calquera cambio nestas concesións e difícil de xestionar e custoso para a administración. Como xa se comentou so nos últimos 5-6 anos empezouse a xestionar algún sistema para coordinar estas liñas a través do billete único nas áreas metropolitanas, salvo esta excepción o transporte urbano non ten relación con outros servizos de transporte facéndose necesarias novas políticas de tarifación, billetaxe e xestión única.

## 1.2. UM RETRATO DO NORTE DE PORTUGAL

### 1.2.1. A matriz territorial e a formação base das redes de transportes

O Norte de Portugal, território com 21 286 km<sup>2</sup>, é marcado por 9 bacias hidrográficas, das quais 3 extravasam o território nacional (Minho, Lima e Douro) e por 8 sistemas montanhosos que com altitude máxima entre os 1100m e 1500m, aproximadamente.

A Altimetria regional revela um território com uma estreita faixa litoral plana, abaixo da cota 100m, com prolongamentos pelos vales de rios como Minho, Lima e Cavado.

O interior da região alterna entre relevos altos e acentuados e planaltos acima dos 700m e é muito marcado pelos vales muito encaixados dos rios Douro, Sabor, Tua, Corgo e Tâmega.

Em termos de paisagem, as unidades - Entre Douro e Minho, Trás-os-Montes e Douro – são as mais marcantes da Região.

A formação base da rede rodoviária da Região foi marcada pelo estabelecimento de um Plano Rodoviário Nacional em 1945 (DL33916 de Setembro de 1944) que apontava para uma rede fundamental estruturada em estradas de 1ª e 2ª classes, complementada por estradas de 3ª classe.

Este Plano, que vigorou durante 40 anos, apontava para cerca 5500km de estradas nacionais na Região do Norte, traduzindo-se em densidades espaciais da rede muito diferentes ao longo da região (48km/100km<sup>2</sup> no Porto a 21km/100km<sup>2</sup> em Bragança). O desenho desta rede de estradas foi muito condicionado pela orografia da região.

Assim, fundamentalmente no litoral, a rede de estradas nacional foi sendo melhorada e alargada, mas, simultaneamente, serviu de apoio ao desenvolvimento e estruturação do território.

O deficiente planeamento urbano e a escassez de solos urbanos infraestruturados conduziram à utilização do espaço confinante com as estradas como espaço preferencial para urbanizar e permitir a expansão dos aglomerados. Esta opção traduziu-se numa grande dispersão do povoamento, numa deficiente estruturação dos aglomerados urbanos e na transformação de estradas em ruas urbanas.

Quanto à rede ferroviária da Região do Norte, o seu desenho remonta aos primórdios do caminho-de-ferro em Portugal, isto é à 150 anos.

No Norte, a concepção da rede ferroviária não cria malhas entre os vários aglomerados da Região. A Cidade do Porto assume o papel de nó ferroviário, a partir do qual se estruturam um conjunto linhas que aproveitam os vales dos principais rios para penetrar nos vários espaços subregionais.

Temos uma primeira fase de construção e densificação da rede ferroviária através de diversas companhias de caminho de ferro. Uma segunda fase, corresponde à concentração ferroviária na CP – Companhia Portuguesa de Caminhos de Ferro – através de uma concessão única, à modernização da rede (electrificação, melhoria do material circulante). No entanto, o investimento é relativamente modesto para as necessidades de desenvolvimento da Região.



Chegados aos anos 80, a CP é confrontada com uma rede, no Norte de Portugal, desajustada e incapaz de dinamizar a estruturação do território e a malha de aglomerados urbanos.

A procura diminuía, fundamentalmente no interior, os tempos de percursos não melhoraram e os serviços prestados eram de baixa qualidade em termos de conforto e fiabilidade. As diferentes bitolas da rede e o estado da infra-estrutura, o material circulante (carvão, diesel e eléctrico), a sinalização deficiente e a segurança da via (passagens de nível, escarpas e taludes) levaram ao encerramento de vários troços de linha de via estreita.

### 1.2.2. As dinâmicas territoriais e os padrões de mobilidade

O Norte de Portugal tinha em 2006, segundo o INE, uma população residente de aproximadamente 3 740 mil habitantes (35% do total do país).

As NUT II do litoral concentraram 2 750 mil habitantes e o interior 430 mil habitantes, residindo na zona de transição 560 mil pessoas.

Destacam-se, em termos de dinâmicas demográficas positivas, as NUT do litoral (o Cávado cresceu 9,5% na década de 90 e 4,4% nos 5 anos seguintes) e as NUT do interior pela negativa, com decréscimos significativos de população (o Douro perdeu 8,7% da população na década de 90 e 2,3% nos 5 anos seguintes).

São ainda de destacar nos aglomerados urbanos de dimensão relevante a necessidade de reforçar o estudo e a investigação no domínio da mobilidade, em particular na utilização dos transportes públicos ambientalmente sustentáveis e a normalização da rede municipal ao nível características técnicas, segurança, sinalização e classificação.

#### 4.3. COMUNS

Nestes dois espaços territoriais, Galiza e Norte de Portugal, o desenho das políticas de futuro deve passar por promover conceitos como a conectividade das redes de transporte, a intermodalidade, a sustentabilidade ambiental e a coesão territorial. A acessibilidade proporcionada pelo sistema de transporte e a sua eficiência são outros aspectos importantes a ter em conta e que devem ser acompanhadas directrizes de política territorial que controlem as tendências dispersivas dos assentamentos residenciais e das actividades.

A promoção da mobilidade nos espaços rurais e na cidade difusa passa pela reestruturação, coordenação e maior utilização das linhas transporte existentes, pela criação de novos serviços flexíveis e adaptados a estes territórios e pela introdução de soluções inovadoras, incorporando novas tecnologias.

Um campo de actuação fundamental prende-se com a modernização da gestão e da governabilidade do sistema de transportes, avançando com soluções adaptadas a realidade administrativa de cada uma das regiões.

A zona da raia é um palco ideal para ensaio de acções que promovam a coesão e sustentabilidade de territórios com características e afinidades muito profundas. Neste domínio é importante o papel dos centros urbanos de fronteira na definição dos problemas de articulação e integração transfronteiriça de escala local, nos domínios da mobilidade e transportes e dos equipamentos e serviços.

Propor a elaboração de uma Estratégia de Transportes da Euroregião e a criação de um Consórcio Transfronteiriço de Transportes são duas ideias a reter.

O perfil socioeconómico e localização geográfica das Cidades do Eixo Atlântico, bem como dos territórios a elas associados, fazem com esta associa-



ção apresente um espectro muito alargado de situações e problemas em termos de mobilidade e transportes, pelo que propiciam a criação de um fórum de troca de experiências e conhecimento envolvendo um conjunto de entidades públicas e privadas, bem como os centros de conhecimento existentes nestes espaços regionais. A forma de operacionalizar este fórum, passa por definir temas prioritários, para os quais se estruturam grupos de trabalho com objectivos e mandatos claros. Estes grupos podem propor a elaboração de estudos aplicados, a organização de workshops/encontros, a construção de projectos piloto envolvendo vários espaços territoriais do Eixo Atlântico, a troca de experiências entre técnicos das diferentes cidades, a criação de redes temáticas de debate e aprofundamento de conhecimento de carácter permanente.

Por último, será necessário divulgar informação e conhecimento sobre as vantagens dos transportes públicos, bem como promover campanhas de sensibilização sobre a segurança rodoviária.

## BIBLIOGRAFÍA

Xunta de Galicia. Documento de Avance. Directrices de Ordenación do Territorio. Santiago de Compostela 2004.

Xunta de Galicia. Documento de Aprobación Inicial. Directrices de Ordenación do Territorio. Santiago de Compostela 2008.

Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG 5/12/1995)

Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (DOG 17/4/2000).

Lei 6/1996, (09/07/1996) Lei de coordinación dos servizos urbanos e interurbanos

Plan MOVE. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio. Setembro 09.

APDL (2004). Plano Estratégico de Desenvolvemento do Porto de Leixões.

ARTS Project (2004). Manual de Transporte Rural.

Assembleia da República (2008). Projecto de Lei sobre o regime Jurídico das Autoridades Metropolitanas de Transporte de Lisboa e Porto.

CCRN (1992). O Plano Director Municipal e a Política Municipal de Transportes.

- CCRN (1996). O Sistema Urbano Regional: estudos de caso.
- CCDRN (2005). Norte 2015 – Património Natural e Paisagístico.
- CCDRN (2005). Norte 2015 – Mobilidade, Transportes e Acessibilidades.
- CCDRN (2005). Norte 2015 – Dinâmicas e Desafios Territoriais.
- CCDRN (2006). Norte 2015 – Competitividade e Desenvolvimento: Uma Visão Estratégica.
- CCDRN (2007). Programa Operacional Regional do Norte 2007-2013.
- CCDRN (2007). Plano Regional de Ordenamento do Território do Norte – Estrutura do Povoamento, Sistema Urbano e Articulação.
- CCDRN (2008). Plano Regional de Ordenamento do Território do Norte – Plano/Modelo Territorial.
- CCDRN (2008). Plano Regional de Ordenamento do Território do Norte – Normas Orientadoras.
- Teresa Sá Marques (2004). Portugal na Transição do Século – retratos e dinâmicas Territoriais.
- INE (2004). As Cidades em Números.
- INE (2006). Anuário Estatístico da Região Norte.
- Junta Metropolitana do Porto (1994). Estudo Estratégico do Sistema de Transportes da Área Metropolitana do Porto.
- MOPTC (2006). Portugal Logístico
- REFER (2008). Directório da Rede 2009.
- Site da Agência Portuguesa do Ambiente (2008). Atlas Digital do Ambiente
- Site da CP (2008). Os Caminhos-de-ferro: 150 Anos de História e História: cronologia.
- Site da DGOTDU (2008). Sistema Nacional de Informação Territorial.
- Site das Estradas de Portugal (2008). Planos Rodoviários 1945, 1985 e 2000.
- Site do IMTT (2008). Documentos Estratégicos e Planos.



# TERRITORIO E MOBILIDADE: ESPAZOS TURÍSTICOS

*Xulio Pardellas de Blas*  
*Carmen Padín Fabeiro*  
Universidade de Vigo

*Cláudia Simões*  
Universidade de Minho

## INTRODUCCIÓN: DEBATE SOBRE OS CONCEPTOS

Xa foi asegurado que nas dúas rexións, Galicia e Norte de Portugal, existen recursos abondo para consolidar unha oferta turística singular e atractiva tanto para os mercados emisores peninsulares, como para outros mercados europeos. A idea central implícita neste traballo é que unha oferta conxunta da eurorrexión incrementaría a competitividade do sector e sen dúbida o seu atractivo, pero admitindo previamente que tal proposta dun destino común nunca foi abordada nen debatida en rigor, nen polas administracións turísticas, nen polo sector privado, e por outro lado, tampouco dispón dun apoio científico coa discusión necesaria para achegar unha análise da estimación das súas vantaxes e atrancos.

En calquera caso, neste apartado e como introducción a todo o capítulo, presentamos a aproximación a un modelo de deseño da eurorrexión como espazo ou destino turístico conxunto, sobre a base das achegas científicas máis relevantes sobre o tema nos últimos anos. Posteriormente, este modelo será aplicado aos principais espazos turísticos específicos dentro do territorio da eurorrexión, pero nestes casos xa relacionados co obxectivo xeral do estudo, centrado nas orientacións estratéxicas dun mapa de transportes.

Probablemente, algunha das achegas de maior trascendencia para este traballo son as de Gunn (1972, 1993), arredor do concepto de planificación rexional, propoñendo unha rexión destino con cinco elementos básicos:



a definición precisa dos límites rexionais, un acceso dende os mercados con corredores de circulación interna, uns complexos de atracción, un hinterland non atractivo e entradas á rexión. Complementariamente, Pearce (cit.) sintetiza varios traballos de planificación e análise dende a perspectiva da evolución dos destinos, entre os que destacan o modelo de evolución espazo-temporal, que incorpora os cambios no grado de participación local, e con maior interese para este estudo, os estudos de Opperman (1993) sobre o papel dos turistas informais para abrir unha rexión destino aos mercados “formais”, e de Leiper (1995) que identifica as características e condicións para que un destino sexa atractivo.

É certo que a maioría das análises citadas refírense a casos concretos, por exemplo, os modelos que se ocupan das pautas de comportamento ou as viaxes multidesino desenvóléronse principalmente sobre datos de Norteamérica e teñen unha utilidade limitada para planificar rexións de Europa, onde os factores espaciais e a vecindade de destinos con características físicas semellantes deben terse moi en conta para identificar con precisión un destino. Dende outra visión, a análise dos instrumentos funcionais e evolutivos desenvóléronse con datos de estudos empíricos, tratando de explicar a comprensión das características dun destino e aspectos do seu desenvolvemento, ou tamén os comportamentos dos turistas, o que proporciona ao planificador unha importante información previa ao seu traballo, pero axúdalle pouco na identificación de preferencias en función de obxectivos territoriais.

Con todo, malia esas limitacións, podemos destacar ideas interesantes neses modelos. Sen dúbida as achegas de Gunn (cit.) contribúen con maior rigor á descrición da estrutura física das rexións destino. As súas conclusións son amplamente citadas, sendo un dos poucos que se centrou na descrición e desenvolvemento de modelos estruturais de destinos turísticos. No seu concepto máis elaborado de planificación rexional, Gunn identifica os cinco conceptos clave antes citados: fronteira, acceso e corredor interno, complexos de atracción, rexións veciñas non atractivas e entradas. Desde outros enfoques, e case simultaneamente, Lue, Crompton e Fesenmaier (1993) identifican cinco modelos de viaxes, destacando o modelo de viaxe encadenado cara a “focos” de atracción. Por outra parte, os estudos máis recentes de Swarbrooke e Horner (1999) e de Pizam e Mansfeld (2000), contrastan o modelo de comportamento dos turistas con respecto a destinos onde existan ou poidan crearse nodos de atraccións e estruturas de percorrido circular. Coincidindo con esa análise, Lei-



per (1995) identifica tres compoñentes dun sistema de atracción: un núcleo, un turista e un marcador. O núcleo é o elemento central das atraccións turísticas, o turista é quen viaxa e mantén un contacto persoal cos lugares visitados e o marcador é un instrumento de información para o turista.

Neste contexto, un interesante traballo de Dredge (1999) aporta unha singular base teórica, que sintetiza e reestrutura os anteriores, en especial as ideas de Gunn e Leiper, cunha proposta na que destacan tres supostos fundamentais como base do seu modelo: que os mercados emisores de turismo e as rexións destino sexan entidades xeográficas separadas, que a natureza complexa e de distintos niveis dos destinos requira unha estrutura xerárquica pero flexible, e que o modelo de planificación e deseño comprenda unha rexión de destino, mercados emisores de turismo, nodos, distritos, rutas circulatorias e portas (1999: 403).

Tendo en conta estas reflexións e cos datos dos autores sobre a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (Pardellas e Padin 2005), é posible elaborar un modelo de deseño deste territorio como destino turístico conxunto utilizando as achegas de Lue, Crompton e Fesenmaier sobre as viaxes multidesino, e de Leiper sobre os elementos de atracción dun destino, que constitúen dende o enfoque da demanda unha base importante para predicir o comportamento dos turistas, propoñendo unha viaxe circular con visitas sucesivas a atraccións de Galicia e do Norte de Portugal, que aparecerían dese xeito como núcleos de atracción complementarios. O modelo está sustentado principalmente na proposta de Dredge, que permite a súa aplicación concreta a unha rexión de destino dominada máis polo turismo de lecer que por outras motivacións de viaxe, como os negocios ou as visitas a familiares e amigos.

## 1. O MODELO DE DESEÑO DO ESPAZO TURÍSTICO CONXUNTO APLICADO Á EURORREXIÓN

Para a análise centrada no territorio integrado polas rexións de Galicia e o Norte de Portugal, a nosa liña de argumentación estará baseada no modelo deseñado por Dredge (cit), pola súa especial simplicidade e adaptación ás características deste espazo, así como para os obxectivos xerais deste traballo.

En primeiro lugar o modelo non presenta restricións no territorio, polo que é apto para un espazo fronteirizo e recolle ademais as achegas sobre as pau-

tas de comportamento nas viaxes e as conexións frecuentes en destinos onde tería unha grande importancia o planeamento de intermodalidades de transporte, como é o caso que nos ocupa.

En segundo lugar, o modelo non contempla restriccións administrativas do territorio, polo que é apto para unha rexión fronteriza como a analizada e presenta as características que se requiren para poder aplicar os modelos considerados:

- Trátase dun territorio no que domina o turismo de lecer, onde máis do 60% do total de turistas responde a esa tipoloxía (Pardellas et al 2003)
- O modelo permite integrar a rexión de destino cun enfoque sistemático dentro doutros modelos holísticos de turismo, pero non exclúe outras análises que puidesen completar e mellorar este modelo, ou dividilo en subespazos coa mesma metodoloxía. Iso é coherente co principio básico da teoría de sistemas: un conxunto de partes interrelacionadas con cada sistema dentro do mesmo, e o conxunto á súa vez posiblemente formado parte doutro maior (McLoughlin, 1969)
- Os mercados emisores e os espazos de destino son entidades separadas xeograficamente. Os visitantes proceden na súa maior parte da península ibérica (Pardellas e Padín, cit)
- A natureza complexa e con diferentes escalas nos destinos require unha estrutura xerárquica pero flexible que se adapte aos distintos lugares, niveis e características do mercado. Galicia pode considerarse dentro do destino denominado España Verde e o Norte de Portugal dentro do conxunto do destino Portugal (Cadima, cit)
- O modelo de planificación e deseño comprende unha *rexión-espazo de destino, mercados emisores de turismo, núcleos, nodos, rutas circulatorias e portas*, en aplicación da estrutura dos modelos citados

O **espazo destino** aparece configurado no modelo polo conxunto da eurrrexión Galicia-Norte de Portugal, que comparten uns recursos naturais cun grande número de elementos comúns, definidos xeograficamente pola costa atlántica (límite occidental de todo o territorio), o río Miño e a serra do Xurés (parte galega) - Gêres (parte portuguesa), fronteiras naturais xa desapa-



recidas administrativamente. A isto debe agregarse un patrimonio histórico e cultural igualmente común (onde as semellanzas no idioma xogan un importante papel), condicionado tanto polos conflitos bélicos desde o s. XVII, como polas interrelacións económicas entre os dous pobos ao longo do tempo (Torres 1998; Pereiro e Silva 2000). Dentro do modelo contemplamos igualmente os que denominaremos *espazos destino secundarios*, que corresponden a aqueles lugares-cidades com maior atracción de turistas dentro do destino conxunto.

Os *mercados emisores de turismo* fundamentais cara á eurorrexión deben situarse no centro e este da península ibérica, cun 86 % do total de visitantes, e noutros países europeos cun valor moi reducido de apenas un 9 % (AECIT 2007, Turgalicia 2006; Dir. Gêral de Turismo 2005). Pola súa parte, o perfil cultural e de comportamento é en consecuencia, moi homoxéneo. A súa mobilidade interna na eurorrexión tende a descoñecer a antiga fronteira, o que significa en termos de análise admitir a hipótese dun elevado grao de permeabilidade (Pardellas e Padín, 2003; Santos 1999). Este dato terá unha especial importancia no modelo de análise dos espazos turísticos, por canto os resultados para o deseño das orientacións estratéxicas no mapa de transportes estará moi influído por aquela permeabilidade.

Os dous *núcleos* fundamentais na Eurorrexión deben situarse sen ningunha dubida, en torno ás dúas urbes de maior relevancia histórica, monumental e tamén administrativa: Santiago e Porto, que sendo cidades Patrimonio da Humanidade, constitúen ademais os principais destinos concretos máis coñecidos e que mellor identifican os mercados emisores, concentrando algúns dos máis importantes complexos de atracción a eurorrexión. De feito, a súa proxección exterior fóra da península aparece sempre estreitamente unido a estas dúas cidades (Borrell 2001; Baselga 2003):

- No caso de Santiago, polo singular impacto das campañas publicitarias e de promoción dos eventos relixioso-etnográficos, os anos Xacobeos (especialmente desde 1993 e 1999), onde deberán considerarse atractivos propios e derivados da fe católica con outras motivacións moito máis difusas que afectan ao turismo como viaxe de lecer xenérico e tamén ao turismo cultural e etnográfico de forma máis específica, reunidos na promoción e utilización do “Camiño de Santiago”.

- No caso de Porto, polo seu notable patrimonio histórico e etnográfico, como segunda cidade de Portugal e por conservar o seu singular papel no comercio internacional, xa destacado por David Ricardo no s. XVIII, centrado na fama das súas adegas e na exportación do viño da súa propia denominación, o que unido ao seu entorno litoral constitúe na actualidade o seu atractivo turístico fundamental (Cunha 2001).

Os **nodos** secundarios, pero con relevantes complexos de atracción como será exposto máis adiante, e que presentan un gran número de trazos comúns nos dous territorios administrativos, configuran no noso modelo dous eixos turísticos de elevada homoxeneidade e complementariedade, que completarían ao mesmo as principais **rotas circulatorias** da eurorrexión. Por unha banda, o eixo litoral, relacionado co turismo de sol e praia, pero tamén con destinos urbanos relevantes, configurando un gran espazo que uniría as Rías Altas e Baixas galegas coa costa atlántica portuguesa, e por onde ascende o “Camiño de Santiago” portugués. Doutra banda, o eixo interior, relacionado basicamente co turismo cultural, termal e de natureza, e configurando outro gran espazo que uniría a bimilenaria cidade de Lugo cos espazos naturais das serras dos Ancares e Gêrés, para acabar nos sucacos de vides nas terras de Peso da Régua, onde comeza a oferta etnográfica da ruta fluvial do viño ata Porto polo río Douro, pechando así a ruta circulatoria completa por toda a eurorrexión.

As **portas** de entrada ou saída, utilizadas sobre todo, en función dos mercados emisores e das motivacións dos turistas que se desprazan para visitar a eurorrexión como espazo turístico común poden diferenciarse:

- Para os mercados emisores europeos que se desprazan por vía aérea, as principais portas son xustamente os núcleos básicos, Santiago e Porto, onde se ubican os dous aeroportos internacionais da eurorrexión
- Para os mercados emisores de Portugal e do sur da península que se desprazan por estrada, a porta principal é a propia cidade de Porto, a través da autopista A-1 desde Lisboa
- Para os mercados emisores europeos e do centro da península que se desprazan igualmente por estrada, existen dúas portas principais nas cidades de Lugo e Ourense, por onde discorren as autovías do Noroeste (A-6) e das Rías Baixas (A-52). Estas dúas vías contribúen a configurar



a ruta circular antes citada, enlazando no litoral A Coruña con Porto pola A-9 que continúa na A-3 (IP-1), e desde Ourense ata Peso da Régua pola A-52 que sigue na A-24 (IP-4)

- Comprimos citar tamén aos turistas que se desprazan en tren, con dúas portas de entrada a Galicia desde a península nas estacións término de Coruña e Vigo, mentras que na Região Norte, sería a estación de São Bento en Porto quen recibiría a liña de ferrocarril desde Lisboa
- Finalmente, outra porta de menor valor cuantitativo (número de turistas que a usan), pero de especial valor cualitativo (proxección exterior da eurorexión), é o mencionado “Camiño de Santiago”, nos seus dous traxectos principais, o denominado francés con entrada oriental pola cidade de Lugo e o portugués tamén desde Porto

A definición e ubicación das portas de entrada na eurorexión como espazo turístico conxunto ten unha relevancia fundamental para analizar os movementos posteriores dos turistas dentro do territorio, que estarán condicionados tanto polo seu itinerario de entrada, como polo tipo de transporte utilizado.

É importante suliñar que dos máis de cinco millóns de usuarios anuais dos aeroportos de Santiago e Porto, só un escaso 10% podería considerarse turista en rigor, de acordo coas estimacións oficiais, o que significa a necesidade de servizos de transporte para 500.000 persoas. En bastantes casos eses servizos xa están incluídos no paquete turístico que teñan contratado en orixe, pero para o resto (sempre difícil de estimar), se precisarán ou ben autobuses para ir ás cidades, ou ben automóviles de aluguer para no seu caso, movérense polo resto da eurorexión.

Os desprazamentos desde as portas de entrada de Lugo, Ourense e Porto son basicamente en automóvil particular ou autobús e significan unha importante conxestión desde as vías de entrada ata os lugares de destino. As entradas desde o sur pola cidade de Porto (con independencia da eventual estadía nesta mesma cidade), implican desprazamentos importantes, ben para os espazos dos vales do Cávado e Ave ao norte, pola A-3, con posibles saídas a Braga e Guimarães, ou tamén pola A-28 para a costa atlántica e o Minho, con saída en Viana do Castelo, ou ben pola A-24, para o Val do Douro, Trás-Os-Montes e o espazo interior, con saídas en Peso da Régua, Vila Real ou Chaves.

Deben facerse aquí varias consideracións, por canto os desprazamentos pola A-28 coinciden cunha elevada densidade de tránsito de camións e vehículos comerciais, a causa de ser unha autovía sen pago e dar servizo a unha das áreas industriais e comerciais máis importantes de Porto con movemento cara Galicia. En lóxica, isto implica para os meses de verán, na temporada alta de turismo, un notable incremento da intensidade dos tránsitos, e algo semellante acontece na A-3 ata Braga, con elevadas densidades de vehículos circulando tódolos días por razóns de traballo ou comercio. Menos importante pode ser a concurrencia dos desprazamentos polas A-4 e A-24, que estarían aínda moi por baixo do seu umbral de conxestión.

No que respecta ás portas de entrada por Lugo e Ourense, os condicionantes para os accesos aos destinos mostran situacións ben diferentes. Por Lugo a autovía A-6 leva directamente ata o espazo do Arco Ártabro, con saída para Santiago na confluencia coa A-9, pero con densidades de tránsito non excesivamente elevadas na concurrencia entre o turismo e as outras actividades. Tamén a A-6 é a vía máis usada para acceder ás Rías Altas e dous enlaces anteriores levan aos espazos da Ribeira Sacra e aos Ancares con relativa facilidade.

No canto, a autovía A-52 desde Ourense leva directamente a Vigo e permite entrar no espazo das Rías Baixas ao través da autoestrada A-9, pero coincidindo xa co tránsito comercial desde o sur (Portugal) e no entramado da área metropolitana de Vigo, o que se traduce na agudización dos seus xa graves problemas de conxestión, con incrementos da circulación de vehículos nos meses de verán que poden superar o 30% en toda a área citada.

## 2. A APLICACIÓN DO MODELO Á ESTRUCTURA INTERNA DA EURO-REXIÓN: DEFINICIÓN E DESEÑO DOS ESPAZOS TURÍSTICOS

Tendo en conta os obxectivos xerais deste traballo e unha vez definido o deseño da eurorrexión como espazo e destino turístico conxunto, cómpre establecer a caracterización dos espazos secundarios dentro do seu territorio, que presentan trazos propios e atractivos singulares, que determinan en bastantes casos a motivación principal para o desprazamento do turista, quen logo, no tempo da súa estadía, pode ou non visitar tamén os núcleos principais (Santiago ou Porto). Isto implica en rigor de análise que moitos turistas poden viaxar á eurorrexión atraídos por espazos concretos e ignorar por completo ao resto do territorio.





En todo caso, as estadias en calquera espazo turístico da eutorrexión utilizan tamén as portas de entrada antes citadas, e poden supoñer desprazamentos internos (ás veces seguindo rutas axiais ou circulares, dependendo dos lugares que lles interese visitar e os atractivos que os motiven), que en conxunto, configuran un entramado de mobilidades que afecta significativamente ao uso das infraestruturas viarias do territorio, marcando un mapa tendencial de transporte con notable interese para o planeamento.

Dentro das posibles clasificacións de espazos que podían realizarse no territorio da eutorrexión utilizando diferentes factores ou características definitorias, elegimos a que responde aos dous criterios que gardan unha maior relación cos obxectivos citados:

- En primeiro lugar e en lóxica, a súa importancia turística, medida en recursos, servizos e número de visitas
- En segundo lugar, a súa situación xeográfica, vinculada aos principais eixos de infraestruturas viarias e medios de transporte

Esto dá lugar a unha configuración de espazos turísticos integrada nas directrices xerais de planeamento do territorio, e en consecuencia, interrelacionada co resto das motivacións e necesidades de transporte derivadas das demais actividades que se levan a cabo na eutorrexión.

Con estes criterios, o elemento fundamental dos espazos turísticos neste traballo pasará a ser o seu nodo principal (aínda que podería haber casos con máis dun nodo), quen concentra a maior parte dos servizos ao turista e será ao mesmo tempo o punto xeográfico central para a medición e análise das entradas e saídas relacionadas coas visitas e desprazamentos turísticos.

Núcleos		
	Denominación	Cidades dos núcleos
	Núcleo galego	Santiago
	Núcleo portugués	Porto

Nodos		
	Denominación Espazos turísticos	Cidades dos nodos
	Rías Altas	Viveiro
	Arco Artabro	A Coruña, Ferrol, Carballo
	Rías Baixas	Ribeira, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo
	Costa Atlántica entre Minho e Douro	Viana do Castelo, Barcelos
	Vales do Cávado e Ave	Braga, Guimarães, Vila Nova Famalicão
	Foz do Douro	Matosinhos, Vila Nova de Gaia, Vila do Conde
	Serra Oriental. Ancares	Lugo, Sarria
	Ribeira Sacra	O Barco de Valdeorras Monforte, Ourense
	Espazo fronteirizo interior	Verín, Chaves
	Trás-Os- Montes	Bragança, Mirandela
	Val do Douro	Peso da Régua, Vila Real, Lamego, Penafiel

No mapa recollemos a estrutura xeral da eurorrexión como espazo-destino conxunto e os espazos secundarios que foron establecidos en función dos elementos anteriormente definidos para o estudo.



Fonte: Elaboração propia

### 3. OS NÚCLEOS EN NODOS: CARACTERIZACIÓN COMO ESPAZOS TURÍSTICOS E DESPRAZAMENTOS QUE CONDICIONAN

Para a configuración dos espazos turísticos secundarios utilizaremos os conceptos de **Complexos de Atraccións** e **Componentes dos Servizos**. Un Complexo de Atracción consiste en calquera oferta con facilidades para que un turista poida visitala ou contemplala. O término refírese a unha ou máis atraccións individuais que xeran un interese e un desprazamento de turistas, e poden localizarse nun lugar xeográfico ou en varios dentro dunha rexión de destino.

En consecuencia, os complexos de atracción aparecen así como os elementos fundamentais a analizar nun destino turístico (Padín, 2004), e explican as principais motivacións para os desprazamentos dos turistas. Dado que para os obxectivos deste traballo non se podía entrar no inventario de recursos que permitirían crear atractivos (que en todo caso é presentado en resume no anexo), foron establecidas tres categorías xerais fundamentadas na revisión da literatura científica existente: recursos naturais e paisaxísticos, recursos histórico monumentais e recursos etnográficos. Pola súa parte, os elementos de servizo, que comprenden as facilidades de aloxamento, restauración, comercio e outros equipamentos sociais, constitúen atractivos menos motivadores e son tamén resumidos no anexo.

#### 3.1 CARACTERIZACIÓN DOS NÚCLEOS.

A configuración dos *núcleos*, definidos como os elementos centrais de atracción ao espazo turístico da eurorrexión, aparece definida ante os mercados emisores como o destino final das portas de entrada ao territorio, polo que a súa caracterización turística debe ser o primeiro apartado deste capítulo.

Complexos de atracción	Porto	Santiago
Recursos turísticos destacados		
<i>Natural Paisaxístico</i>	17%	20%
<i>Histórico Monumental</i>	60%	54%
<i>Etnográfico</i>	23%	26%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>396</b>	<b>169</b>



No que se refire a Porto, urbe de máis de 350.000 habitantes e onde coincide o seu carácter de núcleo e de porta de entrada á eurorrexión desde o sur de Portugal, a entrada de turistas pode superar anualmente os 800.000 visitantes. Debemos destacar que os seus atractivos principais aparecen concentrados na propia cidade, polo que a hipótese central do impacto do turismo sobre o tránsito incide dobremente na circulación urbana e nos accesos e rondas de circunvalacións á cidade, acentuando de forma extrema a conxestión habitual por outras actividades. A grande vantaxe de Porto é a recente posta en funcionamento do transporte metropolitano, que da servizo a unha área moi extensa, chegando mesmo ao aeroporto Sá Carneiro e a municipios veciños.

Debe suliñarse aquí tamén un relativo impacto sobre o uso do ferrocarril, derivado da oferta etnográfica en torno á historia do viño de Porto, que comprende viaxes en barco polo río ata Peso da Régua e volta (ou ida) en tren. Tendo en conta o elevado número de turistas que demandan esta oferta, e a propia demanda dos residentes que usan este medio para desprazarse a cotío aos municipios do interior, aquel impacto pode ser importante nos meses da temporada alta.

A cidade de Santiago pola súa parte, onde residen habitualmente unhas 120.000 persoas, aparece máis nidiamente configurada como destino término e a chegada de turistas varía notablemente entre os anos de celebración Xacobeas e os intermedios, poidendo superar os dous millóns no primeiro caso e apenas pasar dos 500.000 nos segundos. Os efectos do turismo sobre o transporte en xeral inciden de forma diversa pero moi importante en tódalas vías que atravesan a cidade. Observemos que unha parte dos seus atractivos son tamén de natureza e eso implica desprazamentos para entrar na área urbana e complementariamente, no seu entorno, acrecentando a conxestión da autoestrada A-9 e das estradas de segunda orde que a rodean en todas direccións. Igualmente, debemos recordar o peso dos Xacobeos na chegada de turistas, que poden chegar a pé sen intervir na circulación rodada, pero ao mesmo tempo, noutros medios de transporte con elevada intensidade a partir da primavera.

### 3.2 TRAZOS BÁSICOS DOS NODOS SECUNDARIOS

Como xa foi apuntado, na configuración da Eurorrexión como espazo turístico conxunto deseñamos varios nodos secundarios con importantes complexos de atracción, que son definidos a seguir:

1) O **nodo das Rías Altas**, como extensión do eixo litoral que integra como principais entidades de poboación ás vilas de Ribadeo, Foz, Burela, Viveiro e Ortigueira, concentra a uns 100.000 residentes que poden duplicarse nos meses de verán a causa do turismo, eso significa que o número de turistas chegaría a alcanzar a mesma cifra de 100.000, pero coa característica agregada de seren en bastantes casos usuarios de 2ª residencia, con estadías superiores aos 30 días (non hai datos para cuantificar a estadía media dos turistas estrictos). Os seus principais atractivos, en torno á natureza e a etnografía, aparecen situados xeograficamente ao longo do litoral, polo que os desprazamentos máis relacionados co sector turístico coinciden plenamente na temporada de verán cos derivados do resto das actividades económicas da zona e siguen o eixo horizontal da estrada N-642, acentuando de forma moi notable a conxestión desa vía, con densidades xa moi elevadas todo o ano.

A súa principal porta de entrada é a autovía transcantábrica desde Asturias por Ribadeo (onde faltan aínda algúns tramos na parte asturiana), pero debe tomarse en consideración igualmente, a entrada da mesma autovía desde Mondoñedo e Vilalba, que enlaza coa A-6 e Lugo, principal mercado emisor de turistas de 2ª residencia.

Nodos		
Denominación		Cidades
Rías Altas		RIBADEO, VIVEIRO

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisaxístico</i>	26%
<i>Histórico Monumental</i>	40%
<i>Etnográfico</i>	34%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>61</b>

Cómpre suliñar de todas formas, a posibilidade de desviar parte dos desprazamentos internos -realizados en sentido horizontal, pola situación dos seus atractivos naturais e monumentais máis importantes-, ao ferrocarril de vía estreita (FEVE), que ten estacións en tódalas vilas citadas e sigue o trazado do litoral



costeiro. Constitúe o medio de transporte habitual para os residentes e apenas está promocionado para o turismo, cando sen embargo, por seguir aquel trazado permite acceder á maioría dos principais complexos de atracción do territorio.

2) O **Arco Ártabro**, sigue cara occidente o eixo litoral e no seu espazo están situadas A Coruña e Ferrol, as principais cidades do norte de Galicia, configurándose como un nodo onde se combinan importantes ofertas de turismo urbano con non menos importantes produtos de litoral e natureza.

Nodos	Denominación	Cidades
	Arco Ártabro	A CORUÑA, FERROL, CARBALLO

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	32%
<i>Histórico Monumental</i>	45%
<i>Etnográfico</i>	23%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>123</b>

O conxunto urbano constitúe o que a Consellería de Ordeación do Territorio denomina Espazo Metropolitano Ártabro, con máis de 700.000 habitantes, que pode recibir nos meses de verán a un total de 300.000 turistas con estadias medias de 10 días. Este espazo conta con dúas portas de entrada usadas en función do percorrido que fagan dos turistas. Sen dúbida, a principal porta é a autovía A-6, vía de entrada desde os mercados emisores do centro e leste da península, e tamén de Europa. Pero tamén relevante é a autoestrada A-9, por onde chegan turistas portugueses e do interior e litoral de Galicia.

A maior parte dos atractivos deste nodo están situados na costa e igual que no caso anterior, polo que as vías principais por onde se realizan os desprazamentos internos son a citada autoestrada A-9, de Coruña a Ferrol, e máis a AG-55, entre Coruña e Carballo, con enlaces ás praias e outros puntos de interese. Obviamente, estas vías xa soportan unha elevada densidade de tránsitos todo o ano que se acentúa polo turismo, pero observemos que unha oferta relevante



neste nodo é o turismo urbano e velaí que os problemas da circulación interna aparecen da mesma forma intensificados nos meses de verán.

Debemos destacar a existencia dunha via ferroviaria normal entre as dúas cidades, con estacións en case tódalas praias e lugares de interese natural, que tamén neste caso apenas é usada (nen tampouco promocionada) para os desprazamentos dos turistas, e que sen embargo, serviría para desconxestionar notablemente os tránsitos de vehículos polas estradas que citamos.

3) O **nodo das Rías Baixas** podería considerarse unha extensión do Espazo Metropolitano que con esa mesma denominación integra ás cidades de Vigo e Pontevedra, pero que na nosa definición alcanzaría ás vilas de Vilagración, Ribeira, Noia e Muros.

Nodos	
Denominación	Cidades
Rías Baixas	RIBEIRA, VILAGARCÍA, PONTEVEDRA, VIGO

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	42%
<i>Histórico Monumental</i>	40%
<i>Etnográfico</i>	18%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>341</b>

O conxunto do nodo concentra aproximadamente a 800.000 residentes, pero recibe anualmente a máis de un millón de turistas coa estadía media de 15 días. Encontramos aquí un destino orientado tradicionalmente ao turismo de litoral, onde sen embargo, cada vez cobra máis relevancia a oferta urbana e etnográfica, sobre todo en torno ás festas gastronómicas. As implicacións destas motivacións combinadas no mercado turístico para os desprazamentos e as necesidades de transporte son diversas e aínda que supoñen en tódolos casos acentuar os problemas da densidade dos tránsitos na A-9, que enlaza con tódalas vilas citadas, nos meses de verán a explosión dos desprazamentos por todo o territorio desborda sempre as previsións máis pesimistas.



A principal porta de entrada ao espazo, considerado globalmente, é a autovía A-52 desde o centro e leste da península, que enlazando en Porriño coa autoestrada A-9, permite o acceso ás principais cidades e vértices das rías para os turistas que queiran logo continuar cara os destinos de litoral. A recente conversión en autovías das vías rápidas do Salnés e do Barbanza probablemente contribúen a aliviar en certa medida a conxestión habitual, pero tamén se debe recordar que unha vía de alta capacidade sempre anima a usar o vehículo privado a persoas que se cadra, usaban antes o transporte colectivo. En todo caso, neste territorio pode potenciarse o uso do tren para os desprazamentos entre cidades, o que reduciría sen dúbida a conxestión na autoestrada e máis nas propias cidades. Cómpre citar tamén o transporte interno nas rías para o turismo (xa importante na de Vigo), que tivo un papel relevante na de Arousa ata os anos 80 e despois desapareceu.

4) O **nó da Costa Atlántica entre Minho e Douro** continua o eixo litoral para o sul e incluí as cidades de Valença do Minho, Caminha Viana do Castelo e Barcelos, com aproximadamente um total de 250.000 residentes. Nos meses de Verão chega a receber cerca de 50.000 turistas.

Nodos	
Denominación	Cidades
Costa Atlántica Minho e Douro	VIANA DO CASTELO, BARCELOS

Complexos de atracción	
Recursos turísticos destacados	
<i>Natural Paisajístico</i>	32%
<i>Histórico Monumental</i>	40%
<i>Etnográfico</i>	28%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>141</b>

Esta região encerra uma combinação única de recursos de litoral e históricos os quais apesar de essencialment localizados na zona costeira, também se encontram repartidos por áreas do interior. Tal atracção tem um impacto elevado sobre o tráfego da A-28, (por si já intenso uma vez que se trata de uma via sem portagem alternativa à auto-estrada A-3 com portagem).

A principal porta de entrada na região é a referida A-28, tanto desde a Galiza pelo norte, como desde o Porto pelo sul. A população também recorre a esta via para deslocações internas e ligações a estradas secundárias.

Neste caso, uma oferta de transportes ferroviários seria relevante para reduzir a circulação em estrada. No entanto, haveria a necessidade de desenvolver um melhor serviço pois a oferta existente é dissuasora, em particular para os turistas da Galiza. O mercado emissor maioritário para este espaço é o português do interior, interessado nas praias de Ofir e Viana do Castelo.

5) O **nó dos vales do Cávado e Ave** não deveria considerar-se , dentro do eixo litoral, considerando que todas as cidades que o constituem se encontram no interior. No entanto, trata-se de uma área na qual a procura turística circula na auto-estrada A-3, principal via do litoral, constituindo um dos eixos circulatórios no território da Euro-região. Assim, por razões metodológicas, será considerada com os restantes espaços que se situam na naquele eixo geográfico.

Nodos		
	Denominación	Cidades
	Vales do Cávado e Ave	BRAGA, GUIMARÃES, VILA N. FAMALICÃO

#### Complexos de atracção

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	12%
<i>Histórico Monumental</i>	60%
<i>Etnográfico</i>	28%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>120</b>

Integra as cidades de Braga, Guimarães e Vila Nova de Famalicão, com mais de 300.000 habitantes, nos meses da temporada alta de turismo podem receber 80.000 visitantes da Galiza e do sul de Portugal. A maior parte das suas atracções turísticas integram a categoria dos monumentos históricos, especialmente o caso de Guimarães, considerada a cidade berço da nação portuguesa.

A principal porta de entrada é a auto-estrada A-3, por onde circulam os turistas provenientes da Galiza desde o norte, e do Porto e Lisboa desde o sul.



Adicionalmente, foi recentemente aberta a estrada A-7 até Chaves convertendo-se numa porta de entrada importante para o turismo do interior da península que liga a A-52 em Verín e permite aceder ao interior português.

O impacto da circulação rodoviária proveniente do turismo concentra-se na sua maior parte nas deslocações pela auto-estrada A-3, como via de ligação básica para aceder a todas as cidades do nó e pela referida auto-estrada A-7, que une esta área ao litoral. Nestâmbito, e apesar de se configurar como um nó de procura turística média-baixa, a sua proximidade ao núcleo do Porto e a circulação da população/interna contribuem para agudizar os problemas de intensidade de tráfego nessas vias.

É merecedor de nota o potencial do transporte ferroviário para o uso do turismo, havendo uma oferta ampla e regular de serviços entre Braga e Porto. Não temos conhecimento de uma promoção institucional deste meio de transporte junto dos turistas, psrecendo-nos que o recurso a esta alternativa contribuiria para reduzir a circulação automóvel entre as duas cidades e contribuir para o descongestionamento da auto-estrada A-3 (em particular).

6) O **nó da Foz do Douro** não deverá ser considerado separadamente do núcleo do Porto, o qual complementa e dá um maior sentido turístico, unindo os recursos do litoral com os do rio Douro, completando o eixo litoral.

Nodos	Denominación	Cidades
	Foz do Douro	MATOSINHOS, V.N. GAIA, VILA DO CONDE

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	22%
<i>Histórico Monumental</i>	35%
<i>Etnográfico</i>	43%
<i>Total recursos destacados</i>	85

Este nó integra as cidades da Póvoa de Varzim, Vila de Conde, Matosinhos e Vila Nova de Gaia, com mais de 400.000 habitantes, podendo receber 300.000 visitantes nos meses de Verão. De notar que muitos dos visitantes são partilhados com o núcleo do Porto uma vez que as caves do vinho do Porto se situam na outra margem do rio - em Gaia. Pelas características das cidades deste nó, as suas atracções têm vindo a focar a história e etnografia da região de modo semelhante á cidade do Porto, e esta concorrência implicaria em rigor uma notável dificuldade para estabelecer os traços do destino, ainda que este não seria o objectivo principal para este trabalho, considerando que o impacto do turismo destas cidades nas deslocações afecta por igual todo a área metropolitana do Porto, logo incide nos movimentos que já foram analisados.

A principal porta de entrada é para o tráfego do sul (essencialmente de Lisboa), e tal como no caso do Porto, a auto-estrada A-3. Para quem vem do norte, a circulação dá-se A-28 quer para visitantes que para a população/interna. Esta autoestrada não exige pagamento de portagem e continua com ligação à Galiza apresentando um tráfego elevado de veículos ligeiros e pesados ao qual acresce nos meses de Verão e em épocas de eventos de atracção turística, a circulação relacionada com o turismo.

O uso do transporte ferroviário poderia contribuir para uma redução significativa do tráfego nas estradas. Seria, no entanto, necessária uma melhoria generalizada das condições actuais do serviço as quais são dissuasivas em particular para os turistas da Galiza.

7) O **nó do Val do Douro** configura-se como a continuidade geográfica dos destinos da Foz do Douro e do Porto. A sua sua atracção etnográfica complementa-os encontrando-se unidos através da história do cultivo das vides nas terras interiores dos socacos do Douro próximos do Peso da Régua, lugar a primeira elaboração e transporte do vinho ata Porto-Gaia, onde se envelhece nas adegas e lhe confere a denominação internacional “Porto”.



Nodos	Denominación	Cidades
	Val do Douro	P. RÉGUA, VILA REAL, LAMEGO, PENAFIEL

#### Complexos de atracção

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	31%
<i>Histórico Monumental</i>	22%
<i>Etnográfico</i>	47%
<i>Total recursos destacados</i>	92

Esta área integra as cidades de Penafiel, Amarante, Peso da Régua e Vila Real, com cerca de 230.000 habitantes recebendo em época alta mais de 200.000 visitantes. A maior parte das suas atracções assentam na etnografia e natureza. Muitos dos visitantes são atraídos pela oferta combinada da viagem de barco pelo rio, sendo o mercado emissor britânico um dos mais importantes para este destino derivado da sua visita à cidade do Porto. É também no Porto a saída dos barcos e comboios para a visita a às referidas cidades do rio Douro. O mercado da Península Ibérica tem-se mostrado cada vez mais interessado nesta oferta.

A principal porta de entrada para este espaço é a auto-estrada A-3, tanto para os mercados emissores do norte (Galiza, regiões do norte de Espanha), como para os do sul (Lisboa principalmente). Mas devem destacar-se também as rotas de circulação interna pela A-4 desde o Porto e a A-24 que ascende desde Coimbra até Chaves. Nenhuma delas é via de muito trânsito pelo que as deslocações em torno deste nó não representam um grande impacto sobre o trânsito habitual.

No entanto, poderia ter algum efeito sobre o uso do transporte ferroviário, por onde se realizam as deslocações entre o Porto e Peso da Régua, dentro da oferta citada, mas em todo o caso, sempre seria possível foca-lo em sentido positivo, isto é, elaborando um projecto de melhoria deste meio adaptado ao duplo uso de viajantes habituais e de turistas com vantagens para todos.

8) O **nó de Trás-Os-Montes** é provavelmente um dos mais singulares dentro do eixo interior, tanto pelos seus atractivos, como pelas dificuldades de acesso desde a rota circular que definimos na configuração do destino conjunto da euro-região.

Nodos		
	Denominación	Cidades
	Trás-Os-Montes	BRAGANÇA, MIRANDELA

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	32%
<i>Histórico Monumental</i>	50%
<i>Etnográfico</i>	18%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>43</b>

Integra as cidades de Bragança e Mirandela, que reúnem uns 100.000 habitantes e podem receber nos meses de Verão outros 30.000 turistas. Os seus atractivos estão mais concentrados na categoria monumental e uma certa parte também paisagística ainda que a sua situação extremamente periférica não contribui para gerar uma grande motivação para a visita a este destino. Os mercados emissores podem situar-se sobretudo na península ibérica e também nos próprios residentes portugueses da Região Norte.

Não é muito comum estabelecer as portas de entrada neste espaço, por enquanto os acessos apresentam sérias deficiências em todos os casos. Provavelmente a porta mais usada é a que entra pelos desvios da auto-estrada das Rias Baixas A-52, para os mercados emissores da península, circundando Póvoa de Sanabria pela ex-fronteira de Calabor, ou bem ligado a Vinhais por Carvalhas. Para os mercados da Região Norte haveria de entrar desde Chaves pela estrada continuação da auto-estrada A-7.

Nenhum desses acessos chega a gerar problemas de circulação para outras deslocações orientadas para o resto das actividades económicas. De facto, essa situação periférica é neste momento um problema para os turistas que querem aceder a esse nó, sem dúvida com notável atractivo pela singularidade do





conxunto monumental de Bragança e mais pela paisagem dos espazos naturais vizinhos, polo que a urgência maior a curto prazo sería completar a auto-estrada A-4 desde Chaves a Bragança con aquele obxectivo.

9) O **nodo do espazo fronteirizo interior** formado polas cidades de Chaves e Verín, presenta unha configuración moi singular, tendo en conta que foi declarado recentemente como *Eurocidade*, con importantes proxectos de integración social, cultural e económica, que deben dar lugar a un novo espazo onde serán compartidos os equipamentos turísticos, ambientais, educativos, de saúde e mesmo tamén de transporte, polo que o impacto do turismo sobre este último estará sometido a planeamento e con certeza non xerará problemas para a circulación no medio prazo.

Nodos		
	Denominación	Cidades
	Espacio fronteirizo interior	VERÍN, CHAVES

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	20%
<i>Histórico Monumental</i>	43%
<i>Etnográfico</i>	37%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>123</b>

Unha grande parte dos seus atractivos están clasificados dentro das categorías monumental e etnográfica, aínda que no proxecto actual para a configuración da Eurocidade podemos encontrar varias actuacións dentro das áreas ambiental e de saúde, dando un maior uso e aproveitando os recursos do río Tâmega por unha banda, no que existe un proxecto de corredor ambiental, e máis tamén das augas termais, para as que igualmente se elaborou un proxecto de cidade de saúde mellorando e modernizando os actuais manantís e instalacións balnearias. O conxunto dos proxectos tenderá a crear unha maior variedade de atractivos.

As dúas portas básicas de entrada a este espazo son o enlace en Verín coa autovía A-52, para os mercados emisores que acceden desde o centro da pe-

nínsula, e para os mercados portugueses, pola autovía A-24, desde o sul. Non pensamos que exista ningún problema especial para a circulación e o transporte nestas vías de acceso a causa dos tránsitos derivados da actividade turística. Cómpre suliñar tamén o seu papel como nudo de enlace central entre os eixos turísticos litoral e interior, permitindo un eventual intercambio entre eles, ben desde a autovía A-7, para os visitantes de Portugal, ou ben usando a A-52, para os que viñesen das Rías Baixas, o que pode ser relevante como factor de desenvolvemento do propio espazo fronteirizo e máis para o planeamento dos trasportes entre os eixos litoral e interior citados.

10) A **Ribeira Sacra**, aínda constituindo un importante nodo interior presenta unha configuración transversal, dado que integra ás cidades de O Barco de Valdeorras, Monforte de Lemos e Ourense, avanzando mesmo ata O Carballiño e o Ribeiro. A poboación destas cidades alcanza os 280.000 habitantes e recibe a uns 100.000 turistas ao longo de todo o ano e en especial nos meses de temporada alta.

Nodos	Denominación	Cidades
	A Ribeira Sacra	O BARCO, MONFORTE, OURENSE

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisaxístico</i>	16%
<i>Histórico Monumental</i>	56%
<i>Etnográfico</i>	28%
<b>Total recursos destacados</b>	<b>85</b>

Presenta atractivos de tipo monumental na cidade de Ourense, unidos aos naturais e etnográficos situados xeograficamente en alargamento transversal desde O Barco ata O Ribeiro, ao longo do río Miño e o seu afluente o Sil, onde una oferta de catamaráns permite disfrutar do seu decurso encaixonado, nun percurso de varios kilómetros con vistas aos sucalcos de viñedos e visitas aos principais recursos monumentais da zona.



Aínda que se trata dun destino emerxente que vai gañando demanda, o seu mercado emisor principal polo dadora é o galego e crescendo o das comunidades máis veciñas da península, con forte estacionalidade a causa das dificultades para a travesía fluvial nos meses de inverno.

A porta de entrada principal é a autovía A-52, a partir de Ourense, ou tamén alternativamente, para os turistas que chegan da península, a autovía A-6, coa saída xustamente no Barco de Valdeorras, seguindo a estrada N-120, vía que non presenta unha especial conxestión dos tránsitos por outras actividades económicas. Porén, é necesario precisar que aínda tratándose dun destino emerxente, o seu crecemento turístico concurriría co tránsito de camiións procedentes das canteiras de pizarra de toda a área de Valdeorras, que utilizan igualmente a N-120 para saír á autovía A-6, o que debe terse en conta no planeamento futuro dos desprazamentos por toda esa zona.

Con independencia do futuro trazado da liña do AVE, sería interesante unha análise específica do potencial do ferrocarril para a circulación interna neste espazo.

11) Finalmente, o **nodo da Serra Oriental e os Ancares**, integrado polas cidades de Lugo, Sarria e Becerreá como entrada aos Ancares, ten unha poboación total de case 200.000 residentes e pode recibir a uns 80.000 turistas ao longo de todo o ano.

Nodos		
	Denominación	Cidades
	A Serra Oriental. Ancares	LUGO, SARRIA

#### Complexos de atracción

Recursos turísticos destacados

<i>Natural Paisajístico</i>	36%
<i>Histórico Monumental</i>	55%
<i>Etnográfico</i>	19%
<i>Total recursos destacados</i>	<b>46</b>

Estamos aquí ante un espazo turístico con recursos moi singulares, tanto de tipo monumental (a bimilenaria cidade de Lugo), como naturais (a serra dos Ancares), desafortunadamente bastante infrautilizados na actualidade, a pesar de situarse dentro do Camiño de Santiago francés e recibir regularmente un elevado número de visitantes peregrinos de paso. En todo caso, considerando que existe un plan estratéxico de desenvolvemento turístico para Lugo, a medio prazo poderíamos presenciar unha importante evolución das ofertas e a promoción como un nodo emerxente, que recibiría sobre todo visitantes dos segmentos de demanda interesados na historia, e de forma crecente, aos amantes da natureza. Estes últimos agora mesmo poden disfrutar de atractivos de media montaña, pero con deficientes accesos e escasos equipamentos, que dentro das previsión do citado plan serían modernizados nos vindeiros anos.

Constituindo a cidade de Lugo unha das portas de entrada xenéricas á eurrrexión, os tránsitos turísticos ao través da autovía A-6, coinciden cos de acceso aos nodos do norte e mesmo ao núcleo de Santiago. De todas formas, dentro deste espazo destino o impacto máis relevante concorre na saída da A-6, coa circulación orientada ás actividades económicas de Lugo como capital da provincia, mentras que o acceso aos recursos de montaña desde o enlace na vila de Becerreá, que poden dar lugar a novas actividades turísticas, non reviste problemas para a circulación rodada, aínda que o futuro planeamento das infraestruturas en torno a este espazo deberá ter en conta esta circunstancia, sen elevar o impacto sobre os tránsitos na A-6.

#### 4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE ACCIÓN

De acordo coa definición presentada neste traballo para os espazos turísticos, é evidente unha clara diferenza entre os fluxos circulatorios no eixo litoral e no interior. Por outra parte, no eixo litoral aparecen situados os dous núcleos de atracción principal do destino conxunto da eurrrexión, Santiago e Porto, onde observamos un especial impacto dos desprazamentos turísticos sobre os tránsitos habituais de vehículos nas dúas cidades e máis na globalidade do eixo litoral.

Os problemas da cidade de Porto, como núcleo e porta de entrada desde o sur, son especialmente graves e veñen a trasladarse aos dous espazos veciños e relacionados con ela, a Foz do Douro e o Val do Douro, aínda que con efectos ben diferenciados. O primeiro pola concurrencia dos tránsitos en torno á au-



toestrada A-3 e a autovía A-28, cos desprazamentos derivados do resto das actividades económicas, o que debe obrigir a unha revisión a fondo dos proxectos de novas infraestruturas para toda esa área territorial, e especialmente a potenciar o uso de medios de transporte alternativos (metro, tren) para os turistas. O segundo nodo citado (o Val do Douro), presenta un impacto apenas marxinal no tránsito de vehículos, pero máis elevado na liña férrea ata Peso da Régua, moi vella e con baixas prestacións. Desde a nosa perspectiva, o incremento de demanda deste transporte polos turistas, debe aconsellar unha importante renovación desta infraestrutura, que daría lugar a unha mellora do servizo para os residentes, reducindo os problemas de concurrencia co turismo e mellorando tamén ao mesmo tempo a súa imaxe.

Despois da cidade de Porto, o espazo das Rías Baixas é o que representa os maiores impactos do turismo sobre a circulación de vehículos na temporada alta dos meses de verán e precisaría un planeamento específico para o transporte, baseado nun estudo máis profundo dos desprazamentos internos realizados nesa época do ano. Aquí debe terse e conta que a diversidade de ofertas e atractivos distribúe aos turistas por tódalas estradas secundarias, creando conxestións puntuais nuns casos e permanentes ao longo do verán noutros casos, por mor de festas, visitas a pobos singulares ou simplemente idas e regresos entre as praias e as cidades.

O nodo do Arco Ártabro acusa igualmente un notable impacto do turismo sobre a circulación habitual, por concentrar en elevado número de ofertas e atractivos ao longo da autoestrada A-9, pero onde os vehículos son trasladados logo e dispersados a tódalas estradas secundarias que dan acceso a praias e lugares de interese. Tamén aquí debe destacarse no planeamento un esforzo en potenciar o tren como medio de transporte alternativo para o turismo, que serviría por extensión con idéntico obxectivo cara o espazo das Rías Altas, na continuidade co FEVE.

No resto dos espazos definidos, os problemas son menores e a concurrencia dos desprazamentos turísticos cos derivados das outras actividades económicas e comerciais apenas implica un impacto relevante para os tránsitos habituais. Compriría en todo caso, facer un estudo máis profundo sobre os desprazamentos internos en cada nodo, para planear correctamente as melloras nas infraestruturas e mesmo na intermodalidade, coa finalidade xeral de reducir os efectos puntuais do incremento da circulación de vehículos nos meses de verán.

Como resumo final podemos destacar algúns resultados relevantes para o planeamento dos transportes dentro da eurrrexión:

1. A actividade turística interfere e acentúa problemas de intensidade de tránsitos no eixo litoral e principalmente nos tres espazos metropolitanos de Coruña-Ferrol, Vigo-Pontevedra e Porto, sobre todo na temporada alta. Neses espazos os desprazamentos tenden a concentrarse axialmente na autoestrada A-9-A-3 e agás no caso de Porto, a alternativa do ferrocarril é marxinal para a demanda turística. Este último dato debería analizarse con especial rigor no planeamento, tendo en conta o carácter central dos espazos metropolitanos na ordeación do territorio
2. Os outros espazos do eixo litoral por concentraren os desprazamentos turísticos nas vías usadas xa intensamente por tránsitos derivados doutras actividades económicas, acrecentarán os problemas xa existentes no transporte actual. En todo caso, as tendencias e a importancia futura dos nodos en cada espazo son ben diferentes e requirirán unha análise máis polo miúdo, tendo en conta ademais que integran ás principais vilas cabeceiras da ordeación do territorio en Galicia. As Rías Baixas, por exemplo, presentan alternativas de alta capacidade para os desprazamentos internos (varias delas xa construídas e en funcionamento en 2009), o que debería implicar un efecto máis racional na ordeación do territorio. Por outra parte, nas Rías Altas e máis na Costa Atlántica portuguesa, a posibilidade de facilitar a alternativa ferroviaria para os desprazamentos turísticos ha de ser un obxectivo fundamental para o planeamento do transporte. Igualmente, no espazo dos vales do Cávado e Ave, incluído no eixo litoral por razóns metodolóxicas, tamén sería de notable relevancia o uso do ferrocarril.
3. Os espazos interiores da Serra Oriental e a Ribeira Sacra deben saber integrar a actividade turística co resto do seu sistema produtivo, creando unha nova dinámica a medio prazo na que as vías de comunicación e o transporte actúen como factores básicos para facilitar o desenvolvemento de todo o eixo interior da eurrrexión. O planeamento debería contribuír a dar maior operatividade económica aos nodos deste territorio que tamén coinciden basicamente coas vilas cabeceiras da ordeación territorial galega, e onde as autovías en cons-



trucción configurarían así un triángulo xeográfico de transporte que serviría para mellorar as condicións de vida e de traballo dos habitantes no territorio

4. O espazo fronteirizo interior (Eurocidade en construción), pode incrementar o seu papel central e de distribución de tránsitos turísticos cara os outros espazos interiores e tamén cara os litorais, axudando a descargar algunhas intensidades de tránsitos noutras infraestruturas viarias. O planeamento debería aproveitar a súa situación xeográfica na porta de entrada A-52 á eurorrexión con aquel obxectivo
5. Os espazos de Trás-Os-Montes e Val do Douro deberían completar co espazo fronteirizo Chaves-Verín o triángulo de vertebración sur para o interior do eurorrexión. O planeamento ha de contemplar os desprazamentos derivados da actividade turística como un factor integrador das economías deste territorio que presenta perdas constantes de poboación.

## BIBLIOGRAFÍA

Barrado, D. (2001) “Ordenación territorial y desarrollo turístico”. *Estudios Turísticos*, 149: 12-19.

Baselga, J (2003) “Las estrategias de mercado en la promoción turística de las ciudades monumentales” in *Actas Congreso Desarrollo Turístico Integral de Ciudades Monumentales*. Patronato Provincial de Turismo. Granada

Borrell, D. (2001) “La Ruta Jacobea: intercambio y cultura” in *Actas Congreso Internacional de Itinerarios Culturales*. Ministerio de Educación. Madrid

Cadima, J et al (2002) “O turismo no espaço rural: uma digressão pelo tema a pretexto da situação e evolução do fenómeno em Portugal” in *Actas do VIII Encontro Nacional da APDR*. Coleção APDR. Coimbra

Cunha, L. (2001) *Introdução ao turismo*. Verbo. Lisboa

Dredge, D (1999) “Planificación y Diseño de Destinos Turísticos”. *Annals of Tourism Research en Español* 2 (1): 394-414

Gunn, G. A. (1972) *Vacationscape: Designing Tourist Regionals*. Austin: University of Texas


- Gunn, G. A (1993) *Tourism Planning: basics, concepts, cases*. London: Taylor& Francis.
- Leiper, N.(1995) *Tourism Management*. Melbourne: RMIT Press
- Lue, C. ; Crompton, J.and Fesenmaier (1993) “Conceptualization of Multi-destination Pleasure Trips”. *Annals Of Tourism Research* 20: 289-301.
- McLoughlin, J. (1969) *Urban and Regional Planning: A Systems Approach*. London: Faber and Faber.
- Opperman, M.(1993) “Tourism Space in Developing Countries”. *Annals of Tourism Research* 20: 535-560.
- Pardellas, X (2002) *Aproximación á actividade turística nas cidades do Eixo Atlántico*.Vigo: Ed, Eixo Atlántico.
- Pardellas, X et al (2003). “El desarrollo local y la cooperación ente España y Portugal” in Actas do IX Encontro Nacional da APDR. Coleção APDR. Coimbra
- Pardellas, X e Padín C (2009) *Estratexias turísticas das cidades do Eixo Atlántico*. Ed. Eixo Atlántico. Vigo
- Pearce, D.(1995) *Tourism Today: A Geographical Análisis* (2nd ed.). New York: Longman.
- Pereiro, X y Silva, P. (2000) “A re-elaboração da história como recurso estratégico na construção das identidades: historiografias e fronteiras” *Actas VI Congreso de Antropología de Iberoamérica*. Universidad de Salamanca.
- Pizam A. and Mansfeld Y.(edit) (2000) *Consumer Behavoir in Travel and Tourism*. Haworth press. Binghamton
- Santos, X. (1999) *Guía da raia pola beira do Miño en Galicia e Portugal*. Xunta de Galicia-CCRN. Santiago
- SwarBrooke, J., Horner, S.(1999) *Consumer Behavior in Tourism*. Oxford: Butterworth Heinemann
- Torres Gómez, H.(1998) *España y Portugal. Siglos IX-XX. Vivencias Históricas*. Madrid: Síntesis
- Vera, F. (2002) “Estrategias de diversificación y diferenciación en destinos turísticos litorales” in Pardellas X. *Estrategias turísticas urbanas*. AECR. Vigo.





# A CADEA EMPRESARIAL DE LOXÍSTICA E TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E AS PLATAFORMAS LOXÍSTICAS NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

*Pedro Figueroa Dorrego  
Jorge González Guarriarán  
Miguel González Loureiro  
Universidade de Vigo*



A CADEA EMPRESARIAL DE LOXÍSTICA E TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E AS PLATAFORMAS LOXÍSTICAS NA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

## 1. A LOXÍSTICA E O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS COMO FACTOR DE COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS E TERRITORIOS

A relevancia do desenvolvemento da cadea de actividades de loxística e transporte de mercadorías como factor de competitividade dos sistemas empresariais territoriais, é unha consecuencia do incremento dos intercambios co-

merciais a nivel mundial, e da importancia dos procesos loxísticos que obriga as empresas a unha xestión integrada dos mesmos e a súa externalización. O Libro Branco do Transporte da UE (Comisión Europea, 2001) prevía un incremento da mobilidade ata o ano 2010, cifrado no 24% nas persoas e dun 38% nas mercadorías. Segundo a Organización Mundial do Comercio o crecemento das exportacións mundiais de mercadorías supera o crecemento da produción mundial (5,5% fronte o 3% entre os anos 2000 e 2007). Este crecemento dos intercambios comerciais responde fundamentalmente a catro aspectos relacionados co progresivo proceso de globalización dos mercados: o **impulso dos acordos internacionais**, as **políticas de infraestruturas e o transporte**, os **cambios nos requirimentos da demanda** e o **impacto das innovacións tecnolóxicas**.

Neste contexto a loxística convertese nunha función clave e estratéxica nas empresas e pon en primeiro plano a necesidade dunha xestión integrada dos procesos loxísticos e a súa externalización como factor de competitividade das empresas. Esta necesidade vese potenciada, non so pola extensión e crecemento dos fluxos loxísticos entre mercados inter e intra rexionais, senón tamén polo efecto de polo menos catro aspectos que están a incidir na competitividade dos sistemas empresariais no seu conxunto, nas diferentes cadeas de actividades empresariais e nas empresas a nivel individual: os **cambios na cadea de valor**, os **maiores niveis de esixencia dos clientes**, a **relevancia da xestión do tempo** e a **presión na redución dos custes**.

Segundo o ICIL (Institut Catalá de Logística), os custes loxísticos das empresas representan entre un 15% e o 30% do custe do produto, porcentaxe que *A.T Kearney* (Prieto, 2006) cifra entre o 8% e un 11% do valor total das vendas (entre o 10% e o 43% do VEB, 43% e o 95% do porcentaxe do marxe operativo) dependendo do sector produtivo, polo que a redución de custes e o incremento do nivel de calidade de servizo, esixe pasar dunha visión fragmentada das actividades loxísticas, repartidas entre diferentes departamentos empresariais con obxectivos específicos (aprovisionamento, produción e distribución), a unha visión integrada do proceso loxístico de carácter estratéxico que, dende un departamento de dirección loxística (obxectivo común), permita a “...integración dos procesos claves da empresa dende o consumidor final ata os primeiros provedores que subministran produto, servizos e información co obxecto de engadir valor os clientes e a outras partes interesadas” (Stock e Lam-




bert, 2001). Esta visión, que se ven a chamar “Supply Chain Management” (SCM), supón non so a integración da loxística interna e externa, senón tamén a consideración dos fluxos de retorno dos produtos (o seus residuos) dende o consumidor final o fabricante ou recuperador (loxística inversa), como resposta o incremento da sensibilización social no referente a medio ambiente e o desenvolvemento sostible (Bañegil et al., 2001).

O concepto de “supply chain” responde polo tanto a necesidade que teñen as empresas de dar unha resposta eficiente a esixencias do mercado o través dunha mellor coordinación dos fluxos cos provedores e clientes que incida positivamente na mellora da flexibilidade e a redución da incerteza, Nese contexto cobran importancia plantexamentos integrados e coordinados entre os diferentes axentes, baixo unha lóxica de colaboración, tales como o *Just in Time* (JIT), *Quick Response* (QR), *Lean Management*, *Agile Management*, *Efficient Consumer Response* (ECR), *Vendor Management Inventory* (VMI), *Continuous Replenishment* (CR), *Continuous Planning Forecasting and Replenishment* (CPFR), entre outros, que intentan aportar estratexias para mellorar a eficiencia dos procesos e mellorar os estándares de calidade, servizo e custe en diferentes cadeas empresariais (Sachan e Datta, 2005) (Meixell e Gargeya, 2005];]. É de destacar tamén a estratexia de “postponement”, especialmente no sector de automoción, que pretenden retardar o máximo a execución das actividades loxísticas ata que se podan identificar os atributos exactos da demanda (García Arca et al., 2006), e o “*Crossdockings*” para consolidar embarques dende diferentes fontes, especialmente no sector de alimentación (Fundación OPTI, 2006).

Os custes loxísticos para os 24 principais sectores industriais en Europa segundo a *European Logistics Consultant*, se reparten do seguinte xeito: as actividades de de transporte e distribución representan o 33%, o almacenaxe o 24%, os custes de xestión de *stock* o 23%, o proceso de pedido o 12% e o 6% a xestión loxística. A complexidade crecente das operacións loxísticas e a súa relevancia como factor de competitividade das empresas (calidade, servizo e custe), provoca unha tendencia pola banda das empresas á subcontratación, externalización ou “outsourcing” destas operación a operadores loxísticos e transportistas especializados, cun alto nivel de profesionalización e tamaño que permita operar a nivel internacional e doten ao proceso loxístico dunha maior eficacia e eficiencia.

As empresas especializadas de loxística e transporte de mercadorías constitúen una cadea de actividades empresariais conformada por una cadea principal na que se sitúan as empresas de transporte de carga xeral (completa ou fraccionada), transportistas especializados (frigorífico, mercadorías perigosas, ..), transportistas de mensaxería (*couriers*) e paquetería, transporte marítimo, ferroviario e aéreo, os operadores loxísticos, os terminais de almacenamento e distribución (descarga, fraccionamento, clasificación, ubicación, preparación pedidos, expedición ou carga), e outros servizos loxísticos (embalaxe, etiquetado, “*merchandising*”, pequenos montaxes, facturación, e cobros). Conxuntamente con esta cadea de actividades principais, a metodoloxía de cadeas ou *clusters* empresariais (González Gurriarán e Figueroa Dorrego, 2005; (González Gurriarán e Figueroa Dorrego, 2008)] considera as actividades de infraestruturas e equipamento (portos, aeroportos, estradas, ferrocarril, plataformas loxísticas, vehículos tractores, buques, aeronaves, ...), e as actividades de subministración complementaria (combustibles, entre outros) es actividades de servizos de apoio (enxeñerías, consultarías, formación, seguros, formación, innovación,...). (ver Figura 1)

Figura 1



Fonte: elaboración propia

Polo seu carácter horizontal, a eficacia e eficiencia desta cadea de actividades e a súa capacidade de prestar servizos de valor engadido permite a externalización das actividades loxísticas das empresas clientes. A mellora das operacións loxísticas, incentiva a innovación, facilita a implantación de criterios medio



ambientais e de sostenibilidade e incrementa a atracción do territorio para a localización e desenvolvemento empresarial. O desenvolvemento e competitividade da cadea de loxística e transporte de mercadorías condiciona polo tanto a competitividade dos sistemas empresariais e dos territorios. O porcentaxe de externalización das actividades loxísticas que xa experimentou un crecemento do 40% entre 1996 e o 2002, representando un 28,4% en Europa (22,5% en España), continúa a se incrementar de xeito considerable nos últimos seis anos (Centro Español de Logística), polo que no marco europeo e por extensión na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ten un importante potencial de incrementar a súa cota de mercado. En xeral, o reparto das mercadorías, o transporte de longa distancia e o almacenaxe, son as actividades dos operadores mais valoradas por parte das empresas clientes, seguidas da preparación de pedidos, a xestión de existencias e subministracións e o “merchandising”.

O desenvolvemento da cadea de actividades de loxística e transporte de mercadorías esixe a prestación de servizos rápidos e fiables que permita a concentración de fluxos loxísticos (redución do número de centros de distribución), a automatización dos procesos para incrementar a calidade do servizo, e a prestación de servizos de loxística de valor engadido que aproveite os puntos de ruptura de carga para realizar unha serie de operacións as mercadorías que rendibilicen o proceso e incremento o valor da carga (etiquetados, envasados, pequenos montaxes,...). A implantación das cadeas loxísticas requiren o desenvolvemento de infraestruturas especializadas nas que efectuar os intercambios modais, as rupturas de carga e a estruturación destes servizos en rede mediante *hubs* o plataformas loxísticas xerarquizadas (locais, rexionais, nacionais ou supranacionais) onde un reducido número de grandes centros dirixen o sistema (Informe Spim INORDE, 2003).

Segundo a definición adoptada por EUROPLATAFORM, unha plataforma loxística “é unha zoa delimitada, na que no interior da mesma se exercen, por diferentes operadores, todas as actividades relativas o transporte, a loxística e a distribución de mercadorías, tanto para o tránsito nacional como para o internacional... Está obrigatoriamente xestionada por unha entidade única, pública ou privada”. Os seu obxectivo e a integración dos diferentes modos de transporte (especialmente estrada e ferrocarril) como medio para diminuír a conxestión do modo estrada a nivel rexional, nacional e europeo. En canto a súa tipoloxía pódese diferenciar entre as plataformas loxísticas en senso estrito de carácter

multimodal (ferroviaria/estrada, zonas de actividades loxísticas portuarias, porto seco, centro de carga aérea) e as plataformas loxísticas “rodoviaras” (centro de transporte, parque de almacenamento e distribución e centro de servizos o transporte). Entre os factores de atracción para os diferentes segmentos de clientes da cadea de loxística e transporte se atopan a súa localización, a accesibilidade, os custes de instalación, a especialización e dimensión, servizos de valor engadido e o financiamento e xestión, aspectos que constitúen os factores de éxito da plataforma (Prieto, 2006)

A preocupación crecente pola súa planificación e xerarquización e a tendencia a realización de novas iniciativas e a súa integración a nivel supranacional, se alínea coa política da Unión Europea de fomento da intermodalidade e a eficiencia do transporte, e máis en concreto co Programa Marco Polo cuxo obxectivo é a redución do tráfico por estrada e mellorar o medio ambiente por transferencia de carga do modo estrada para o marítimo (autoestradas do mar), fluvial e ferroviario (integración da rede internacional).

Segundo a Asociación de Centros de Transporte de España (A.C.T.E.) as plataformas loxísticas xeran unha media de 30/40 empregos/ha., e Prieto (2006) estima que a redución media de custes loxísticos nas plataformas europeas é do 12% no almacenaxe, 10% nas operacións de fraccionamento e entre un 6 e o 7% na “grupaxe”, así como o mesmo autor sinala que o incremento da produtividade media nas operacións totais e intermodais de carga é do 15% nos fluxos totais e do 93% nos fluxos intermodais. Datos que reflicten o impacto das plataformas loxísticas non só na competitividade dos operadores e do sistema empresarial (eficiencia, produtividade, captación de novos tráfico, ...) senón tamén no desenvolvemento e competitividade rexional (emprego, atracción e fixación de investimentos, articulación e ordenamento, redución dos custes ambientais).

Os cambios na cadea de subministración das empresas terán un impacto directo no sistema loxístico e de transportes dun territorio, polo que a súa planificación, deseño e xestión requirirá ter moi presentes as tendencias futuras tanto xerais como de cada unha das cadeas ou *clusters* empresariais. O estudo SULO-GTRA financiado pola Unión Europea (Centro de Investigación Económico y de Negocios de la Universidad de Atenas, 2001), identificou 14 tendencias cun horizonte do 2010, que se poden sintetizar en: a **reestruturación do sistema loxístico**, a **reestruturación da cadea de subministración** e os **cambios nos fluxos dos produtos**.



En xeral as tendencias indican un incremento do peso dos “*hubs*” ou plataformas loxísticas intermodais nos que se combine unha oferta de transporte por estrada co ferroviario, marítimo e/ou aéreo. Si ben en relación cas infraestruturas estase a desenvolver un concepto mais evolucionado denominado Complexos Multiparque (Parque ou Complexo de Actividades Económicas), imbricados nun área metropolitana na que conviven “actividade industriais e empresariais, terciario avanzado, dotacional e comercial, así como instalacións de operadores loxísticos e de transporte, infraestruturas nodais (estación ferroviaria, porto, aeroporto, plataforma loxística,..) e lineais (ferrocarril, estrada) que están directamente relacionadas ca actividade económica da área” (Informe Spim, 2003) e que poden constituír unha oferta de calidade e competitiva de espazos de actividade económica rexionais, articulando actividades funcionalmente afíns con ámbitos urbanos, rurais e sistemas territoriais.

## 2. CONSIDERACIÓNS XERAIS DOS SISTEMAS EMPRESARIAIS DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL: MERCADORÍAS, INTERCAMBIOS COMERCIAIS E PROCESOS LOXÍSTICOS

### 2.1. CARACTERIZACIÓN DOS SISTEMAS EMPRESARIAIS DA EUROREXIÓN: GALICIA

A nivel xeográfico, as máis de 205.000 empresas censadas polo IGE no 2007 estaban principalmente localizadas nas provincias de A Coruña (42%) e Pontevedra (34%). Neste marco, a área na que se atopan fundamentalmente é no denominado arco atlántico, no eixo que vai dende A Coruña-Ferrol ata Vigo-O Rosal-A Guarda en Galicia. Por grandes áreas funcionais, segundo diversos traballos sobre sistemas empresariais privados<sup>1</sup> e o Instituto Galego de Estatística, na Área Metropolitana de A Coruña ubicárianse unhas 34.536 empresas no ano 2005, na Área Metropolitana de Vigo unhas 34.667 no ano 2006 (estas dúas zonas aglutinarían polo tanto máis do 34% do total de empresas de Galicia), nas comarcas de Ferrol-Eume-Ortega unhas 13.593 no ano 2006, en Santiago e a súa área de influencia ao redor dunhas 37.000 empresas no 2006 (comarcas de Arzúa, Noia, Melide, Barbanza, A Barcala, Ordes, Santiago, O Sar, Caldas,

<sup>1</sup> González Gurriarán e Figueroa Dorrego (2008): Visión Estratéxica del Sistema Empresarial Privado de Ferrol-Eume-Ortega; \_\_\_\_ (2007): Visión Estratéxica del Sistema Empresarial del Área Metropolitana de A Coruña; \_\_\_\_ (2006), Visión Estratéxica del Sistema Empresarial Privado del Área Metropolitana de Vigo. Evolución y expectativas 2000-2005; \_\_\_\_ (2002): Visión Estratéxica del Sistema Empresarial de Vigo-2001.



Deza, Tabeirós-Terra de Montes), en Pontevedra e a súa área de influencia estarían localizadas unhas 19.383 empresas (comarcas de Pontevedra, O Salnés máis os concellos de Marín e Bueu). Todas estas zonas supoñen máis do 67% das empresas. Mentres que no interior, estarían como principais zonas de localización no 2006 segundo o IGE, a zona de Ourense e a súa área de influencia cunhas 5.800 empresas (comarcas de Ourense, O Carballiño, O Ribeiro e Allariz-Maceda), e a zona de Lugo e a súa área de influencia cunhas 16.050 empresas (comarcas de Lugo, A Ulloa, Sarria, Meira, Terra Cha e Chantada). Por outra banda, na zona fronteiriza de Galicia co Norte de Portugal asentárianse segundo o IGE unhas 11.100 empresas (comarcas de O Baixo Miño, A Paradanta, Terra de Celanova, Baixa Limia, A Limia e Verín).

Este asentamento de empresas inflúe notablemente nas actividades de loxística e transporte de mercadorías, posto que resulta fundamental a conectividade a nivel interno entre os principais puntos de actividade empresarial (tendo en conta ademais que un dos principais mercados de actuación das empresas de Galicia é precisamente o mercado intrarexional).

Con respecto ao reparto das cadeas de actividades empresariais en cada zona, tamén segundo os citados informes e publicacións, obsérvase polo xeral o peso predominante en número de empresas das actividades de construción e promoción inmobiliaria (con pesos relativos moi semellantes en cada zona entre un 18% e un 22%), así como das actividades de comercio minorista (entre un 28% e un 30% en número de empresas). Tamén acada un peso relevante en número de empresas as actividades relacionadas co turismo-ocio e relacionados, que inflúe especialmente no tráfico rexistrado nos principais núcleos de atracción turística e, polo tanto, nas actividades de transporte de mercadorías por estrada. A nivel da industria transformadora, o ámbito de especialización varía en función da maior ou menor diversificación acadada en cada zona polo seu sistema empresarial. Como exemplo, na Área Metropolitana de A Coruña a primeira actividade de tipo industrial por número de empresas sería a agroindustria, seguido do téxtil-confección-moda e o forestal-madeira (con pesos entre o 6,7% e o 4,24% cada unha). No caso da Área Metropolitana de Vigo serían as actividades de pesca e produtos transformados do mar e as de bens de equipamento, industria auxiliar e produtos metálicos non específicos (máis de 6,4% e 6,0%, respectivamente).


O indicador do número de empresas e localización da unha idea do grado de dispersión dos clientes potenciais dende a perspectiva da loxística e transporte





de mercadorías. Tamén debe mencionarse a interrelación existente entre a localización empresarial das actividades clientes e o grado de desenvolvemento das propias actividades de loxística e transporte de mercadorías, xa que por termo xeral en número de empresas, figuran entre as principais cadeas de actividades nas zonas referidas (supoñen un 7,4% na A.M. de Vigo, un 6,3% na A.M. de A Coruña e en Galicia un 6,7% en termos xerais), polo que semella que existe unha oferta relevante de servizos de loxística e transporte: en Galicia por termo medio o número de empresas de loxística e transporte sitúase aproximadamente en 69 por cada 1.000 empresas do sistema empresarial.

**Figura 2. Estimación do peso relativo da produción para cada cadea empresarial sobre o total da produción do sistema empresarial privado de Galicia (2007)**



Fonte: González Gurriarán, J.; Figueroa Dorrego, P.; González Loureiro, M. (2009): Visión Estratégica del Sistema Empresarial Privado de Ourense y su área de influencia

Ademais do número de empresas, outro indicador que convén utilizar para estimar o nivel de demanda existente podería ser o valor da produción (ver Figura 2), por canto existe a necesidade de mobilizar a produción de bens cara aos mercados respectivos, tanto intermedios (mercados industriais), como finais (mercados de consumidores, a través dos canais de distribución maioristas e minoristas). En base a este indicador, as actividades empresariais que potencialmente maiores necesidades de demanda de servizos de loxística e transporte de mercadorías serían construción e promoción inmobiliaria, automoción, as actividades relacionadas coa alimentación (agrogandeiría e os seus transformados, pesca e produtos transformados do mar) e bens de equipamento, industria

auxiliar e produtos metálicos. Aparece tamén turismo-ocio e relacionados entre as principais actividades en base á produción, cunha importante demanda ademais de mobilidade de pasaxeiros.

## 2.2. CARACTERIZACIÓN DOS SISTEMAS EMPRESARIAIS DA EURO-REXIÓN: NORTE DE PORTUGAL

En canto á localización empresarial na Rexión Norte de Portugal, poden tamén apreciarse núcleos de maior concentración en determinadas zonas. O Grande Porto aglutina un 36% do número total de empresas localizadas na zona (359.822 no ano 2006 segundo o INE-Portugal). A continuación por orde de importancia sitúanse tanto Ave como Tâmega con algo máis dun 13% do total de empresas cada unha, ámbalas dúas moi próximas á principal zona de localización (Porto). Tendo en conta as infraestruturas de comunicación por estrada, a primeira liña concéntrica sitúase pola E01 cara a Vilanova de Famalição (Ave) e a segunda pola A4 e IP4 cara a Paredes.

A seguinte en importancia é Cávado, cos núcleos de Braga e Barcelos como principais zonas de localización empresarial, a primeira no eixo de circulación pola E01 e a segunda pola costa a través da estrada IC1.

Polo tanto, cabe concluír que existe unha localización concéntrica dende Porto, en base a varios eixos de comunicación: o eixo costeiro con dúas subramas, unha pola costa cara a Barcelos e outra seguindo a vía principal E01 que enlazará posteriormente da fronteira coa A55 cara a Vigo. En dirección a Ourense existe outro eixo, en dirección a Chaves co ramal que tamén vai a Benavente.


No ano 2006, con respecto á localización por actividades, obsérvase a predominancia en practicamente todas as zonas, das actividades de comercio maiorista e polo miúdo, que supoñen aproximadamente un terzo do total de empresas. A continuación sitúanse as actividades de construción e promoción inmobiliaria, que na Rexión Norte supuñan máis dun 24% do total de empresas, aínda que con algunhas diferenzas de localización espacial (maior peso en Minho-Lima onde acada o 30%). Tamén cabe destacar o singular peso das actividades relacionadas co aloxamento e restauración, que acadan por termo medio un 10%, con diferenzas entre zonas (en Alto-trás-os-Montes é un 14%, mentres en Entre Douro e Vouga é un 7%).



Nalgunhas zonas hai que destacar a existencia de núcleos de localización relevantes doutras actividades empresariais, que diferencian o seu sistema empresarial. Así, en Douro (Vila Real e São João da Pesqueira, entre outros municipios) e en Alto-trás-os-Montes (Montelegre e Chaves, fundamentalmente) destaca a existencia das actividades extractivas ben de pesca, ben de agricultura e gandeira, respectivamente, que supoñen en cada zona un 14% do seu correspondente total. A industria téxtil, atópase moi localizada en Ave onde supón un 13% do número de empresas do seu sistema empresarial (singularmente en Guimarães e Vila Nova de Famalicão) e localmente en Barcelos (subrexión de Cávado), ademais da industria do coiro en Entre Douro e Vouga (un 5,3%), especialmente en Oliveira de Azeméis e en Santa Maria da Feira.

Por outra banda, con respecto ao total que supón o número de empresas das actividades de loxística e transporte no Norte de Portugal, apenas supoñen un 2,5%, estando tamén fundamentalmente localizadas nos puntos onde existe un maior número de empresas cliente (Vila Nova de Gaia, Porto, Matosinhos, Maia e Gondomar). Non obstante, debe sinalarse que por termo medio no Norte de Portugal o número de empresas de loxística e transporte sitúase aproximadamente en 25 por cada 1.000 empresas do seu sistema empresarial. En comparación con Galicia (69 por cada mil), semella que existe unha menor oferta.

**Figura 3: Reparto do total de facturación por ramas de actividades na rexión Norte de Portugal (2006)**



Fonte: elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estatística de Portugal, 2009

Observando o reparto por actividades da facturación (ver Figura 3), o peso fundamental corresponde ao comercio (39%) e ao conxunto de industrias

(29%). Dentro das industrias destaca a industria alimentaria e de bebidas que supón un 3,7% (división 15 do CAE<sup>2</sup>), a industria do téxtil que representa un 3,6% (división 17 do CAE), a industria de peles e coiros que achega un 3,0% (división 18 do CAE) e a industria da madeira que é un 2,3% (división 20 do CAE). Este tipo de industrias, ten unhas necesidades de loxística e transporte de mercadorías moi específicas, máis orientadas á loxística do frío no caso de alimentación, a rapidez de entrega e cumprimento do prazo no caso do téxtil e o transporte de grandes volumes no caso da madeira.

### 2.3. INTERCAMBIOS COMERCIAIS E TIPOLOXÍA DO TRANSPORTE

Nos últimos anos obsérvase que o tráfico mundial de mercadorías entre países (exportacións) creceu en promedio un 5,5% anual entre o ano 2000 e o 2007, mentres que a produción e o PIB mundial creceu da orde do 3% anual no mesmo período (ver Táboa 1).

**Táboa 1 Crecemento anual do valor económico  
a nivel mundial dalgunhas variables econ**

Variable	% crecemento 2005	% crecemento 2006	% crecemento 2007	% crecemento promedio anual entre 2000 e 2007
Exportacións mundiais de mercadorías	6,5%	8,5%	6,0%	5,5%
Produción mundial de mercadorías	3,0%	3,0%	4,0%	3,0%
PIB mundial (en termos reais)	3,0%	3,5%	3,5%	3,0%

Fonte: Velázquez-Gaztelu, 2008 e elaboración propia a partir de Organización Mundial del Comercio (OMC), 2008

Pódese concluír polo tanto que a medida que crece o PIB e valor dos bens producidos nun país, os intercambios comerciais co resto do mundo tenden a crecer en maior medida, acentuando o efecto da globalización e poñéndose énfase na importancia da loxística e transporte de mercadorías a nivel internacional.

Ademais da incidencia dos movemento internacionais de mercadorías, tamén a nivel interno nos países estase a incrementar este comercio. O Instituto Europeo de Estadística (Eurostat) ten definido un indicador sobre o peso do transporte interno con respecto ao PIB, tomando como base 100 o ano

<sup>2</sup> CAE: Código de Actividades Económicas de Portugal.



1995. Este indicador defínese como a ratio entre as toneladas-kilómetros de mercadorías mobilizados no transporte interior en cada país e o seu PIB (en euros constantes de 1995). Representando nun mapa os valores deste índice para o ano 2006, pode observarse que os países situados na periferia da UE e fundamentalmente no Mediterráneo, teñen un maior crecemento no peso do transporte con respecto á evolución do seu PIB nos últimos anos. Este mapa resalta a importancia da loxística no desenvolvemento da economía produtiva das zonas, especialmente no que se refire ás actividades extractivas, transformadoras e comercializadoras de mercadorías.

Con respecto á tipoloxía de transporte empregado nos movementos internos de mercadorías en cada zona, obsérvase a predominancia do transporte por estrada en toda Europa. Nos casos de España e Portugal, esta predominancia é aínda maior, xa que no 2006 esta modalidade supuxo máis do 92% fronte ao 73% na UE27. Esta situación vese afectada polo baixo peso das mercadorías transportadas por ferrocarril (apenas un 4% e un 5% en España e Portugal, respectivamente), cando na UE27 chega ao 17%. Tamén debe resaltarse a inexistencia de mercadorías transportadas por vías marítimas internas (práctica ausencia de vías navegables interiores).

Cabe destacar tamén que, aínda que non aparecen as mercadorías transportadas vía aérea coma porcentaxe nos gráficos polo seu baixo peso relativo na actualidade, confírmase segundo o Eurostat o notable incremento nos últimos anos, tendo en conta ademais que se da a circunstancia de que o valor medio dunha tonelada de mercadoría transportada por vía aérea é con moita frecuencia moito maior que nas outras modalidades de transporte.

Neste marco de transporte fundamentalmente por estrada, cabe citar o relevante tráfico existente nos postos fronteirizos entre España e Portugal, nos que o posto fronteirizo de Valença-Tui aglutinaba no 2003 un dos maiores volumes de tráfico de vehículos pesados por detrás de Caia-Badajoz.

Como síntese principal dos intercambios comerciais de Galicia e do Norte de Portugal, pódese concluír que o comercio interno no Norte de Portugal ten maior peso que no caso de Galicia. En Galicia teñen maior peso as saídas (tanto cara a outras rexións de España como ao mercado internacional), mentres que no Norte de Portugal teñen maior peso as correspondentes entradas.

Ademais, cabe citar algunha das conclusións do informe “Observatorio sociológico Cecotran: Percepción de la Euroregión por la pyme y relaciones transfronterizas” (*Confederación de Empresarios de Pontevedra, 2005, p. 25*), onde o 22% dunha mostraxe de 372 empresarios consultados en Galicia considera como obxectivo o mercado do Norte de Portugal. E un 35% dunha mostraxe de 400 empresarios consultados no norte de Portugal, considera como obxectivo o mercado de Galicia.

A continuación, descríbense os intercambios comerciais na Eurorexión, tanto de comercio intrarexional (de cada zona con outras a nivel interno dentro de cada Estado) e de comercio exterior (exportacións e importacións propiamente ditas).

### 2.3.1. Galicia

No tocante á **evolución en valor económico e no peso das mercadorías con orixe en Galicia**, destaca o importante peso do movemento de mercadorías interno en Galicia, sendo no 2006 un 46% en valor económico sobre o total de mercadorías con orixe en Galicia e máis dun 76% en peso (toneladas).

Por proximidade, o seguinte en cifras absolutas é a comunidade de *Castilla y León*, que no 2006 supón o 11,6% sobre o total en valor económico. Destaca en termos de crecemento no período analizado o importante incremento no eixo de comunicación *Aragón-Navarra-La Rioja*, que en termos agregados supón unha subida do 233% entre o 2002 e o 2006, tendo en conta que se parten de cifras relativamente baixas. O crecemento do total de mercadorías con orixe en Galicia neste período foi dun 37%, mentres que en España este volume incrementouse nun 34%.

Con respecto aos valores en peso (toneladas), o comercio interno en Galicia supón máis do 84% sobre o total, destacando en maior medida a relevancia das relacións entre empresas (mercados de compra e de venda) e de cara ao consumidor final dentro da propia rexión, cunha tendencia a incrementarse nos últimos anos xa que o tráfico con orixe e destino en Galicia creceu máis dun 76%, mentres que o total do tráfico con orixe en Galicia e con calquera destino, creceu un 69,8%.

Pode destacarse tamén que é maior o incremento do valor económico que do volume das mercadorías transportadas con orixe en Galicia e con destino



ás comunidades autónomas que máis veñen crescendo en unidades monetarias (*Aragón-Navarra-La Rioja*). Pola contra, cabe destacar que en termos xerais, crece máis o volume das mercadorías con saída de Galicia e calquera destino (un 69,8%) do que crece o seu valor económico (37%), especialmente influenciado polo peso do comercio interno en Galicia (crece o peso de mercadorías transportadas un 76% mentres que o seu valor económico tan só crece un 39%).

Con respecto á **evolución do valor económico e o peso (en toneladas) das entradas a Galicia dende outras zonas de España**, tamén se observa o importante peso que ten o comercio interno con respecto ao total de entradas. Por comunidades autónomas, as principais son Cataluña (7,5% do total, tendo en conta o comercio interno en Galicia e un 18% sen contar con el), Madrid e Castilla y León. Os maiores crecementos nas zonas de orixe das mercadorías con destino a Galicia son dende Asturias e Navarra, destacando especialmente o primeiro pola súa proximidade, (cun incremento de máis dun 187% entre o 2002 e o 2006). En termos xerais, o valor económico das entradas de mercadorías a Galicia creceron un 30,9% no período 2002-2006, cifra moi semellante á porcentaxe de crecemento do correspondente valor das saídas de Galicia.

No caso da evolución en peso das mercadorías con destino a Galicia, tamén se observa a menor importancia que teñen os tráfico que entran do exterior con respecto ao tráfico interno en Galicia (que supón máis dun 85%). As principais comunidades autónomas de orixe por peso das mercadorías son Castilla y León, seguida de Asturias, supoñendo entre as dúas máis do 45% de entradas do exterior de Galicia (sobre un total de entradas de uns 12 millóns de toneladas, excluído o tráfico interno en Galicia). Ademais o tráfico dende Asturias é un dos que máis crece, xunto con Navarra e a propia comunidade de Galicia. En termos de peso, o conxunto de mercadorías creceu no período 2002-2006 un 65%, o que comparado co crecemento dun 31% no valor económico, apunta cara a unha relevante contención no valor das mercadorías transportadas.

Con respecto á tipoloxía de actividades empresariais, obsérvase na Figura 4 que tanto as principais saídas como entradas de mercadorías de Galicia teñen como clientes ou provedores as actividades da industria agroalimentaria (R-3). No caso das actividades proveedoras (entradas de mercadorías), destacan as actividades de metal-mecánica (R14- fabricación de material de transporte e R-11 metalurxia e fabricación de produtos metálicos), que están directamente vinculados coa industria do automóbil, da construción naval e a industria auxiliar en xeral.




No caso das actividades clientes (saídas de mercadorías) ademais da R-3, da R-14, tamén se sitúan as industrias extractivas (agrogandeiría) polos movementos de animais vivos e produtos agrogandeiros cun nivel de transformación moi básica.

**Figura 4. Principais ramas de actividades empresariais clientes (saída de mercadorías) e proveedoras (entrada de mercadorías) para o ano 2006 e en promedio no período 1995-2006**

## Galicia

Ranking Clientes			
RAMAS		Mill. €	%
1ª	R-3 Industria Agroalimentaria	2.031,3	18,0%
2ª	R-14 Fabricación de material de transporte	1.855,4	16,5%
3ª	R-2 Industrias extractivas	1.847,7	16,4%
4ª	R-11 Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	1.333,6	11,8%
5ª	R-6 Industria da madeira e o cortizo	831,2	7,4%
6ª	R-16 Industria enerxética, distribución de enerxía, gas e auga	660,2	5,9%
7ª	R-5 Industria do coiro e calzado	415,8	3,7%
8ª	R-4 Industria textil e da confección	379,4	3,4%
9ª	R-8 Industria Química	375,6	3,3%
10ª	R-9 Industria do caucho e materias plásticas	313,3	2,8%
TOTAL INTERREGIONAL		11.277,5	100%

## Promedio 1995-2006



Ranking Proveedores			
RAMAS		Mill. €	%
1ª	R-3 Industria Agroalimentaria	1.686,7	21,2%
2ª	R-14 Fabricación de material de transporte	981,1	12,3%
3ª	R-11 Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	849,0	10,7%
4ª	R-8 Industria Química	673,9	8,5%
5ª	R-6 Agricultura, sivilcultura e pesca	454,7	5,7%
6ª	R-16 Industria de produtos minerais non metalizados	451,3	5,7%
7ª	R-2 Industrias extractivas	438,1	5,7%
8ª	R-16 Industria enerxética, distribución de enerxía, gas e auga	405,8	5,1%
9ª	R-8 Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	404,9	5,1%
10ª	R-9 Industria do papel, edición e artes gráficas	355,1	4,5%
TOTAL INTERREGIONAL		7.953,9	100%

Fonte: Centro de Predicción Económica (CEPREDE)

Con respecto ao **comercio exterior de Galicia** (ver Táboa 2), pódese observar que se incrementou un 60% tanto as exportacións como as importacións no período 2003-2007. Por grandes zonas xeográficas, chama a atención que o maior crecemento no comercio internacional de Galicia prodúcese cos países da OPEP, tanto nas exportacións (+154%) como nas importacións (+76%). Tamén destaca o crecemento dos intercambios comerciais con América Latina. No caso da UE, pode observarse que as taxas de crecemento das exportacións e importacións mantéñense moi semellantes. Aínda que se pode destacar que no período 2003-2007, creceu máis a exportación coa zona Euro que as importacións. No caso dos países candidatos á UE, aínda que as cifras de comercio internacional son relativamente baixas, cabe destacar o maior crecemento das importacións dende eses países, en parte derivado das decisións de localización





empresarial neses países. Como se observa, o maior crecemento no comercio exterior prodúcese cos países da Zona Euro, relacionado coa existencia dunha moeda única neste espazo como factor positivo.

Por capítulos arancelarios, destaca o importante peso das exportacións de material de transporte (o cap. XVII supón máis do 46%) e os produtos téxtiles (cap. XI que é o 13% do total). Estas cifras están claramente influenciadas pola existencia de empresas de referencia con centros produtivos en Galicia nas actividades de automoción e confección-téxtil-moda. No caso das importación, tamén están dominadas polo material de transporte (26%), os produtos mine-rais (cap. V, o 17%) así como tamén os metais comúns e manufacturas destes (cap. XV, o 11%) e os produtos téxtiles (11%). Con esta estrutura, finalmente chégase a unha balanza deficitaria, destacando especialmente os citados produ-tos minerais e os produtos metálicos. Pola contra, tanto o material de transporte como os produtos téxtiles acadan no 2007 unha balanza positiva. Esta estrutura do comercio exterior de Galicia inflúe notablemente nas actividades de loxística e mercadorías, posto que os principais clientes no mercado internacional son empresas dun tamaño relevante con produtos moi específicos (elementos de transporte, roupa e produtos téxtiles) que requiren de servizos moi caracterís-ticos (filosofías de produción *just in time*, prazos de entrega moi reducidos...).

Táboa 2. Comercio exterior de Galicia


(millóns de euros)	exportación			importación		
	2003	2007	% incremento 2007-2003	2003	2007	% incremento 2007-2003
<b>Total</b>	9.993	15.999	60,1%	10.248	16.577	61,8%
<b>Zona Euro</b>	6.663	10.949	64,3%	5.165	7.849	52,0%
<b>UE 15</b>	7.851	11.643	48,3%	6.022	8.931	48,3%
<b>UE 25</b>	8.147	12.010	47,4%	6.121	9.249	51,1%
<b>Países candidatos á UE</b>	154	227	47,4%	216	320	48,4%
<b>OCDE</b>	8.777	13.414	52,8%	7.534	11.503	52,7%
<b>OPEP</b>	160	408	153,8%	431	758	75,9%
<b>MERCOSUR</b>	86	134	54,8%	423	515	21,7%
<b>América Latina</b>	349	659	89,0%	1.046	1.755	67,6%

Nota: a suma das cantidades de cada zona non suman o total xa que hai países que pertencen a varias zonas. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

### 2.3.2. Norte de Portugal

No transporte de mercadorías derivadas da actividade empresarial do Norte de Portugal ten un peso relevante o transporte interno ou intrarrexional (mais do 40% en peso e perto do 50 % en valor) fronte o transporte interrexional coas outras áreas de Portugal (30% en peso e valor) ou internacional (aproximadamente o 28% en peso e 21% en valor). A Rexión do Norte de Portugal como destino das mercadorías acapara o 80% aproximadamente en peso e en valor (ver Figura 5), representando as mercadorías con orixe no Norte de Portugal soamente o 11% do transporte co resto de Portugal e o 8% do internacional, aproximadamente (en peso e valor).

Figura 5 Orixe e destino das mercadorías transportadas na rexión Norte de Portugal




Fonte: Pereira e Esteves, 2004

En canto os medios de transporte e preponderante o transporte por estradas que representa o 75% do volume total (100% do intrarrexional), sendo tamén o maioritario no transporte interrexional co resto de Portugal, e soamente superado polo transporte marítimo no caso dos intercambios internacionais, pero mantendo a pesares de todo un peso considerable(12% fronte o 17% do transporte marítimo)). O transporte ferroviario ten unha certa presenza, anque minoritaria, no transporte interrexional (5% aproximadamente), e practicamente testimonial no transporte internacional (no chega o 1%), presenza que aínda menor no caso do transporte aéreo. E de destacar a especialización do transporte marítimo internacional en mercadorías de menor valor comparativo, o representar o 17% aproximadamente en peso do conxunto do transporte, e tan solo o 5% en valor (ver Figura 6)



Figura 6 Mercadorías transportadas na rexión Norte de Portugal e medios de transporte



Fonte: LOGNORTE, 2004

Globalmente pódese deducir da información anterior a existencia de falla de equilibrio entre os fluxos de entrada e saída que está a dificultar a optimización do transporte e o atractivo que pode representar para un maior desenvolvemento da cadea de loxística e transporte de mercadorías que require de maiores niveis de escala e dunha actividade loxística máis fluída e dinámica nas empresas da Rexión do Norte de Portugal.

Táboa 3 Comercio internacional declarado de mercadorías con orixe ou destino na Rexión Norte de Portugal, por clasificación en grandes categorías económicas, 2

Categorías económicas	Total (miles de euros)	
	Saídas	Entradas
<b>Total Norte de Portugal</b>	<b>14 498 892</b>	<b>14 691 064</b>
Produtos alimentares e bebidas	866 269	1 331 511
Fornecimentos industriais não especificados noutras categorías	4 052 520	5 663 736
Combustíveis e lubrificantes	253 584	1 857 432
Máquinas, outros bens de capital (excepto material de transporte) e seus acessórios	2 881 141	3 604 154
Material de transporte e acessórios	2 001 826	785 454
Bens de consumo não especificados noutras categorías	4 440 934	1 447 135
Bens não especificados noutras categorías	2 618	1 642

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal, 2007

A Táboa 3 sinala que as principais categorías económicas no comercio exterior da Rexión Norte de Portugal son as subministracións industriais diversas, tanto en saídas como en entradas. No caso das saídas, destacan os bens de consumo diversos (excluídos produtos alimentarios e bebidas). Destaca ademais o volume de saídas e entradas de máquinas e outros bens de capital, que é unha das principais partidas tamén no comercio exterior de Galicia con Portugal.

## 2.4. OS PROCESOS LOXÍSTICOS NO SISTEMA EMPRESARIAL DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL

Os procesos loxísticos están a desempeñar un dos máis importantes factores de creación de vantaxes competitivas por parte das empresas. Neste epígrafe trátase, a partires dos traballos específicos existentes, de analizar a situación das operacións loxísticas nas empresas da Eurorrexión para coñecer a demanda existente cara á cadea loxística e de transporte de mercadorías.

### 2.4.1. O sistema empresarial de Galicia

Do traballo efectuado sobre a xestión loxística en algúns dos sectores empresariais máis relevantes de Galicia (Prado et al., 2009) pódense extraer as seguintes conclusións:

- Progresiva xeneralización da busca de provedores o nivel mundial como resposta a globalización, cunha loxística de compras e aprovisionamentos máis orientado a eficiencia en custes que en servizo e prazos, en xeral.
- Ampla implantación de programas de mellora de produtividade nos procesos de fabrica e almacéns, e programas de redeseño da distribución en planta (“layout”) eliminando actividades que non aportan valor e só incrementan os custes: Jus in Time (JIT), Lean, Total Quality Mangement (TQM).
- Aposta pola racionalización dos stocks, reducindo a cantidade descentralizada do mesmo e, paralelamente, redución do número de almacéns.
- Os fluxos de transporte dende o aprovisionamento de provedores a distribución pasan por unha fase de concentración, almacenaxe e preparación nas empresas. Os medios de transporte son xeralmente sub-



contratados a operadores loxísticos especializados e/ou transportistas. Escasa iniciativas de transporte conxunto entre colectivos da cadea de subministracións (provedores, clientes e competidores).

- Pouca frecuencia de departamentos de loxística integrada, tanto dende o punto estratéxico como operativo, sendo máis habitual unha organización distribuída entre diferentes departamentos. Se ben, detectase un progresivo avance cara a un enfoque integrador na xestión da cadea de subministración, fundamentalmente a través de mecanismos internos de coordinación formais e informais.
- En relación ao nivel de integración e soporte da xestión da cadea de subministración, existen aínda carencias na integración externa (provedores, operadores loxísticos e distribuidores), sendo maiores na integración a nivel interno.

#### 2.4.2. O sistema empresarial do Norte de Portugal

Do traballo feito no ano 2004 polo *Instituto de Engenharia Mecânica e Gestão Industrial (Inegi)* e *LOGNORTE* sobre a caracterización da loxística nas empresas da rexión norte, pódese extraer a seguinte síntese de resultados sobre unha mostraxe cualitativamente significativa:

- A maioría das empresas perciben á loxística como un conxunto de operacións illadas asumidas por diferentes unidades organizativas non situadas no nivel superior organizativo, non consideran a loxística como un área estratéxica que poida aportar valor e vantaxe competitiva a empresa.
- Soamente o 24% das Pemes teñen un departamento especializado en xestión das operacións loxísticas, namentres que nas grandes empresas chega o 87%.
- Os departamentos de loxística existentes soamente se ocupan entre un 13% e un 40% das operacións que terían que ter asignadas nun enfoque de loxística integrada.
- Os custes totais da loxística non son calculados polo 69% das empresas enquisadas.

- Existencia de elevados índices de internalización das actividades loxísticas e, polo tanto, baixo grado de externalización das actividades (subcontratación) a empresas da cadea de loxística e transporte de mercadorías. O 26% utiliza exclusivamente transporte propio, o 22% transporte subcontratado e o 52% transporte combinado, se ben recorren á subcontratación puntualmente no caso de esgotar a capacidade da flota propia.
- As empresas, especialmente as Pemes, presentan dificultades para a externalización, e as principais causas son: pequena dimensión das operacións, baixa capacidade para formalizar contractualmente os servizos, de planificación e de medición e control dos mesmos, dimensión local do mercado, falla de cultura de cooperación e dificultade de dialogar con empresas máis evolucionadas.

### 3. PRINCIPAIS ASPECTOS DA CADEA DE LOXÍSTICA E TRANSPORTE DE MERCADORÍAS NA EURORREXIÓN

#### 3.1. PRINCIPAIS DIMENSIÓNS SOCIOECONÓMICAS DA ACTIVIDADE: GALICIA

No Instituto Nacional de Estatística de España (Directorio central de empresas, INE-España), no ano 2007 atópanse censadas nos CNAE relacionados co transporte e loxística (códigos 60.-Transporte terrestre e transporte por tubos; 61.-Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores; 62.-Transporte aéreo e espacial; 63.-Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes) un total de 13.622 empresas en Galicia. Para estes mesmos códigos, en España censa 234.971. Isto supón que Galicia representa un 5,8% no total de empresas de España nestas actividades.

A base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos, 2008) ten censadas en España un total de 27.489 empresas activas das actividades de loxística e transporte de mercadorías, das cales 1.839 atópanse activas en Galicia, que supón aproximadamente un 6,7% do total de España. Esta fonte de información dispón de información completa económico-financieira dese número de empresas comentado. Deste número de empresas, homoxeneizouse unha mostraxe cos últimos datos dispoñibles para o exercicio 2007, resultando un total de 959 empresas para Galicia e 10.801 para España. As principais variables económicas para este número de empresas amósanse na Táboa 4.



Pódese observar no caso de Galicia, a incidencia do emprego autónomo nestas actividades, posto que o número de empregados por termo medio é de 6. Con respecto ao tamaño medio das empresas, obsérvase que se trata de tamaños relevantes (algo máis de 639 mil euros por empresa), cunha certa capacidade de xeración de valor engadido (ao redor de 200 mil euros por empresa), que supón un terzo da facturación. Este último ratio está na liña do conxunto de España. Non obstante, obsérvase que por termo medio, a dimensión das empresas de Galicia é algo menor con respecto ao conxunto de España, tanto en facturación media por empresa, valor engadido bruto e número de empregados. Pódese afirmar que a actividade das empresas de Galicia representa ao redor do 6,3% de España.

**Táboa 4 Principais dimensións económicas das actividades de loxística e transporte en Galicia**

	TOTAL GALICIA	TOTAL ESPAÑA	% DO TOTAL GALICIA SOBRE ESPAÑA	VALOR MEDIO por empresa (mediana)
Número de empresas	13.622 (ine) 1.839 (sabi)	234.971 (ine) 27.489 (sabi)	5,8% (ine) 6,7% (sabi)	---
Facturación (2007) miles euros (Sabi)	1.872.231	30.214.842	6,2%	639,46 (Galicia) 845,57 (España)
VEB (2007) miles euros (Sabi)	620.595	9.559.693	6,5%	198,99 (Galicia) 255,60 (España)
Emprego estimado	11.621	184.992	6,3%	6 (Galicia) 7 (España)

Nota: os datos económicos están referenciados para un total de 959 empresas cos datos completos para o ano 2007 en Galicia e para 10.801 empresas para España.

FONTE: Sistema de Análisis de Balances Ibéricos, 2008

### 3.2. PRINCIPAIS DIMENSIÓNS SOCIOECONÓMICAS DA ACTIVIDADE: NORTE DE PORTUGAL

Cabe salientar que, segundo os datos do Banco de Portugal, no 2007 existe un número relevante de empresas localizadas cara ao norte de Portugal. Tomando os datos de distritos, Porto é unha das principais zonas de localización de empresas de loxística e transporte de mercadorías en Portugal, ubicándose practicamente un 15% do total de actividades consideradas neste distrito. Por tipoloxía de actividades, en termos porcentuais teñen maior peso neste distrito sobre o total de Portugal as actividades de axentes transitorios, aduaneiros e semellantes de apoio ao transporte, cun 36%. No distrito de Porto, destacan singularmente as actividades de transporte por estrada en canto ao número total de empresas (983), que suman máis do 75% sobre o conxunto de actividades

relacionadas co transporte e loxística neste distrito (1.325 empresas dos códigos CAE 60240-transportes rodoviaros de mercadorias, 61-transportes por agua, 62-transportes aéreos, 631-manuseamento e almacenagem, 632-outras actividades auxiliares dos transportes, 634-actividades dos agentes transitarios, aduaneiros e similares de apoio ao transporte).

Tendo en conta a información dispoñible no último anuario estatístico da Rexión Norte de Portugal (2007), os datos para as 8.300 empresas das que se dispoñen de datos económicos (ver Táboa 5), indican que se trata de cifras moi semellantes ás empresas de Galicia: unha facturación media de uns 500 mil euros, cunha capacidade de xeración de VEB de 123 mil euros por empresa, que supón un 25% da facturación. Con respecto ao número de empregados medio por empresa tamén se sitúa en cifras semellantes (5 empregados).

Comparadas estas cifras co conxunto de Portugal, obsérvase tamén o menor tamaño en facturación, VEB e emprego das empresas de loxística e transporte localizadas na rexión Norte, destacando especialmente a maior capacidade do conxunto de empresas de Portugal para xerar valor engadido coa prestación de servizos (supón o VEB medio sobre a facturación media un 30%). Tamén é destacable que as actividades de loxística e transporte localizadas na Rexión Norte supoñen entre un 11% e un 27% da actividade do conxunto destas empresas en Portugal.

**Táboa 5 Principais dimensións económicas das actividades de loxística e transporte no Norte de Portugal**

	TOTAL NORTE DE PORTUGAL	TOTAL PORTUGAL	% DO TOTAL REXIÓN NORTE SOBRE PORTUGAL	VALOR MEDIO por empresa (media)
Número de empresas	8.300	30.189	27,49%	---
Facturación (2005) miles euros	4.160.613	27.106.633	15,3%	501,28 (Norte) 897,90 (Port.)
VEB (2005) miles euros (Sabi)	1.021.219	8.880.099	11,5%	123,04 (Norte) 294,15 (Port.)
Emprego estimado (número)	38.236	191.645	20,0%	5 (Norte) 6 (Port.)

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estatística de Portugal, 2007

Como visión de conxunto (Táboa 6), pode afirmarse que as empresas de loxística e transporte localizadas na Rexión Norte teñen un tamaño relativamente menor que as empresas de Galicia en facturación, VEB e número de





empregados. En ámbolos dous casos, as empresas destas actividades da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal teñen unhas dimensións menores con respecto ao conxunto destas actividades na península Ibérica. Destaca tanto as dificultades de obter maior facturación, como de xeración de maior valor engadido, especialmente por parte das empresas da Rexión Norte de Portugal.

**Táboa 6 Comparativa das principais dimensións económicas das actividades de loxística e transporte na Rexión Norte e Galicia con respecto á península Ibérica**

	VALOR MEDIO por empresa (media) NORTE/PORTUGAL	VALOR MEDIO por empresa (mediana) GALICIA/ESPAÑA
Facturación (2007) miles euros (Sabi)	501,28 (Norte) 897,90 (Port.)	639,46 (Galicia) 845,57 (España)
VEB (2007) miles euros (Sabi)	123,04 (Norte) 294,15 (Port.)	198,99 (Galicia) 255,60 (España)
Emprego estimado	5 (Norte) 6 (Port.)	6 (Galicia) 7 (España)

FONTE: elaboración propia a partir de datos de Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI), 2008 e Instituto Nacional de Estatística de Portugal, 2007

### 3.3. OS RECURSOS E CAPACIDADES DAS EMPRESAS: ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCEIRA

Co obxectivo de ter unha mostraxe con datos económico-financeiros das empresas das actividades de loxística e transporte de mercadorías, utilizouse a base de datos ARDAN (Zona Franca de Vigo, 2008) que contén información homoxeneizada de 13500 empresas de Galicia e 1500 empresas do Norte de Portugal. Debe terse en conta que esta base de datos non recolle os datos de todas as empresas censadas nestas rexións (205.960 segundo o IGE en Galicia e 342.757 para a Rexión Norte de Portugal segundo o INE-Portugal), senón dunha mostraxe de empresas que no caso de Galicia facturen máis de 750.000 euros no ano 2006. Polo tanto, é unha mostraxe representativa das empresas de maior dimensión destas actividades. Seleccionáronse as empresas deste directorio dos códigos CNAE<sup>3</sup> e os códigos SIC relacionados coas actividades de loxística e transporte de mercadorías, realizando posteriormente un filtrado de empresas para eliminar aquelas que aparecen dentro destes códigos pero que á vista do seu obxecto social non están correctamente ubicados. Tamén se filtraron as empresas relacionadas co transporte de viaxeiros. Como resultado, obtívose información para un total de 655 empresas (625 de Galicia e 30 do Norte de Portugal). Posteriormente, cal-

<sup>3</sup> Códigos CNAE: 6010, 6024, 6110, 6120, 6311, 6312, 6321, 6322, 6340; e códigos SIC: 4011, 4212, 4213, 4222, 4225, 4226, 4231, 4411, 4422, 4463, 4469, 4712, 4723, 4789

culáronse os ratios correspondentes para a análise económico-financeira (ver Táboa 7). Para poder ter unha comparativa, fíxose o mesmo tratamento para unha mostraxe de empresas de España (non foi posible atopar información detallada homoxénea para o conxunto de Portugal de forma que puidese agregarse para a comparativa), obténdose 10.799 empresas.

Como se pode observar, non existen grandes diferenzas entre os indicadores económico-financeiros das empresas da Eurorrexión con respecto ás empresas destas actividades de España. De feito, todos os indicadores empregados (rendibilidade económica e financeira, marxe de explotación e rotación de activos) teñen valores moi parellos. Co obxecto de ter unha idea aproximada das dimensións, incorpórase tamén nesta táboa os valores das medianas das variables que actúan nestes indicadores, tendo en conta que os cálculos dos ratios fixéronse primeiro calculando cada ratio por empresa para logo obter a mediana de cada un.

**Táboa 7 Comparativa das principais dimensións económicas das actividades de loxística e transporte na Rexión Norte e Galicia con respecto á península Ibérica.**

Variables económico-financeiras	GALICIA E NORTE DE PORTUGAL	España
Mediana total resultado de explotación (miles euros)	18,49	22,31
Mediana total activos (miles euros)	497,28	611,91
Mediana total Ingresos explotación (miles euros)	570,47	845,57
Mediana total resultado neto do exercicio (miles euros)	8,10	11,04
Mediana total fondos propios (miles euros)	93,20	123,46
Mediana Rendibilidade Económica (%) (Resultado de explotación/Total Activo) x 100	3,98%	3,99%
Mediana Marxe de Explotación (%) (Resultado de explotación/Total ingresos de explotación) x 100	3,07%	2,84%
Mediana Rotación de Activos (nº veces) Total ingresos de explotación/Total Activos	1,35	1,41
Mediana Rendibilidade Financeira (%) (Resultado neto do exercicio/Total Fondos Propios) x 100	10,72%	10,60%

Fonte: elaboración propia a partir de datos de ARDAN e SABI

Como consecuencia da análise destes ratios, pódese concluír que as actividades de loxística e transporte de mercadorías non obteñen valores elevados de rendibilidade económica. Isto significa que para o volume de inversión en activos realizado, non están sendo capaces de obter un resultado de explotación



suficientemente elevado. Isto pode ter dúas posibles causas: ou ben as empresas non están sendo capaces de aportar un valor engadido o suficientemente elevado como para que as empresas cliente lles compense pagar prezos maiores polos servizos, ou ben que para o nivel de servizo que se está a prestar, a relación custes/prezos é moi axustada. Neste sentido, cabe destacar a problemática xa detectada para as empresas transportistas de que os prezos en xeral veñen manténdose relativamente estables nos últimos anos, mentes que un dos factores de custe (combustíbles), tivo un incremento importante.

Tendo en conta a diferenza entre o volume de activos entre as empresas da Eurorrexión e as empresas de España, estes ratios indican que cun tamaño de investimento en activos menor no caso das empresas da Eurorrexión, están sendo capaces de obter maiores beneficios de explotación que as empresas de España en termos comparativos, o que implica unha mellor estrutura de custes no caso das empresas da Eurorrexión. Debe terse en conta a incidencia do custe enerxético nas actividades de transporte de mercadorías, que segundo fontes oficiais (Ministerio de Industria Turismo y Comercio), o prezo do barril de cru *Brent*, creceu entre o 2002 e o 2006 un 160,35% (media no ano 2002 de 25,02 \$/barril ata unha media de 65,14 \$/barril no 2006, que no 2007 chegou ata unha media de 72,39\$/barril e dende xaneiro ata outubro do 2008 acadou unha media de 103,01 \$/barril).

Cabe destacar tamén que, tendo en conta que as empresas declaran tratar de competir con estratexias xenéricas de diferenciación, non semellan que estean a acadar elevados ratios de marxe de explotación. Isto redunda na problemática dunha insuficiente capacidade de obter unha relación custe/prezo mellor nesta actividade, tanto na Eurorrexión como no conxunto de España. Con respecto á rotación de activos, pode observarse que obtéñense cifras positivas (valores superiores a 1,2), sendo inferior no caso das empresas da Eurorrexión con respecto a España. Isto sinala que, no caso das empresas da Eurorrexión, a súa capacidade de ter maiores niveis de actividade ao longo do exercicio está máis limitada, posiblemente influenciada pola súa localización periférica que, en certa medida, limita as súas posibilidades de mercado, incluso á hora de captar mercadorías de retorno no caso dos transportistas.

Finalmente, os niveis de rendibilidade financeira son relativamente altos, especialmente en comparación coa rendibilidade económica. Isto significa que as empresas están a realizar unha boa xestión global, sendo capaces de obter

financiamento axeitado para as inversións necesarias e ofrecendo unha capacidade de remuneración aos accionistas interesante (valores superiores ao 10%).

Polo tanto, as maiores problemáticas que se observan están nunha insuficiente oferta de servizos avanzados de alto valor engadido que permita ás empresas obter unha relación custe/prezo maior, nun marco dunha relevante rivalidade competitiva no que o mercado de actividades de loxística e transporte ten unha importante contención de prezos e onde os é moi importante unha óptima estrutura de custes fixos/variables na obtención de melloras nas marxes de explotación.

### 3.4. NECESIDADES DE INNOVACIÓN, POLÍTICAS PÚBLICAS E SERVIZOS DE APOIO Á I+D+i

#### 3.4.1. Necesidades de Innovación

Seguindo as indicacións do Manual de Oslo, as innovacións poden darse en tres ámbitos empresariais: no ámbito estratéxico e organizativo, no ámbito tecnolóxico (produto/servizo e procesos) e no ámbito da comercialización (marketing). No marco desta definición e no caso da cadea de loxística e transporte de mercadorías, se poden detectar 46 necesidades concretas de melloras ou innovación, ben a desenvolver ou impulsar por parte das empresas da cadea (no ámbito estratéxico, organizativo e comercial, no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación –TIC–), ben a desenvolver por parte das empresas provedoras de bens de equipamento relacionadas con outras tecnoloxías (seguridade intermodalidade, materiais, e de mantemento e equipamento).

No caso de Galicia, no proxecto levado a cabo para potenciar a innovación nas actividades de loxística e transporte de mercadorías (González Gurriarán e Figueroa Dorrego, 2008), un grupo de expertos formado por empresarios da cadea, entidades de I+D+i e administracións públicas realizou unha priorización das 46 necesidades citadas. Os resultados detallados, poden consultarse na versión ampliada do presente informe.

Os resultados da devandita priorización estruturáronse en tres grupos de necesidades, en función da súa intensidade (intensidade alta, media e menor, respectivamente). Sete das quince necesidades do grupo de **intensidade alta** son as relativas ás tecnoloxías de información e comunicación (TIC), cun impacto relevante na estratexia e na operativa destas actividades pola súa incidencia no incremento do valor engadido incremental que potencialmente suporían, desta-



cando as **tecnoloxías xerais de comunicación** (intranet, internet, redes de datos, telefonía móbil, entre outros), a **conexión e equipamento de telefonía nos medios de transporte**, os **sistema de posicionamento global** que mellorarian o control e localización de vehículos ou a xestión dos destinos de carga/descarga, así como a interacción entre elementos dos medios de transporte e os servizos centrais (transmisión de datos do tacógrafo dixital, por exemplo).

Neste mesmo grupo de innovacións de intensidade alta, destacan no eido das innovacións nos ámbitos de **estratexia, organización e comercialización** as referidas á **formación do capital humano en novas tecnoloxías** ou en **novas técnicas de mercadotecnia**, de gran relevancia posto que o factor humano é considerado a base de partida de calquera tipo de mellora ou innovación. Tamén se destacan as necesidades dende o punto de vista **directivo e estratéxico**, como son as **innovacións nos sistemas de dirección estratéxica, xestión e administración**. No eido doutras tecnoloxías, os expertos consideraron entre as de maior intensidade necesidades relativas á **eficiencia enerxética** nos elementos de transporte e de **materiais máis respectuosos co medio ambiente** (de especial relevancia no caso dos envases e embalaxes) e os **sistemas electrónicos de seguridade** que incrementen a súa fiabilidade.

Entre as **quince necesidades** sinaladas polos expertos como de **intensidade media**, podería dicirse que se atopan **maioritariamente dous tipoloxías** de innovacións: **unhas de tipo máis xenéricas** (sistemas avanzados de calidade, xestión ambiental, sistemas de información para a xestión, melloras organizativas, sistemas de loxística integrados, entre outras) e outras que podería afirmarse que **xa se atopan en maior ou menor desenvolvemento por parte dos axentes empresariais máis dinámicos** e, polo tanto, teñen unha **menor prioridade** para seren impulsadas a **curto prazo** (sistemas expertos de mantemento, contratación, ordes de transporte e albaráns de entrega electrónicos, sistemas de entrega/recollida automáticos con PDA).

Finalmente, as dezaseis necesidades que os expertos valoraron cunha **intensidade menor**, atópanse **maioritariamente innovacións referidas aos procesos internos de almacenamento** (equipamento de manutención, sistemas de automatización de almacéns, sistemas de descarga e clasificación, sistemas de facturación e xeración automática de etiquetaxes, preparación de pedidos automáticos, sistemas de radiofrecuencia ou códigos de barras para automatización de almacéns, entre outros).

### 3.4.2. Políticas públicas e servizos de apoio á I+D+i

Con relación as política públicas que están a facilitar o financiamento dos proxectos de I+D+i na cadea de loxística e transporte de mercadorías da Euro-rrexión, tense que mencionar especialmente o VII Programa Marco da UE (2007-2013), o VI Plan Nacional de I+D+i (2008-2011) de España, o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (In.Ci.Te, 2006-2010), e o Plan Tecnolóxico de Portugal.

No VII Programa Marco o transporte (incluída aeronáutica) é un dos dez temas que están incluídos no Programa Específico de Cooperación (32.413 millóns de euros), co obxectivo de desenvolver sistemas de transporte pan-europeo máis seguros, máis ecolóxicos e máis intelixentes. As actividades subvencionadas fan referencia a Aeronáutica e Transporte Aéreo, Transporte de superficie sustentable (por ferrocarril, estradas e marítimo) e Sistemas de soporte á navegación europea vía satélite, cun orzamento total de 4.100 millóns de euros.

As accións relacionadas coa loxística e o transporte están contempladas na Área 3 (desenvolvemento e innovación tecnolóxica sectorial) e na Acción Estratéxica de Enerxía e Cambio Climático do VI Plan Nacional de I+D+i do Estado Español. Na área 3 de Desenvolvemento e Innovación se inclúe o Transporte e as Infraestruturas como uns dos dez sectores prioritarios cun obxectivo de acadar un sistema de transporte máis integrado, seguro, eficiente, sostible e respectuoso con contorno. Existen tres liñas de actividades subvencionadas relacionadas co transporte na Acción Estratéxica de Enerxía e Cambio Climático: enerxía e mitigación do cambio climático para a produción de enerxía final e a eficiencia enerxética con especial incidencia no sector do transporte (Liña 1), Mobilidade sustentable – Transporte (Liña 2) e outros ámbitos do Cambio Climático como mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro (Liña 3).

O Plan Galego de I+D+iT non está estruturado en torno a sectores senón en torno a tecnoloxías, non existe unha referencia directa as actividades de loxística e transporte, se ben no contexto da estratexia de articulación e vertebración do sistema de innovación que propugna o Plan dáselles pulo a dous instrumentos fundamentais como son as Plataformas Tecnolóxicas e as Accións Estratéxicas que ámbolos dous instrumentos teñen un particular relevancia no desenvolvemento dos programas I+D SUMA e o de Tecnoloxías Críticas Transversais, que conforman os seis Programas Sectoriais orientados a diferentes tecnoloxías.



O Plan Tecnolóxico do Estado Portugués, como unha estratexia para promover o desenvolvemento e reforzar a competitividade, estrutúrase en tres eixes: (1) Coñecemento, (2) Tecnoloxía e (3) Innovación. Dentro do eixo 2 (Tecnoloxía) se inclúen algunhas actuacións relacionadas coa loxística e o transporte como poden ser as orientadas a Información Xeográfica, as Redes temáticas de ciencia e tecnoloxía (nas que se menciona directamente o transporte e a loxística) e os Sistemas intelixentes en infraestruturas viarias. Dentro do eixo 3 (Innovación) se podería mencionar a medida para a creación de “Trading” nos novos mercados/centros de distribución para facilitar os procesos administrativos e loxísticos e a Integración do sistema marítimo-portuario nas autoestradas do mar (PORTMOS), o través do cal pretendese a descrición, redefinición dos procedementos administrativos e operacionais utilizados nos portos para despacho de navíos e de mercadorías, soportados en plataformas informáticas e de comunicacións, facilitando a interacción en rede dos axentes económicos intervinientes no comercio e na cadea de transporte de mercadorías, ben como as autoridades administrativas e aduaneiras

Son de salientar especialmente as medidas para o Desenvolvemento do Sistema Loxístico Nacional, o través do *Plan Portugal Logístico* que prevé un programa de execución dunha rede de 12 plataformas loxísticas multimodais e integradas nas Redes de Transporte Trans-Europeas, do desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de información e comunicación - a *Janela Única Logística* - e unha actuación concertada na distribución urbana de mercadorías. A *Janela Única Logística* dará consistencia e competitividade a esta rede e, simultaneamente, contribuirá á modernización da Comunidade Loxística. Na distribución urbana de mercadorías pretendese unha harmonización de regras e conceptos que, ademais de facilitar as accións de distribución, contribúa ao aumento da base económica urbana e á competitividade das cidades.

Uns dos instrumentos máis salientable para o impulso da I+D+i son as Plataformas Tecnolóxicas, que son agrupacións de entidades interesadas no desenvolvemento de proxectos de innovación nun sector concreto, lideradas polas empresas, coa finalidade de definir a súa “visión” sobre o desenvolvemento das tecnoloxías implicadas, cubrindo un período de 10 a 20 anos, e a definición dunha Axenda Estratéxica de Investigación (AEI ou SRA) sobre temas estratéxicamente importantes e con gran relevancia social, os cales contribúen a acadar os obxectivos europeos de crecemento, competitividade e sustentabilidade, que



dependen en gran medida dos avances tecnolóxicos e de investigación a medio e longo prazo. A maximización do impacto destas plataformas require a constitución de redes que favorezan as relacións horizontais e as políticas de coordinación e cooperación entre elas e as administracións rexionais, segundo se recolle en (European Commission. DG for Research, marzo-2007). En Galicia existe unha Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas (NEURONA) que engloba ás 14 plataformas existentes na actualidade (decembro de 2008), ás que se incorporarán as 3 que están na fase inicial de definición da súa Axenda Estratéxica de Investigación (AEI), na que se atopa a relacionada ca loxística e o transporte.

Na Táboa 8, se recollen as principais Plataformas Tecnolóxicas máis relacionadas cas actividades de loxística e transporte de mercadorías en Europa, España e Galicia.

Táboa 8

PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS EUROPEAS	
<b>ERTRAC</b>	<i>European Road Transport Research Advisory Council</i>
<b>ACARE</b>	<i>Advisory Council for Aeronautics Research in Europe</i>
<b>ERRAC</b>	<i>European Rail Research Advisory Council</i>
<b>WATERBORNE</b>	<i>European Technology Platform <b>WATERBORNE</b></i>
PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS ESPAÑOLAS	
<b>PTFE</b>	Plataforma Tecnolóxica Ferroviaria Española
<b>PTM</b>	Plataforma Tecnolóxica Marítima
<b>LOGISTOP</b>	Plataforma Tecnolóxica Española de Loxística Integral
PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS GALEGAS	
<b>PTGL</b>	Plataforma Tecnolóxica Galega de Loxística

Fonte: elaboración propia

Outro dos instrumentos relevantes para o apoio da innovación son os Centros Tecnolóxicos, dos que non existen ningún en Galicia e Norte de Portugal especializado nas actividades de loxística e transporte de mercadorías. En España existen tres Centros Tecnolóxicos relacionados co transporte de mercadorías [o Centro de Innovación do Transporte - CENIT (Barcelona), o Centro de Investigación do Transporte –TRANSyT (Madrid) e o Centro de Mantenimento do Transporte –CMT (Valencia)]; e tres relacionados coa loxística [o





Centro Español de Logística – CEL (Barcelona, Madrid, Murcia e Valladolid), o Centro Tecnológico en Logística Integral – CTL (Santander), e o Grup de Recerca en Logística Empresarial – GREL (Barcelona)]. Unha revisión das principais áreas de traballo dos Centros Tecnolóxicos especializados nesta actividade pódense sintetizar na táboa 16 da versión ampliada deste traballo.

### 3.5. AS PLATAFORMAS LOXÍSTICAS NA EURORREXIÓN

#### 3.5.1. A oferta en Galicia

En Galicia existen 76 parques empresariais operativos e 46 pequenas áreas de actividade empresarial que suman en total 4.907 Ha. e que se poden incrementar ata as 9.670 ha. de desenvolverse as previsións de ampliación dos existentes ou a implantación de parques empresariais novos. A distribución espacial destas áreas empresariais presentan unha notable dispersión, se ben se poden recoñecer ámbitos de concentración en torno ás principais cidades e aos principais ámbitos de mobilidade (AP-9, A-6 e a A-52), que representan o 73,1 % de solo empresarial operativo ou en execución.

Figura 7. Superficie de solo empresarial en Galicia


Superficie solo empresarial (Ha)						
	Operativo / En execución		En tramitación / En estudo		Total	
A Coruña	2.431	49,50%	1.562	32,80%	3.993	41,30%
Lugo	548	11,20%	545	11,40%	1.093	11,30%
Ourense	761	15,50%	961	20,20%	1.722	17,80%
Pontevedra	1.167	23,80%	1.695	35,60%	2.862	29,60%
Galicia	4.907	100,00%	4.763	100,00%	9.670	100,00%

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2007

Existe unha importante proliferación en Galicia de iniciativas de centros de transporte e plataformas loxísticas, nalgún caso vinculadas á intermodalidade, nas que as súas conexións viarias á rede de maior xerarquía da infraestrutura viaria, garanten a súa accesibilidade futura. No citado estudio da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, tamén se fai referencia a algunhas experiencias xurdidas máis recentemente que convén ter en conta para garantir a súa accesibilidade e a súa conversión en Plataformas Loxísticas ou Centros de Transporte: o Parque de actividades Económicas de Arteixo

-ACTECA- (150 Ha, do Instituto Galego de Vivenda e Solo-IGVS), Parque empresarial do Río do Pozo en Narón (160 Ha), e o Parque Empresarial de Val de Rabeda –Allariz- (400Ha).

Figura 8 Porcentaxe de solo empresarial operativo ou en execución segundo as áreas de influencia das cidades e principais ámbitos de mobilidade.



Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2007

Figura 9. Infraestruturas loxísticas en Galicia

TIPO DE ACTUACIÓN	Superficie total (Has)	Inter-modalidade	Promotor	Situación
ZONA DE ACTIVIDADES LOXÍSTICAS PORTUARIAS (ZAL)				
PLISAN	419	SI	IGVS, Consorcio Zona Franca de Vigo e Autoridade Portuaria de Vigo	Proxecto Sectorial. Aprobado definitivamente 27-9-2001
ZAL. Ferrol	262		Autoridade Portuaria de Ferrol, Concello e Xunta de Galicia	Estudo informativo realizado
ZAL. A Coruña	200			Análise de viabilidade en realización (Cámara de Comercio)
ZAL. Vilagarcía	40			En Estudo
PLATAFORMAS LOXÍSTICAS INTERMODAIS				
Santiago de Compostela	165	SI	IGVS	Proxecto Sectorial Aprobado Definitivamente 27-9-2007
Baamonde (Begonte) A Coruña	107	SI	IGVS	Proxecto Sectorial Aprobado Definitivamente 21-2-2007
Monforte de Lemos (Lugo)	30	SI	Xestur lugo	Proxecto Sectorial de 2005. En funcionamento
San Cibrao das Viñas (Ourense)	32,3	SI	IGVS	Proxecto Sectorial Aprobado definitivamente 30-7-2002. En funcionamento 1ª Fase
As Gandaras (Lugo)	213	SI	Xestur lugo	Proxecto Sectorial Aprobado Definitivamente 21-2-2007



CENTROS DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS				
Centro de Transportes e Automoción de Verín	300		IGVS	En estudo
Centro de Transportes de Ferrol	s.d.			En estudo
Centro de Transportes de Ponte Caldelas	9		IGVS- Xestur Pontevedra	En execución
Plataforma de Valadares-Vigo	67		Consortio Zona Franca Vigo	En funcionamento
CTM Lugo	s.d.		SEPES	En funcionamento
Centro Loxístico de Transportes de Culleredo	60		Fadesa	En funcionamento
Lalín	30		IGVS- Xestur Pontevedra	En funcionamento
Cidade do Transporte de Santiago	23		Privado	En funcionamento
CENTROS DE CARGA AÉREA				
Centro de Carga Aérea de Santiago-Labacolla	66		AENA	Previsto no Plan Director do Aeroporto

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2007

Figura 10 Proposta de Rede de Infraestruturas Loxísticas en cada un dos nodos Loxísticos Rexionais de Galicia




Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, 2007

O mencionado estudio propón 8 propostas tipolóxicas de CENTROS LOXÍSTICOS para reagrupar as principais infraestruturas loxísticas existentes, ás que se incorporan novas propostas de actuación e a súa correspondente accesibilidade. Estes tipos de Centros Loxísticos son os seguintes: Centro de

Servizos ao Transporte (CTS), Centros de Transporte de Mercadorías (CTM), Plataformas Loxísticas (PL), Plataformas Loxísticas Intermodais (PLI), Parque de Actividades Aeroportuarias (PAA), Infraestruturas Loxísticas Aeroportuarias (ILA), Zona de Actividades Loxísticas (ZAL), e Complexo de Actividades Económicas (CAE).

### 3.5.2. A oferta no Norte de Portugal

Figura 11 Mapa da Rede de Plataformas Loxísticas de Portugal



Fonte: Prieto, 2006

A creación dunha rede de plataformas loxísticas como base da estratexia “Portugal Logístico” ten como obxectivo valorizar os principios de concentración, competitividade, intermodalidade e racionalización dos investimentos. O investimento estimado para a realización desta rede (843,5 Ha) é de cerca de 1.040 millóns de euros, dos cales 131 son relativos á accesibilidade. Neste contexto, a creación de plataformas loxísticas no Norte de Portugal materialízase en 5 actuacións concretas: Maia/Trofa, Leixões (Gatões/Guifões, Gonçalves, Valença e Chaves, aos que habería que engadir as melloras no Centro de Carga Aérea de Porto.



As plataformas loxísticas desta rede, clasifícanse en 4 categorías distintas: plataformas urbanas nacionais, plataformas portuarias, plataformas transfronteiras, e plataformas rexionais. A clasificación, dimensión e investimentos previstos correspondentes ao Norte de Portugal pódese ver na Táboa 9.

As Plataformas do Norte de Portugal supoñen 286 ha de dispoñibilidade de solo loxístico, e un investimento de 423 millóns de euros (dos cales 25 en accesibilidade), aos que habería que incrementar o investimento de 22 millóns de euros do Centro de Carga Aérea de Porto. O estado de situación se comenta a continuación:

- Plataforma Loxística de Leixões (2 pólos): están executados os estudos previos de ocupación e está na fase de avaliación os estudos de impacto ambiental. No pólo de Gonçalves está en execución o nó de acceso a VILPL;
- Plataforma Loxística Maia-Trofa: foi executado un estudo preliminar de ocupación e están en fase de adquisición de terreos;
- Plataforma Loxística de Valença: foi executado un estudo preliminar de ocupación e está en fase de adquisición de terreos;
- Plataforma Loxística Chaves: está concluída, falta executar o nó de acceso (previsto para 2009).

**Táboa 9 Plataformas Loxísticas do Norte de Portugal:  
relación, dimensión e investimentos**

CATEGORIA/ LOCALIZACIÓN	Área (ha)	Investimento Plataforma (M €)	Investimento Accesos (M €)
<b>PLATAFORMAS URBANAS NACIONAIS</b>			
Maia/Trofa	163,1	224	8
<b>PLATAFORMAS PORTUARIAS</b>			
Leixões –Gatões/Guifões	41,2	58	7
Leixões – Gonçalves	24,2	43	10
<b>PLATAFORMAS TRANSFRONTEIRIZAS</b>			
Valença	47,5	66	5
Chaves	10,0	7	
Totais	286,0	398	25

Fonte: Ministerio das Obras Públicas, Transportes e Comunicações, 2006

## 4. PRINCIPAIS ASPECTOS CLAVE DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO

A continuación sintetízanse os principais aspectos clave do diagnóstico estratéxico das actividades de loxística e transporte na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal:

- Crecente **liberalización dos mercados** e cambios nos requirimentos **da demanda** e impacto das **novas tecnoloxías**, que provoca un incremento progresivo dos **intercambios comerciais**, a nivel internacional e rexional, un cambio na **relevancia da loxística empresarial como factor de competitividade** (custes e diferenciación) e incide positivamente nas **actividades de servizos de loxística e o transporte** de mercadorías.
- Inadecuación das vías de circunvalación no **transporte terrestre** a zonas urbanas (problemática do “último quilómetro”), **certa saturación das infraestruturas de transporte marítimo e falla de operatividade do transporte ferroviario e aéreo para o transporte de mercadorías na Eurorrexión**, xerando maiores custes e perda de competitividade das empresas, a pesares das **mellora das infraestruturas de comunicación por estrada có resto da península e a UE**, a ampliación da capacidade operativa e **modernización dos equipamentos das zonas portuarias nos derradeiros anos**.
- **Incremento do volume de negocio** nas actividades de loxística e transporte derivado da **globalización** da economía, os procesos de **localización e deslocalización** empresarial e o desenvolvemento do comercio electrónico. Importancia da aplicación dos principios recollidos no **Libro Branco do Transporte** para potenciar a **intermodalidade**, **reequilibrar os distintos modos de transporte** e contribuír á redución da contaminación e do **impacto medioambiental**.
- Favorables repercusións dos plans de desenvolvemento de **novos parques empresariais e plataformas loxísticas** sobre a potenciación dos sistemas de **transporte intermodais**, favorecendo ademais a **centralización** de servizos loxísticos e de almacenamento, que pode resolver a medio e longo prazo a situación de **insuficiente grao de modernización** e adaptación das infraestruturas a **intermodalidade** e a conexión entre diferentes modos de transporte. **Incidencia das infraestruturas do ferrocarril de alta velocidade** no transporte de pasaxeiros, sobre as posibilidades de cre-



cimento do transporte ferroviario de mercadorías polo efecto da dispoñibilidade da rede tradicional mellorada que pode a medio prazo reducir o desequilibrado crecemento do transporte por estrada.

- **Insuficiente cooperación entre tódolos entes xestores das infraestruturas portuarias, ferroviarias e aereoportuarias de Galicia e Norte de Portugal**, potenciando a complementariedade das súas ofertas de servizos, e **falla de coordinación entre as diversas administracións públicas con competencias na Eurorrexión**, con unha insuficiente **visión estratéxica integrada** dende os seus distintos niveis, que permita a racionalidade das inversións e unha oferta de infraestruturas e servizos de xestión competitivos que xeren vantaxes comparativas a Eurorrexión no eido da loxística e o transporte de mercadorías.
- Existencia de importantes **políticas públicas de I+D+i** susceptibles de ser utilizadas pola cadea de loxística e transporte de mercadorías que favorecen o desenvolvemento das innovacións estratéxicas, organizativas, tecnolóxicas e comerciais e a posibilidade de prestar servizos loxísticos de calidade o restos das actividades, incrementando a competitividade global do sistemas empresarias da Eurorrexión.
- **Insuficiente visión de loxística integrada** nas empresas da Eurorrexión, cunha organización fragmentada entre diferentes departamentos, que incide negativamente na eficiencia dos procesos loxísticos (calidade, custes e prazos de entrega) e a súa contribución a competitividade empresarial. Si ben se detecta unha positiva evolución fundamentalmente baseada na implantación de instrumentos organizativos de coordinación interna do proceso e a subcontratación do transporte.
- **Escasa orientación á subcontratación de actividades loxísticas** por parte do tecido empresarial da Eurorrexión e existencia de barreiras internas para a externalización das actividades loxísticas nas empresas, derivada fundamentalmente da súa reducida dimensión e falta de cooperación, que reducen o atractivo para os operadores loxísticos e a posibilidade de desenvolver servizos de maior valor engadido e transformar a Eurorrexión nun espazo loxístico competitivo internacionalmente.
- Elevado grao de **atomización empresarial e reducida dimensión** das empresas de servizos loxísticos e transporte de mercadorías na Euro-



rrexión, **en comparación** co tamaño dos **competidores nacionais e da UE**. **Insuficiente orientación** a participación en **acordos de cooperación que permitan melloral a súa capacidade competitiva**, superando algunhas das limitacións derivadas da súa dimensión.

- Importancia do **impulso de estratexias de crecemento en mercados externos das empresas de loxística e transporte da Eurorexión** ante o incremento da intensidade competitiva no mercado local e rexional, derivado da presenza de empresas foráneas con mais recursos e capacidades para prestar servizos avanzados de maior valor engadido. Relevancia da **flexibilidade, o prezo e a fiabilidade como elementos clave** na prestación de servizos de transporte de mercancías
- **Tendencia a unha maior diversificación e incremento do valor engadido dos servizos ofertados polas empresas de loxística da Eurorexión**, baseados nunha maior incorporación das novas tecnoloxías, sistemas de información e mellora dos sistemas de xestión de calidade. Mellora dos **sistemas de organización e xestión de flotas**, favorecendo o incremento da **produtividade e a optimización** das rutas e da capacidade de carga dispoñible.
- **Escasa orientación cara a dirección estratéxica** nas actividades de transporte de mercadorías e limitada profesionalidade nos niveis directivos das empresas, cun **Insuficiente nivel de formación** e cualificación da **man de obra nos niveis operativos** destas empresas.
- **Reducidos niveis de rendibilidade das empresas de menor dimensión** e escasa capacidade financeira para afrontar a modernización de instalacións e mellora do equipamento tecnolóxico das flotas. Problemática **dos prezos dos carburantes** polo seu impacto nas estruturas de custes das empresas de transporte.

## 5. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE ACCIÓN

### COOPERACIÓN E CULTURA EMPRESARIAL

O desenvolvemento dun espírito e dunha cultura empresarial entre as actividades da cadea máis orientada cara a cooperación e o asociacionismo empresarial, é un aspecto básico para a formulación de acordos de colaboración entre distintas empresas da Eurorexión. Algúns dos ámbitos nos que esa cooperación





Esta clasificación permite afirmar que las ciudades portuarias varían a lo largo del tiempo y están relacionadas con la evolución urbana, y ésta última depende, a su vez del tamaño de la población y de las funciones económicas. Por eso, en los estudios de centralidad se utiliza el parámetro de la población como elemento clave. Se referencian varios modelos, los llamados de primera, segunda, tercera y cuarta generación, atendiendo a las distintas especificaciones referidas a su desarrollo, especialización y alcance.

De esta forma, las ciudades-puerto requieren una base económica diversificada; creciente inversión para aprovechar las economías de escala y de aglomeración; sinergia entre los servicios; proceso de territorialización de la economía generando espacios de innovación; y abundantes líneas de conectividad. Estas apuestas son consideradas básicas pues los abundantes procesos de especialización provocan una fuerte presión hacia la externalización, una fragmentación de los procesos de producción, un desarrollo de pequeñas firmas asociadas a desarrollos tecnológicos y de innovación, y finalmente, una localización ventajosa de determinadas áreas territoriales específicas, tanto en un extremo como en otro del planeta. Tales procesos de integración y de des-regulación de la actividad económica global nutre la competencia y la territorialización de las actividades portuarias.

Se contemplan, pues, cuatro principios: a) el puerto deja de ser un ente pasivo dentro del flujo de mercancías para convertirse en activo, pues traza



estrategias, planifica el desarrollo, e integra la mayor área de influencia; b) el puerto deja de ser un territorio aislado para pasar a integrarse en espacios de ámbito logístico, fomentando la prestación de servicios de distribución y de operaciones que agregan valor a las cargas; c) el puerto se incorpora a alianzas estratégicas con otros puertos físicamente distantes, a través de operadores comunes o por medio de acuerdos de asociación e intercambio; y d) el puerto deja de ser en exclusiva, el punto nodal de coordinación de procesos y pasa a convertirse en lugar de concentración de producción e integrador de servicios avanzados para la formación de mercados.

**Cuadro nº 4. Evolucion de las generaciones de los puertos**

Generación	Características
Primera	<i>El puerto con funciones de intercambio entre dos modos de transporte:</i> no posee estrategia de desarrollado; no tiene organizadas labores de almacenaje y gestión; la actividad se desarrolla sobre el muelle; se superponen administraciones y organismos; domina la oferta.
Segunda	<i>El puerto como centro de transporte de las actividades industriales y comerciales de su entorno:</i> existen estrategias de desarrollo y expansión; se combinan actividades de transformación y prestación de servicios a los buques; ensanchamiento de la zona portuaria; aproximación del puerto a los usuarios; relaciones puntuales entre la ciudad y el puerto.
Tercera	<i>El puerto como centro integrado de transporte y plataforma logística:</i> estrategias de desarrollo con orientación comercial; distribución de mercancías, actividades logísticas y centros de distribución; espacios portuarios racionales; comunidad portuaria unida y activa, coordinando actividades.
Cuarta	<i>Puertos en red:</i> estrategias de internacionalización y diversificación; organización de las prestaciones logísticas por los cargadores; búsqueda de espacios portuarios por el extranjero; cooperación entre comunidades. Portuarias

Fte. F. González-Laxe & R. Sánchez (2006).

A modo de corolario señalamos como condiciones imprescindibles y como actuaciones estratégicas improrrogables las siguientes:

1. Necesidad de contar con espacios de almacenamiento con infraestructura de apoyo para prestar servicios a las corporaciones transnacionales (TNCs), que les permita establecer y acoger fábricas. Cada nodo portuario ha de poder contar con un espacio de producción per se. Dicho de otra forma, la competitividad se gana en tierra;
2. Resulta básico contar con un puerto poseedor e integrado con servicios adecuados de transporte marítimo (es decir, incluido en las rutas y con frecuencias regulares semanales) hacia los mercados apropiados, y, a la

vez, ser capaz de importar las mercancías necesarias para reprocesar o exportar;

3. Instalaciones aduaneras han de ser eficientes, capaces de racionalizar y estandarizar los procedimientos de importación–exportación, al objeto de evitar paralizaciones excesivas;
4. Una zona intermedia o interfaz, destinada al almacenamiento temporal de importaciones o exportaciones debido a retrasos en los procedimientos aduaneros. Normalmente se establecerá una Zona de Libre Comercio o un depósito libre de impuestos (*duty-free*) para esta finalidad.
5. Un desarrollo de la multimodalidad con otros modos de transporte que permita garantizar la conectividad con los hinterland más alejados posibles, a pesar de solapamiento de los mismos.

Dos son los aspectos considerados críticos a la hora de poner a funcionar de forma eficiente estos cinco elementos: su proximidad física y su distribución espacial para que, en segundo lugar, el “proyecto portuario” sea una transición real desde un espacio nacional estrictamente regulado a un espacio internacional dentro del país o ciudad que lo alberga.

Aunque esto pueda parecer sencillo, estos proyectos portuarios presentan complejidades inherentes.

## 5 PERSPECTIVAS DE FUTURO.

En España los proyectos portuarios se rigen bajo el esquema siguiente, los puertos de interés general movilizan volúmenes de actividad básicos para la economía del Estado; se caracterizan por poseer elementos esenciales para la seguridad por razones técnicas o geográficas; y sirven a industrias o establecimientos de importancia estratégica nacional. Le corresponde al Ente Público Puertos del Estado “la fijación de las directrices y objetivos de gestión; la asignación de recursos y apoyos financieros, el control de la gestión..., la planificación de inversiones,... en suma, la labor de supervisión, coordinación y control”. En tanto que cada Autoridad Portuaria es “la encargada de ejecutar dichas acciones, poseyendo amplia autonomía y capacidad de flexibilización para adoptar decisiones”.

De esta forma, se consolida un sistema landlord en el que el marco estratégico del sistema portuario de interés general se elabora por el Ente Públi-



co Puertos del Estado con la participación de las Autoridades Portuarias, que acuerdan año a año los planes de empresa de cada AAPP, en donde se reflejan las previsiones económicas-financieras y los objetivos de gestión que establezca el Ente Público Puertos del Estado. Otra de las características del sistema portuario español es la colaboración público-privada que permite aunar el interés general y los intereses privados, constituyendo un factor-clave de dinamización de la actividad portuaria que debe aumentar su intensidad para consolidar y potenciar, con mayores garantías, nuevos escenarios de competencia inter-modal e inter-portuaria. Es decir, las Autoridades Portuarias son proveedoras de infraestructuras y reguladoras del dominio público; en tanto que los servicios portuarios básicos que se desarrollan en el puerto corren a cargo, esencialmente, del sector privado, reservándose la Autoridad Portuaria una actividad prestacional subsidiaria.

Uno de los requisitos más demandados por los recintos portuarios son las superficies logísticas próximas a los puertos. Dichas infraestructuras dedicadas preferentemente a las tareas relacionadas con la carga/descarga, con el almacenamiento para la distribución posterior; y para facilitar el intercambio modal, han seguido en Galicia un desarrollo muy lento.

Una explicación de este retardo puede deberse a la estructura de los tráficoes, a la ausencia de empresarios con especial dedicación a esta actividad y a las dificultades de encontrar localizaciones cercanas a las instalaciones portuarias.

En la actualidad, aquellas superficies que poseen unas características similares a una zona de actuación logística y portuaria son las siguientes:

- a) La plataforma logística de Salvaterra- As Neves, a 35 Km de Vigo, en fase de construcción, cuyo cometido es resolver los problemas de congestión y falta de espacio en el puerto de Vigo. Se desea que sea un centro y una área logística intermodal asociada a una área multi-funcional industrial y de servicios.
- b) Una ZAL en el entorno del Puerto de Ferrol, promovida por el Concello y el IGVS y la Autoridad Portuaria de Ferrol.
- c) Un puerto seco en Monforte de Lemos, como idea sustentada por las autoridades locales y autonómicas, dada la posición estratégica de dicho foco, como nodo de confluencia de nodos ferroviarios, en donde se podría



incrementar la capacidad de recepción de trenes, manipulación de mercancías, con amplias parcelas de almacenamiento y manipulación de cargas, así como desarrollo e implantación de actividades logísticas de soporte

- d) Próximo al futuro puerto exterior de A Coruña se ubica el centro de transporte de Culleredo (a iniciativa de su Concello) que busca desarrollar servicios de intermodalidad y el Polígono de Morás, en las inmediaciones del Puerto exterior de Langosteira, con un proyecto de desarrollo futuro complementario a las empresas ubicadas en el área metropolitana de A Coruña.

Así las cosas, las cuestiones referidas a la centralidad parten de dos consideraciones. La primera, es que las estrategias de desarrollo portuario apuntan a incentivar mayores competencias del hinterland. Significan desarrollo de infraestructuras terrestres unido a la integración intermodal que permita alentar el foreland hacia nuevos mercados. Y la segunda, es que las otras estrategias consisten en reducir las diferencias del espacio-tiempo entre las ciudades portuarias y las nuevas áreas geo-económicas más importantes.

Ello no significa, en sentido estricto, una integración, sino una preferencia por desarrollar el foreland sobre el hinterland portuario, con lo que las estrategias van orientadas a integrar las cadenas productivas locales en redes de mayor competitividad interportuaria intra-regional.

Las exigencias para cualquiera de ambas estrategias son las adecuadas infraestructuras; las facilidades para lograr y retener tráfico; la integración comercial y la competitividad del hinterland. John Friedman lo resumía del siguiente modo “el poder económico de las ciudades portuarias está en directa relación con la productividad de la región en que se articula; y cuanto más productivo es el esquema de articulación, mayor será su poder económico, y por ende, la competitividad”. En ese sentido, el desarrollar iniciativas empresariales vinculadas a la industria marítima requiere crear excedentes de suelo industrial alrededor de los principales puertos, decisiones que resultan incompatibles con los usos residenciales y comerciales.

Un esquema de las claves de futuro de los puertos gallegos sería el siguiente:

**FERROL.** Con la construcción del puerto exterior las infraestructuras de Ferrol se ampliarán tanto en su superficie total (puerto exterior e interior)





como en las zonas de actividades logísticas. Apuesta total por el Short Sea Shipping. Mantendrá su especialización en tráfico de carbón, chatarra y papel, a los que sumará siderurgia (Megasa); cemento y clinker (industrias de Narón); metanol (desde la nueva terminal de Mugardos) y tableros. Además el tráfico de contenedores aumentará de manera muy intensa dadas las excelentes condiciones del nuevo puerto exterior de Prioriño. Esperan alcanzar los 200.000 TEUS anuales.

**A CORUÑA.** El puerto exterior de Punta Langosteira permitirá desviar los graneles líquidos y sólidos del puerto interior al exterior. Quedará el muelle del Centenario para contenedores. Seguirá siendo un puerto de graneles líquidos (petróleo crudo, hidrocarburos y gas licuado) y sólidos (carbón y coque de carbón, cuarzo, cemento, alúmina, piensos y forrajes). Trata de desarrollar tráfico de mercancía general (tales como siderurgia, vidrio y tableros de madera) y comienza una nueva andadura con los contenedores y cruceros.

**VILAGARCIA.** La modernización del puerto con nuevos muelles y calados hasta 13 metros con rampas adecuadas para el Ro-Ro impulsará los tráfico tanto de graneles líquidos (fuel oil y metanol para Finsa; asfalto para Nynas Petróleo; gasolina para la distribución local de Meroil y BP; y graneles sólidos (cereal para Coren y cemento para Tudela-Veguín). La mercancía general en ascenso se compone de maderas y pescado congelado. Las nuevas instalaciones del muelle de Ferrazo permitirán prolongar las líneas de atraques y superficie del puerto, admitiendo la entrada de nuevas líneas de contenedores con Canarias y alentando la intermodalidad ferroviaria.

**MARIN.** Se ha convertido en un centro logístico de distribución de graneles agro- alimentarios (cereales, harinas, piensos y forrajes); de frutas y hortalizas; y de pesca congelada. Entre las mercancías de carga general que se mueven por el puerto figuran el papel y pasta de papel; la madera y el corcho. Las expectativas son de descenso en mercancía general y aumento en contenedores dada las fuertes inversiones realizadas en la Terminal Marítima y en la conexión ferroviaria existente. La presencia de transitarios promoverá un creciente movimiento de tráfico portuarios.

**VIGO.** Es el principal puerto de mercancías y en mercancía contenedorizada; su apuesta radica en poseer una plataforma logística que permita

albergar a mayores volúmenes de TEUs. Su déficit en infraestructuras e instalaciones en relación a sus movimientos han convertido dicha apuesta en el principal reto estratégico. Del tráfico de contenedores destacan los automóviles y sus componentes; los productos industriales y el pescado congelado. En una segunda línea de especialización se sitúan el granito y la pizarra, siendo el primero un flujo de importación y el segundo un tráfico de exportación; seguido del cemento y clinker. Vigo busca desarrollar los tráficos Ro-Ro y apuesta por un mayor número de líneas marítimas y por el Short Sea Shipping al objeto de formalizar una autopista del mar que garantice un fluido y regular transporte marítimo de corta distancia en la ruta norte-sur.

## 6. CONCLUSIONES Y PROPUESTAS DE ACCIÓN

El panorama mundial determina las actuaciones nacionales. Estamos ante una actividad global, que va respondiendo a los nuevos escenarios derivados de los comportamientos de los agentes globales (compañías marítimas, operadores globales, compañías logísticas y autoridades portuarias) y de las propias economías nacionales. Los escenarios de futuro son consecuencia y respuesta de las apuestas económicas, comerciales, financieras y tecnológicas.

El desarrollo de la actividad marítima genera varios centros de gravedad y distintas jerarquías de redes que obligan a un nuevo re-escalonamiento de los territorios.

De una parte, el tráfico marítimo mundial está concentrado por rutas este-oeste, que delimitan un número cada vez más reducido de puertos que llevan a cabo las transferencias de cargas. Dichas rutas están conectadas con rutas norte-sur, pertenecientes a puertos subregionales y de menor entidad y conectividad.

De otra parte, las ciudades portuarias están insertas en una jerarquía de redes muy condicionados por los cambios tecnológicos, los tamaños de los buques, los procesos de fusión y adquisición de empresas; por las redes físicas y la intermodalidad; y por la consolidación de los servicios e infraestructuras portuarias. De esta forma, los procesos de concentración y centralización son más intensos.

Como consecuencia de lo anterior, se asiste a un re-escalonamiento de los territorios en función de las propias dinámicas y procesos de re-territorialización económica y de la acción integradora de los medios de transporte que alientan a



las ciudades portuarias a captar tráfico y a poner en marcha políticas de seducción para convertirse en centros de producción y consumo con alta disponibilidad y capacidad de distribución.

La evolución de las ciudades portuarias ha sido y posee, normalmente, un carácter gradual. Esto es, existen muy pocos ejemplos de cambio repentino ya que exigen estrategias urbanas y portuarias de largo alcance para modificar las posiciones iniciales y requieren de largos procesos en lo que concierne a la adopción de nuevas pautas de decisión y de inversiones.

Somos de la opinión de que existen ciclos espaciales atribuidos a los sistemas marítimos, al suponer una redistribución de flujos entre los diferentes tipos de ciudades portuarias, cuestión que implica importantes cambios regionales dentro del ámbito de funcionamiento del sistema mundial. Dichas transformaciones han requerido, en consecuencia, una nueva capacidad de los actores en las redes logísticas y comerciales. En ese sentido, se aprecian distintas y desiguales dinámicas de adaptación de las estructuras locales y regionales al modelo global.

Por eso, se habla de proyectos de largo plazo en las ciudades portuarias; de dinámicas de a corto plazo en lo que atañe a las redes marítimas; y de apuestas a medio plazo en las especializaciones portuarias. Resultará clave, en este sentido, evaluar la postura y la apuesta de futuro tanto de las propias comunidades territoriales como de organismos como el Eixo Atlántico.

Las ciudades portuarias ganadoras serían aquellas que son capaces de mantener un equilibrio en lo que atañe a las diferentes funciones y en lo concerniente a las escalas.

Un esquema escalonado de las ciudades portuarias de la Euro-región Galicia/ Norte de Portugal vendría dado por estos diez puntos.

1. El desarrollo de las ciudades portuarias está explicado por medio de los vínculos (complejos y dinámicos) entre las estrategias de las firmas globales y las lógicas del desarrollo económico de los territorios, dando lugar a la emergencia de nuevas prácticas empresariales y territoriales.
2. Los nuevos procesos de circulación de mercancías imponen nuevos mercados y se desarrollan en forma de nuevos hubs.
3. Los puertos se circunscriben a una función propia y se sitúan ante una intensa competencia que no es sólo entre hubs, sino entre nuevas

empresas logísticas globales, cuyos objetivos y estrategias pueden ser divergentes, antagónicos o similares. Los nuevos paradigmas técnico-organizativos permiten la coexistencia de modelos diferenciados.

4. Las ciudades portuarias, con sus propias fuerzas, afrontan, al mismo tiempo, lo local y lo global, transformando los espacios tradicionales hacia nuevas redes de circulación y de integración. Es tan creciente el interés de los grupos internacionales por controlar los flujos, como también son de subrayar las nuevas aspiraciones de los gobiernos territoriales en posicionarse de mejor forma en la economía global. De ahí, que las dinámicas de re-territorialización alimenten los procesos de inscripción de nuevos territorios en la economía mundial.
5. Los puertos tienen como objetivo y como meta transformar las ciudades en espacios capaces de posicionar a los territorios en la globalización. Deben ser capaces de captar, atraer y seducir flujos de mercancías y de servicios. Y sus estrategias deben fundamentarse en incrementar y valorizar las actividades materiales e inmateriales.
6. Estas nuevas articulaciones, motor esencial de las dinámicas de re-territorialización, son desarrolladas por los actores: ya sean las propias empresas, ya sean las propias ciudades portuarias.
7. Las ciudades portuarias intervienen como agentes activos en un territorio productivo, que desea valorizar sus competencias y sus estrategias frente a los otros actores económicos. Es preciso alentar una democracia territorial para tener en cuenta las especificidades locales y poder defender, asimismo, las posiciones de las empresas globales ubicadas en el entorno.
8. Las ciudades portuarias participan igualmente en la re-territorialización de los espacios económicos radicados en el interior de la región, impulsando la creación y fortalecimiento de estrechos vínculos económicos entre las empresas.
9. La Euro-rexión requiere de verdaderos polos portuarios capaces de obtener beneficios de los flujos de la globalización y de entornos cada vez más competitivos.
10. Comienza a emerger una fuerte competencia entre fachadas marítimas. Las estrategias se inclinan hacia la fragmentación de tráfico de



mercancías diversa y hacia la creación de plataformas o zonas de distribución, llamadas ZAL o Distriparks. Dichas plataformas logísticas requieren de varias condiciones geográficas y económicas: se deben situar a lo largo de los grandes ejes del transporte combinado (terrestre-ferrocarril) conformando grandes polos y centros de transporte multimodal; están asociados a grandes puertos, de modo que justifican volúmenes elevados de transporte, con diversificación de mercancías y crecientes tráficos de contenedores; deben poseer amplias conexiones con los espacios interiores; y, finalmente, las ciudades portuarias al impulsar nuevas funciones logísticas requieren de mayores infraestructuras tecnológicas, de redes de empresas, de políticas diversificadoras en lo que atañe a la oferta productiva y de una mayor cualificación profesional de los miembros del entorno.

Resumiendo, los tráficos portuarios están en función de cinco condicionantes: a) la ubicación del puerto, ya que su carga de trabajo depende en parte del dinamismo y de la selección geográfica; b) la naturaleza de la actividades económicas del entorno y su grado de relación de éste con el territorio, ya que los movimientos portuarios están ligados y relacionados con el comercio exterior; c) la abundancia y frecuencia de las líneas marítimas, que utilizan los muelles y amplían los movimientos en las terminales; d) la eficiencia en la prestación de los servicios portuarios; y e) finalmente, las tasas portuarias.

Y las posiciones estratégicas de las ciudades portuarias se definan en torno a dos cuestiones: la centralidad y a la nodalidad, aspectos que están muy en relación con las áreas de influencia. Sus retos y oportunidades, al igual que sus apuestas de actuación, deben tener en consideración estos aspectos determinantes. Por eso, un plan que adolezca de estos postulados estará abocado a una creciente marginalidad.





# O SISTEMA AEROPORTUARIO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

*Abel Losada*  
*Javier de Francisco*  
Universidade de Vigo

O SISTEMA AEROPORTUARIO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

## 1. VISIÓN XERAL: RUMBO A UN SISTEMA AEROPORTUARIO INTEGRADO.

Nos pouco máis de 50.000 km<sup>2</sup> que conforman os lindes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e na franxa de a penas 300 km. que discorre entre A Coruña e Porto conviven catro instalacións aeroportuarias: Alvedro (A Coruña), Lavacolla (Santiago de Compostela), Peinador (Vigo) e “Sá Carneiro” (Porto).

A primeira vista semella un exceso de oferta e unha concentración desmedida, sobre todo si comparamos esa realidade coa que se da na fachada centro-sur de Portugal. Así, nos 550 km. que median entre Porto e Faro operan tres únicos aeroportos: “Sá Carneiro” (Porto), Lisboa e Algarve.

Pero a alta “densidade” de instalacións aeroportuarias non é exclusiva da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O País Vasco conta cun aeroporto en cada unha das súas capitais de provincia (Bilbao, San Sebastián e Vitoria); é dicir, nun territorio que divide por sete a superficie da Eurorrexión operan tres aeroportos, e un deles, o de Bilbao duplica en volume de pasaxeiros ao maior aeroporto galego (Lavacolla).

Ademais de dar servizo a unha poboación inferior á de Galicia (2,2 millóns de habitantes fronte a 2,8 millóns), o sistema aeroportuario do País Vasco mesmo se complementa con outras instalacións situadas en Comunidades veciñas e a menor distancia que a existente entre A Coruña e Vigo. De feito, catro aeroportos de diferente dimensión circundan ós ubicados no País Vasco: Pamplona, Logroño, Burgos e Santander.

Por outra parte, en Cataluña opera o mesmo número de aeroportos que no eixe A Coruña-Porto. Trátase dos de Barcelona, Gerona, Reus e Sabadell, aínda

que este último non ten actividade comercial. Con todo, a concentración de instalacións é superior á do espazo Galicia-Norte de Portugal, xa que Cataluña ten unha superficie de 32.000 km<sup>2</sup>, se ben é certo que a poboación (7,4 millóns de habitantes) está por enriba do censo actual da Eurorrexión (6,5 millóns).

Por iso, o estéril debate sobre o exceso de recursos aeroportuarios en Galicia, e por ende na Eurorrexión, ten que deixar paso a outro tipo de análise moito máis enriquecedora e mellor conectada coa planificación. A xustificación é tan básica como concibir os aeroportos do noroeste peninsular como elementos de competitividade e instalacións diante das que se abren grandes posibilidades de futuro, si non transitan cara el de xeito illado.

Os aeroportos destacan entre as mellores bazas a xogar polas cidades de A Coruña, Santiago, Vigo e Porto para despuntar no novo modelo de sistema urbano.

Pero a planificación aeroportuaria non pode seguir ancorada nos plantexamentos localistas e excluínates. Nen tampouco ten cabida o prisma a escala de cada Estado membro.

Logo das importantes melloras, dos investimentos, das ampliacións e das reordenacións logradas nos últimos anos nos catro aeroportos da Eurorrexión, este é un momento propicio para avanzar cara a configuración dun sistema aeroportuario integrado e baseado nas complementariedades.

Para acadar esa rede integrada, é preciso establecer dous niveis de coordinación. O primeiro entre os aeroportos galegos, co dobre obxectivo de que as tres instalacións acentúen o seu ritmo de crecemento e de que sexan máis competitivas.

Mentres, o segundo nivel de coordinación presenta dous únicos actores: a rede galega de aeroportos -coas tres instalacións en conxunto- e o aeroporto internacional Francisco “Sá Carneiro”.

Ademais da estrita planificación, o desafío de crear na Eurorrexión un sistema aeroportuario integrado ten necesariamente que abordar a mellora das infraestruturas. Non tanto das propiamente aeroportuarias, que deron un importante salto cualitativo nos últimos anos, senón dos accesos viarios e dos servizos complementarios ao tráfico aéreo.





Porto está no camiño de solventar este déficit, xa que o seu ampliado aeroporto planificou e comeza a lucir un verdadeiro transporte intermodal, no que o Metro reforza e complementa o rol das liñas de autobús.

Pero no caso de Lavacolla, Alvedro e Peinador, o transporte intermodal aínda non deu nin os primeiros pasos. Plantexar o futuro dos aeroportos de Santiago, A Coruña e Vigo esixe, de entrada, mellorar os accesos viais e deseñar alternativas de transporte colectivo con moitas máis frecuencias e mellores servizos que os actuais.

Aínda que as estatísticas de viaxeiros, de operacións e de cargas teñen fluctuado moito nos últimos tempos, o que permanece invariable é o rol que desempeñan os catro aeroportos do noroeste peninsular.

Son centros clave para o desenvolvemento social e económico da Eurorexión. E non só como simples infraestruturas de transporte. A súa transcendencia vai máis aló. Son sustentos da creación de emprego; da cobertura de servizos; dos fluxos con Latinoamérica, Europa e África (con este último continente só polo influxo de Porto); da internacionalidade das empresas; e da universalidade da poboación galega e do norte de Portugal.

## 2. EVOLUCIÓN DO TRÁFICO DE PASAXEIROS

Os vaivéns no transporte aéreo de viaxeiros non están ligados unicamente á oferta, aos prezos e á calidade nos servizos. Tamén dependen de factores endóxeos ou alleos ao transporte aéreo en si mesmo, como é o caso dos ciclos económicos e tamén da inseguridade nos desprazamentos internacionais.

Ao longo do último decenio (1998-2008), a evolución do tráfico de pasaxeiros nos catro aeroportos da Eurorexión recolle un pouco de todo, é dicir, tanto a influencia dos factores endóxeos coma dos exóxeos.


Así, nas gráficas teñen reflexo a chegada das compañías de “low cost”, o incremento de destinos, as novas conexións aéreas, a ampliación das instalacións, o aumento de capacidade... pero tamén a crise económica e, por suposto, o fatídico 11-S.

Entre os anos 1998 e 2008 (ver gráfico I), o tráfico aéreo de pasaxeiros incrementouse preto do 53% no conxunto da Eurorexión. É dicir, de media, os tres aeroportos galegos e máis o de Porto experimentaron un crecemento superior ao 50%.

A mellor evolución deuse nas instalacións de menor capacidade. Así, o incremento acumulado en Alvedro cifrouse no 167%; e o de Peinador, no 119,5%.

Pola súa banda, Lavacolla e Porto presentan un balance bastante parello: 85% de crecemento no caso do aeroporto de Santiago e 78,5% no do “Sá Carneiro”.

Gráfico I



## 2.1. AEROPORTO DE A CORUÑA (ALVEDRO)

Alvedro, que lidera a taxa de crecemento acumulado, pechou o ano 2008 con 1.174.970 viaxeiros transportados. Aínda que se trata do segundo mellor rexistro da súa historia, a taxa de variación anual de 2008 presenta signo negativo (-7,2%), en contraste cos dobres díxitos do trienio máxico 2005-2007: 45% en 2005, 19% en 2006 e 25% en 2007.

Nese período de tres anos, o aeroporto da cidade de A Coruña duplicou o volume de pasaxeiros transportados: 1,27 millóns en 2007, fronte aos pouco máis de 586.000 cos que pechara o exercicio de 2005.

Na actualidade, Alvedro pondera un 26,9% no conxunto do sistema aeroportuario galego e un 13,2% no total da Eurorrexión. A principios da década dos noventa, o peso relativo do aeroporto de A Coruña era pouco máis que



testimonial: 6,8% sobre o total de Galicia e 3,4% sobre o conxunto da Eurorexión. Hai dez anos, en 1998, esas mesmas ponderacións eran do 19,3% e do 9,1%, respectivamente.

**Cadro I. Evolución pasaxeiros aeroporto A Coruña (1998-2008)**

	Alvedro-A Coruña	TV. anual A Coruña	% A Coruña r/ Galicia	% A Coruña r/ Eurorrexión
1998	439.657	8,5	19,3	9,1
1999	492.642	12,1	19,6	9,2
2000	589.000	19,6	22,3	10,5
2001	654.092	11,1	24,0	11,9
2002	532.298	-18,6	20,9	10,3
2003	549.871	3,3	19,8	10,1
2004	586.243	6,6	19,0	9,7
2005	852.325	45,4	22,4	12,3
2006	1.014.839	19,1	24,2	13,4
2007	1.266.795	24,8	26,8	14,5
2008	1.174.970	-7,2	26,9	13,2

## 2.2. AEROPORTO DE VIGO (PEINADOR)

A segunda instalación aeroportuaria con maior crecemento acumulado no decenio 1998-2008, Peinador, foi utilizada o ano pasado (2008) por un total de 1.278.762 viaxeiros, un 9% menos que no exercicio precedente.

En todo o período 1990-2008, este aeroporto só presentou taxa de variación interanual negativa en tres ocasións: -4% en 1994; -1,5% en 2002; e -9% en 2008. Por contra, nesa mesma serie creceu a dobre dízito en cinco exercicios: 11,9% en 1996; 26,8% en 1997; 16,1% en 2000; 21,6% en 2005; e 18,3% en 2007.

A diferenza de Alvedro, o peso relativo de Peinador ten experimentado lixeiros incrementos desde o ano 1990. Daquela ponderaba o 25,6% sobre o conxunto dos aeroportos galegos e o 12,7% incluíndo tamén o aeroporto de referencia do norte de Portugal. Case vinte anos despois, o aeroporto de Vigo representa en viaxeiros o 29,3% do total galego e o 14,4% do conxunto da Eurorrexión.

**Cadro II. Evolución pasaxeiros aeroporto Vigo (1998-2008)**

	Peinador-Vigo	TV. anual Vigo	% Vigo r/ Galicia	% Vigo r/ Eurorrexión
1998	582.679	4,9	25,6	12,1
1999	621.488	6,7	24,7	11,6
2000	721.608	16,1	27,3	12,9
2001	790.540	9,6	29,0	14,4
2002	778.861	-1,5	30,5	15,0
2003	840.013	7,9	30,3	15,4
2004	911.975	8,6	29,6	15,1
2005	1.108.718	21,6	29,1	16,0
2006	1.188.046	7,2	28,3	15,6
2007	1.405.968	18,3	29,8	16,1
2008	1.278.762	-9,0	29,3	14,4

### 2.3. AEROPORTO DE SANTIAGO (LAVACOLLA)

Lavacolla, o aeroporto galego de referencia, rexistrou en 2008 un tráfico de 1.917.434 pasaxeiros. É dicir, non puido repetir o fito do exercicio anterior, no que superara -por primeira vez na súa historia- os 2 millóns de viaxeiros, e voltou a cifras comparábeis ás de 2006. En termos porcentuais, o aeroporto de Santiago decreceu o ano pasado nun 6,5%. A taxa de variación negativa non se producía desde os anos 2001 e 2002, cando o sector aeronáutico vivía inmerso na crise derivada dos atentados terroristas do 11-S.

No trienio de recuperación mundial do transporte aéreo, Lavacolla erixiuse no aeroporto do noroeste peninsular máis rápido en espertar da crise.

De feito, converteuse na única destas catro instalacións que medrou a dobre díxito no período 2003-2005: 11,4% de crecemento de pasaxeiros no 2003; 14,4% no 2004; e 16,6% no 2005.

Á hora de analizar o peso relativo que ten Santiago sobre o sistema aeroportuario de Galicia e da Eurorrexión, comprobamos que a traxectoria é inversa á de Alvedro.

En 2008, Lavacolla foi empregado polo 43,9% dos viaxeiros que utilizaron algún dos aeroportos galegos, e polo 21,5% si estendemos a comparativa á rede dos catro aeroportos do espazo Galicia-Norte de Portugal.



Cadro III. Evolución pasaxeiros aeroporto Santiago (1998-2008)

	Lavacolla-Santiago	TV. anual Santiago	% Santiago r/ Galicia	% Santiago r/ Eurorrexión
1998	1.254.494	-6,9	55,1	26,0
1999	1.399.267	11,5	55,7	26,2
2000	1.334.550	-4,6	50,5	23,9
2001	1.281.334	-4,0	47,0	23,3
2002	1.240.730	-3,2	48,6	23,9
2003	1.381.826	11,4	49,9	25,4
2004	1.580.494	14,4	51,3	26,2
2005	1.843.211	16,6	48,5	26,7
2006	1.994.519	8,2	47,5	26,2
2007	2.050.172	2,8	43,4	23,5
2008	1.917.434	-6,5	43,9	21,5

No ano 1990, Lavacolla xeraba o 67,5% do tráfico de pasaxeiros dos aeroportos galegos e xustamente a terceira parte (33,3%) do conxunto da Eurorexión. O exercicio de 2001 foi o primeiro no que esta instalación tivo, sobre o total de Galicia, un peso relativo inferior ao 50%.

Aínda así, en 2004 voltou aos niveis de cuota de mercado superior ao 50% (en concreto, ponderou o 51,3%). Pero foi un sinxelo espellismo. O moderado incremento de pasaxeiros que se deu nos anos 2005, 2006 e 2007 non impediu a perda de peso relativo, xa que os aeroportos do contorno creceron en proporcións superiores ás de Lavacolla.

## 2.4. AEROPORTO DE PORTO ("FRANCISCO SÁ CARNEIRO")

Nos dous últimos anos, 2007 e 2008, o aeroporto "Francisco Sá Carneiro" rexistrou o maior crecemento de viaxeiros de toda a serie histórica 1990-2008. Nun só bienio gañou 1.132.000 usuarios, que é a diferenza existente entre os 3,4 millóns de pasaxeiros do ano 2006 e os algo máis de 4,5 millóns contabilizados en 2008 (para ser precisos, 4.534.829).

Pero a traxectoria positiva do aeroporto de Porto non se limita ao recente bienio. Si en dous anos gañou 1,13 millóns de usuarios, a tres anos acumula un crecemento de 1,43 millóns e a dez anos de preto de dous millóns de usuarios (en concreto, 1.994.692).

**Cadro IV. Evolución pasaxeiros aeroporto Porto (1998-2008)**

	“Sà Carneiro” Porto	TV. anual Porto	% Porto r/ Eurorrexión
1998	2.540.137	11,2	52,7
1999	2.832.722	11,5	53,0
2000	2.938.118	3,7	52,6
2001	2.771.169	-5,7	50,4
2002	2.633.380	-5,0	50,8
2003	2.675.753	1,6	49,1
2004	2.944.135	10,0	48,9
2005	3.108.137	5,6	45,0
2006	3.402.816	9,5	44,8
2007	3.986.748	17,2	45,8
<b>2008</b>	<b>4.534.829</b>	<b>13,7</b>	<b>50,9</b>

En toda a serie analizada (1990-2008), o aeroporto luso só presenta dous exercicios con taxa de variación interanual negativa, 2001 e 2002. Esta coincidencia permite afirmar que, de non desatarse a crise aeronáutica posterior aos atentados do 11-S, o “Sá Carneiro” tería o privilexio de acumular crecementos ininterrompidos en dúas décadas.

## 2.5. A COMPARATIVA GALICIA-OPORTO

A suma das estatísticas dos tres aeroportos galegos arroxou en 2008 a cifra de 4.371.166 pasaxeiros, case o triplo que a comezos dos anos noventa. E en dez anos, entre 1998 e 2008, duplicouse o número de usuarios da rede galega aeroportuaria.

O total de usuarios de Lavacolla, Alvedro e Peinador estivo en 2008 por debaixo da estatística anual de Porto. Para ser precisos, o diferencial a favor do “Sá Carneiro” foi de 163.663 pasaxeiros, cifra que en termos porcentuais equivale ao 3,74%.


No exercicio anterior, en 2007, a suma de viaxeiros dos tres centros galegos foi superior á que acumulou Porto neses doce meses: 4,37 millóns en Galicia fronte a 3,99 millóns no aeroporto de referencia do norte de Portugal. En termos porcentuais, a vantaxe galega cifrouse no 18,5%.



Un ano máis tarde, ese diferencial positivo próximo aos vinte puntos transformouse nun diferencial negativo de preto de catro puntos porcentuais. As estatísticas de 2008 poñen de manifesto que a crise económica só lle pasou factura aos aeroportos galegos, que de media perderon un 7,4% de pasaxeiros con respecto ao excelente exercicio de 2007.

A diferenza de Lavacolla, de Alvedro e de Peinador, as instalacións do renovado “Sá Carneiro” saldaron o primeiro ano da crise económica (2008) cun destacado reponte de viaxeiros (+13,7%) e cun novo récord de usuarios (por enriba dos 4,5 millóns).

No seguinte gráfico pode observarse a tendencia ascendente do aeroporto de Porto, instalado no dobre díxito de crecemento anual.



Pola contra, a rede aeroportuaria galega describe unha tendencia case plana, con lixeira desaceleración desde o ano 2004 e cunha pronunciada caída en 2008, polos efectos da crise económica e por unha combinación de efectos endóxenos: supresión de liñas e destinos, perda de tráfico internacional e baixada de actividade das compañías “low cost” (as grandes protagonistas do crecemento dos aeroportos galegos no período 2003-2007, no que a taxa de variación anual de pasaxeiros nunca estivo por debaixo do +8,5%).


Un dos contados rexistros que continúa a ser favorable para a rede galega de aeroportos é o do crecemento acumulado anual. Entre 1998 e 2008, os aeroportos galegos asinaron un crecemento medio anual do 7,1%, fronte ao 6,2%

de Porto. No tocante á ponderación sobre o conxunto da rede aeroportuaria da Eurorrexión, Porto asina a situación máis peculiar. Esta análise refenda que o exercicio de 2008 foi especialmente significativo para as ampliadas instalacións da segunda capital portuguesa.

Logo de completar a fase máis voluminosa do seu plan de investimento, este aeroporto devolveulle á Rexión Norte a hexemonía do tráfico aéreo de toda a Eurorrexión. En 2008, o peso relativo do “Sá Carneiro” rozou o 51%. Ou dito doutro xeito, este ampliado aeroporto transportou máis pasaxeiros que Lavacolla, Alvedro e Peinador xuntos.

En resumo, nun só ano pulverizouse a recuperación do peso relativo dos aeroportos galegos, que só dous anos atrás, en 2006, asinaron a ponderación máis alta de toda a serie histórica: o 55,2% de peso relativo.

Gráfico III



Sen embargo, a actual supremacía lusa é similar á que se daba no ano 1990, cando Porto tiña unha ponderación do 50,6%. No medio houbo etapas con prevaenza da rede galega de aeroportos, tal e como aconteceu nos anos 1996 e 1997, así como dun xeito continuado entre 2003 e 2007.

## 2.6. OS AEROPORTOS DA EURORREXIÓN DENTRO DO SISTEMA AEROPORTUARIO PENINSULAR

O maior aeroporto da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o “Sá Carneiro”, ocupou en 2008 o noveno posto no conxunto do sistema aeroportuario da Eurorrexión. Con máis de 4,5 millóns de pasaxeiros transportados, só figura





por detrás de Madrid (50,8 millóns), Barcelona (30,2 millóns), Lisboa (13,6 millóns), Málaga (12,8 millóns), Alacante (9,6 millóns), Valencia (5,8 millóns), Girona (5,5 millóns) e Faro (5,4 millóns).

Si incluímos os aeroportos insulares, descende ata a posición 14ª, xa que o ano pasado estiveron por diante de Porto as instalacións de Palma de Mallorca (22,8 millóns), Gran Canaria (10,2 millóns), Tenerife Sur (8,3 millóns), Lanzarote (5,4 millóns) e Ibiza (4,6 millóns).

Para atopar o primeiro aeroporto galego no ránking de pasaxeiros da Península Ibérica, só hai que descender dúas posicións con respecto ao “Sá Carneiro”. Lavacolla figura no posto 11º. Entre Santiago e Porto posicionáronse Sevilla (4,4 millóns) e Bilbao (4,2 millóns).

Ao estender a comparativa máis aló do territorio peninsular, Lavacolla descende ata o vixésimo posto, ao verse superado en tráfico de pasaxeiros por outros tres aeroportos que operan nas illas: Fuerteventura (4,5 millóns), Tenerife Norte (4,2 millóns) e Menorca (2,6 millóns).

Pola súa banda, Peinador foi en 2008 o 18º aeroporto peninsular en número de viaxeiros transportados e o 25º incluíndo ás instalacións ubicadas nas illas atlánticas e mediterráneas. Mentres, Alvedro ocupou os postos 19º e 26º, respectivamente.

No 2008, os tres aeroportos galegos tiveron un comportamento peor que a media da rede xestionada por AENA. Mentres o sistema aeroportuario español perdeu un 3,2% de pasaxeiros con respecto a 2007, os descensos en Galicia duplicaron ou mesmo triplicaron ese recorte: -6,5% Santiago; -7,2% A Coruña; -9% Vigo; e -7,4% de media galega.

Cabe reiterar que o comportamento do “Sá Carneiro” estivo moi alonxado do que se produciu en Galicia e no conxunto de España. Cambiou os números roxos pola cor verde e contestou a crise económica co citado reponte de case o 14%.

Ese crecemento case quintuplica ao da media dos aeroportos de toda a rede portuguesa (ANA), que captaron un 3% máis de pasaxeiros que en 2007. En Lisboa, o incremento de usuarios limitouse ao 1,6%, mentres que en Faro e nas Azores houbo descensos do 0,4% e do 1,3%, debido á redución de emisores

dos grandes mercados europeos, especialmente do Reino Unido, onde á crise económica sumouse a perda de poder da libra esterlina fronte ao euro.

En comparación cos 47 aeroportos españois, os rexistros do “Sá Carneiro” só son comparábeis aos que se deron nas tres únicas cidades de España nas que houbo crecemento de pasaxeiros a dobre díxito: Santander (12,4%), Gerona (13,6%) e Zaragoza (16,2%).

En tempos de crise económica e de contrición do tráfico aéreo en Europa, o organismo xestor Aeroportos de Portugal (ANA) define o período 2006-2008 como o “trienio virtuoso”. E non é para menos.

Os aeroportos da ANA medraron de media un 8,7% en 2006, un 9,4% en 2007 e un 3,2% en 2008. Nos tres exercicios son incrementos moi superiores aos que se deron no espazo aéreo europeo, xa que segundo datos de ACI Europa os avances medios quedaron reducidos ao 5,2% en 2006, ao 6,5% en 2007 e ao 0,3% en 2008.

Mentres, a rede española de aeroportos rexistrou aumentos de pasaxeiros en 2006 (do 6,8%) e 2007 (do 8,8%), e o xa comentado descenso do 3,2% en 2008.

Dirixindo de novo a análise cara territorio portugués, cabe indicar que o “Sá Carneiro” foi a instalación que contribuíu en maior medida ao empuxe dos aeroportos da rede ANA, ao acadar entre 2006 e 2008 unha taxa media de crecemento do 15,4%, moi superior aos rexistros de Lisboa (5,1%), Faro (3,5%) e Azores (0,9%).

En valores absolutos, Porto gañou no último bienio algo máis de 1,1 millóns de usuarios, cifra que non está lonxe da lograda por Lisboa (1,3 millóns de incremento) no mesmo período.

A taxa de crecemento medio anual do “Sá Carneiro”, entre os anos 2006 e 2008, tamén se desmarca claramente das medias galegas: -1,8% en Santiago, 8,8% en A Coruña, 4,6% en Vigo e 2,5% no conxunto de Galicia.

En total, os aeroportos da Eurorexión arrojan un crecemento de pasaxeiros do 8,4%, grazas ao crecemento sostido de Porto nos dous últimos anos.

Si ampliamos esta mesma análise a dez anos, os aeroportos galegos non saen mal parados fronte ao de Porto. Así, as cifras de crecemento acumulado



anual ao longo do decenio 1998-2008 son as seguintes: Santiago, 4,7%; Vigo, 8,5%; A Coruña, 11,6%; Galicia, 7,1%; Porto, 6,2%; e Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, 6,5%.

Con respecto ao total de viaxeiros da rede de aeroportos xestionados por AENA e máis pola ANA, as catro instalacións da Eurorrexión xeraron o 3,9% de todo o tráfico aéreo.

De xeito individual, Porto representa o 18,2% do tráfico aéreo de Portugal e o 2% do conxunto da Península Ibérica. As proporcións que asinan os aeroportos de Galicia son as seguintes: Santiago, ó 0,95% do total de España e ó 0,84% do conxunto da Península; Vigo, ó 0,63 e ó 0,56%; e A Coruña, ó 0,58% e ó 0,51%, respectivamente.

### 3. EVOLUCIÓN DO TRÁFICO DE MERCADORÍAS

O tráfico de mercadorías é a asignatura pendente dos aeroportos da Eurorrexión, e nomeadamente dos galegos. A suma do movemento de cargas das catro instalacións arroxo, en 2008, un resultado de 40.831 toneladas, o que tan só representa o 5,3% do mercado ibérico.

Ademais, no pasado exercicio houbo taxa de variación interanual negativa, aínda que con menor recorte de actividade que en 2007: -0,7% fronte a -1,9%. Un ano antes, no 2006, os aeroportos da Eurorrexión protagonizaron o maior salto de toda a década no apartado de cargas, ao crecer un 24,5% o número de toneladas transportadas (ata rexistrar un movemento total de preto de 42.000 toneladas).


Con todo, o crecemento anual acumulado no período 2000-2008 ten saldo negativo, xa que, de media, a taxa cifrouse en -2,2%. De feito, o rexistro de toneladas do ano 2008 (40.831) está lonxe do que corresponde ao ano 2000 (51.663 toneladas).

Si establecemos a base 100 no ano 2000, podemos observar que as catro instalacións da Eurorrexión están hoxe moi alonxadas da citada base. Só Porto conserva boa parte do terreo (case ó 90%), mentres que os aeroportos galegos perderon máis do 50% da actividade de cargas que tiñan a comezos desta década.

Grazas á resistencia de Porto, a Eurorrexión no seu conxunto non reproduce o descalabro de Santiago, de A Coruña e de Vigo. O tráfico de mercadorías do ano 2008 representa o 79% do que se rexistrou no 2000. E desde 2006, a traxectoria é plana.

Como se pode apreciar no Gráfico IV, a traza descendente é a característica común en toda a rede aeroportuaria da Eurorrexión. En ningún caso, o rexistro de mercadorías transportadas no ano 2008 está por enriba do que corresponde ao ano 2000.

Gráfico IV



En canto a infraestruturas de carga, Lavacolla conta con dúas naves, a primeira de 3.500 m<sup>2</sup> e a segunda de 1.800 m<sup>2</sup>. As tres compañías que sustentan o tráfico de mercadorías en Santiago son Ibexpres, Deltacargo e Cacesa.

Pola súa banda, as dotacións de Peinador non se adaptan á puxanza do maior núcleo industrial de Galicia. A terminal de mercadorías só dispón dunha nave de 1.700 m<sup>2</sup>. Os operadores son Cacesa e Transportes Rápidos de Vigo.


Finalmente, a terminal de mercadorías de Alvedro limita o seu espazo efectivo a unha superficie comparable á dunha vivenda unifamiliar ou á suma de dous pisos de tamaño medio: 145 m<sup>2</sup>. A única compañía con presenza continuada é Cacesa.

Con estas infraestruturas, non pode sorprender a escasa participación que teñen os aeroportos galegos no tráfico de mercadorías. A suma de Lavacolla,



Alvedro e Peinador só xera o 10% das cargas totais da Eurorrexión, cando a comezos desta década asinaban a quinta parte dos movementos.

Gráfico V



Ao igual que acontece coa evolución das cargas no conxunto da Eurorrexión, en Galicia ningún dos tres aeroportos mantivo unha tendencia clara nos últimos anos. A exercicios de forte crecemento seguiron outros de moderados descensos na actividade.

### 3.1. AEROPORTO DE SANTIAGO: CARGAS

O aeroporto de Lavacolla define con claridade o pouco peso que ten o transporte de mercadorías dentro dos plans directores e do modelo de estratexia comercial polo que aposta, no seu conxunto, a rede aeroportuaria da Eurorrexión.

No ano 2000, o aeroporto compostelán moveu 6.739 toneladas. Oito anos despois, a estatística de mercadorías fréase en 2.419 toneladas. É dicir, entre os anos 2000 e 2008 esta actividade diluíuse a un ritmo do 11,3% anual.

O resultado reflicte que Lavacolla só conservou en 2008 a terceira parte (en concreto o 35,9%) da actividade de cargas que tiña no ano 2000. Con pouco máis de 2.400 toneladas, só pondera ó 0,4% sobre o total dos 47 aeroportos xestionados por AENA e a penas ostenta ó 0,3% do mercado ibérico. Dentro da Eurorrexión, o seu peso relativo achégase ao 6%.

No ano 2006, a terminal santiaguesa de cargas perdeu a terceira parte da súa actividade. Nese exercicio, a taxa de variación cifrouse en -32%. Ademais, foi continuidade da do ano precedente, que tamén tivo un acentuado signo negativo: -22,9%.

É dicir, no fatídico bienio 2005-2006, Lavacolla pulverizou máis da metade da súa actividade no tráfico de mercadorías. De ter conservado o volume de toneladas do ano 2004, cando andaba no contorno das 5.000, hoxe estaría entre os doce ou trece aeroportos españois máis activos en cargas.

